Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 29/08/2019 05:35:00
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 521
29 de agosto de 2019

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Resolución da Presidencia pola que se cualifican e admiten a trámite os documentos presentados no Rexistro da Cámara no período comprendido entre os días 31 de xullo e 27 de agosto de 2019, ambos incluídos, da que se dará conta na próxima reunión da Mesa

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

53868 (10/PNP-003989)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 14 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes 169009

54185 (10/PNP-004018)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 17 máis
Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia da súa defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada. (Procedemento de urxencia) 169013

Admisión a trámite e publicación

53071 (10/PNP-003955)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio das actuacións necesarias destinadas a solucionar as carencias detectadas na Unidade Coronaria do CHUO 169017

53073 (10/PNP-003956)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a planificación polo Sergas da cobertura das urxencias médicas nos puntos de atención continuada 169019

53083 (10/PNP-003957)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que posibilite a Navantia-Ferrol a construción dun novo buque loxístico (AOR) e reprograme o plan de traballo das cinco fragatas F-110 encargadas pola Armada española para adiantar o comezo do corte de chapa, previsto para comezos de 2020 169022

53085 (10/PNP-003958)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado da adopción de medidas tendentes á adaptación á Directiva de emisións industriais da Unión Europea para as centrais térmicas de carbón de importación 169025

53087 (10/PNP-003959)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis
Sobre a adopción polo Goberno de Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción 169028

53132 (10/PNP-003960)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas 169031

53255 (10/PNP-003961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adscrición ao Sistema universitario galego das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto disto 169036

53327 (10/PNP-003962)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o emprego de estratexias non letais para o control da fauna silvestre 169039

53340 (10/PNP-003963)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento para que axilice a licitación das obras do enlace orbital de Santiago de Compostela 169043

53346 (10/PNP-003964)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que as convocatorias de emprego público no ensino respondan ás necesidades reais 169046

53365 (10/PNP-003965)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento para axilizar a autorización necesaria para a conexión da prolongación da Vía Ártabra coa autoestrada AP-9 169049

53369 (10/PNP-003966)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos do ano 2020 unha partida económica específica para o impulso da variante de Carballo e dialogar cos axentes locais de Carballo e Coristanco respecto do desenvolvemento das distintas fases da infraestrutura 169053

53392 (10/PNP-003967)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de promoción das escolas unitarias e un plan específico de ensino rural 169056

53473 (10/PNP-003968)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que paralice a realización das obras do parque eólico Serra de Oribio 169060

53506 (10/PNP-003969)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as condicións salariais e laborais das brigadas municipais de prevención e extinción de incendios 169065

53536 (10/PNP-003970)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa conexión da Vía Ártabra coa A-6 169068

53573 (10/PNP-003971)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avaliar e mellorar a atención psiquiátrica e psicolóxica que presta o Sergas 169071

53582 (10/PNP-003972)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar urxentemente a dragaxe do Porto Chico de Foz 169075

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53599 (10/PNP-003973)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a protección e conservación do Souto de Rozabales 169077

53616 (10/PNP-003974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un informe sobre o impacto en Galicia do mercado de emisións de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de minorar o seu efecto na industria 169080

53642 (10/PNP-003975)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha mesa polo ensino rural en orde a acadar acordos que fagan retroceder a redución de recursos educativos no medio rural e a elaborar un plan de educación específico para o rural 169084

53670 (10/PNP-003976)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza a fin de que se corrixan os topónimos galegos da lista de persoas falecidas nos campos de concentración de Mauthausen e Gusen 169087

53689 (10/PNP-003977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto 169090

53709 (10/PNP-003978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para investigar e explicar as razóns polas que non se ampliou o Servizo de Radioloxía do Complexo Hospitalario de Ourense, e proceder á reforma dos espazos e á actualización de equipos 169093

53714 (10/PNP-003979)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación 169097

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53718 (10/PNP-003980)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rescindir o convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Exército español para tarefas de extinción de incendios
169100

53744 (10/PNP-003981)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para favorecer a celebración de procesos selectivos centralizados nos corpos de policía local de Galicia 169102

53787 (10/PNP-003982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co programa Estrela PluriFP 169104

53793 (10/PNP-003983)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incentivar a participación dos centros no programa Introdución á robótica educativa en primaria e avaliar os seus resultados
169107

53803 (10/PNP-003984)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención sociosanitaria das persoas maiores e o apoio ás familias 169109

53807 (10/PNP-003985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a articulación das medidas oportunas para a cobertura de vacantes e o incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia e do Corpo Nacional de Policía en Galicia
169116

53821 (10/PNP-003986)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Parlamento de Galicia para solicitar do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza 169118

53858 (10/PNP-003987)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a prestación do servizo de pediatría con profesionais suficientes nos concellos da montaña lucense 169120

53863 (10/PNP-003988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para institucionalizar o Día da Galicia Mártir co fin de honrar e rehabilitar a figura de Alexandre Bóveda e a todas as persoas perseguidas polo franquismo en Galicia 169122

53870 (10/PNP-003990)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria da poboación da zona da serra dos Ancares e dotar o Centro de Saúde de Navia de Suarna dos medios persoais e materiais necesarios 169127

53875 (10/PNP-003991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o financiamento da recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola que favorezan a súa reciclaxe, así como acondicionar os puntos de amoreamento 169130

53890 (10/PNP-003992)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe 169134

53907 (10/PNP-003993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento, conservación e rehabilitación das pallozas 169140

53915 (10/PNP-003995)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 169143

53946 (10/PNP-003996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación económica de Ourense 169146

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53969 (10/PNP-003997)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos comedores escolares 169150

53977 (10/PNP-003998)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente 169154

53998 (10/PNP-003999)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incorporar a titulacións universitarias impartidas no Sistema universitario galego os requisitos establecidos pola Directiva 2014/65/UE, do 15 de marzo, sobre mercados de instrumentos financeiros 169156

54003 (10/PNP-004000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a que se permita a visita pública e gratuíta ao pazo de Meirás catro días ao mes e un mínimo de catro horas ao día e a que non se utilice para facer apoloxía da ditadura franquista 169161

54018 (10/PNP-004001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego diante do anuncio do Ministerio de Fomento de cobrar peaxe nas autovías, así como para conseguir a transferencia da titularidade da AP-9 169163

54028 (10/PNP-004002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa problemática das traballadoras e traballadores afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede das empresas de telefonía R Cable e Euskaltel 169168

54032 (10/PNP-004003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións 169172

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

54041 (10/PNP-004004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no informe relativo aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016 169176

54051 (10/PNP-004005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas 169180

54056 (10/PNP-004006)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e do Courel 169186

54064 (10/PNP-004007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da débeda pública galega 169190

54078 (10/PNP-004008)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solucionar a situación dos traballadores da seguridade privada dos hospitais públicos comarcais de Verín e Valdeorras 169195

54084 (10/PNP-004009)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para loitar contra a contaminación dos acuíferos da Limia 169198

54088 (10/PNP-004010)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación dos encoros por cianobacterias 169201

54098 (10/PNP-004011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense 169204

54122 (10/PNP-004012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno do Estado a creación dunha titulación de formación profesional que se axuste ás ensinanzas de cantería e o recoñecemento oficial dos títulos expedidos polas escolas de cantería 169208

54127 (10/PNP-004013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para exercer como mediadora entre Abanca e os posibles investidores en Isowat a prol da continuidade da fábrica 169210

54134 (10/PNP-004014)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para o establecemento duna política máis eficaz de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas 169213

54145 (10/PNP-004015)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para informar o Parlamento de Galicia respecto de diversas cuestións que afectan a sanidade e saúde públicas 169215

54148 (10/PNP-004016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a publicación da listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica e o estudo das vías legais para a súa nulidade, así como para promover a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público que se atopen en Galicia 169220

54175 (10/PNP-004017)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas intencións de venda de Ferroatlántica a un fondo estadounidense e o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto das condicións das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos 169224

54188 (10/PNP-004019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, o mantemento do emprego e da actividade industrial na factoría de Alcoa en San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega
169228

Admisión da retirada e publicación do acordo

52519 (10/PNP-003925)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa denegación a un menor con trastornos do espectro autista dunha praza nun campamento de verán polo colexio onde estuda 169232

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

54163 (10/CPP-000106)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Grupo Parlamentario Mixto
Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición do G.P. de En Marea, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. Mixto, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á Illa de Ons, no parque das Illas Atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade
169233

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

53064 (10/INT-001764)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que ten pensado levar a cabo o Sergas tendentes a diminuír as reclamacións e sentenzas por responsabilidade patrimonial derivadas da súa actuación 169235

53100 (10/INT-001765)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento do modelo de xestión de asistencia sanitaria de Povisa 169241

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53240 (10/INT-001767)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a modificación por parte da Xunta de Galicia dos baremos para o concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia 169244

53251 (10/INT-001768)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a redución de persoal para as ambulancias de Foz, de Monforte e do Salnés 169246

53253 (10/INT-001769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adscrición ao Sistema universitario galego das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto disto 169248

53273 (10/INT-001770)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da política laboral no Servizo Galego de Saúde 169251

53337 (10/INT-001771)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da oferta pública de emprego para o ensino 169254

53354 (10/INT-001772)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a implantación dalgunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, en especial sobre a falta de adherencia por cuestións de pobreza 169257

53381 (10/INT-001773)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consideración da Xunta de Galicia respecto do modelo de xestión na prestación do servizo de transporte sanitario de emerxencias 169259

53387 (10/INT-001774)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a política do Goberno galego en relación co ensino público para o rural 169262

53153 (10/INT-001775)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos puntos de atención continuada 169265

53519 (10/INT-001776)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a valoración polo Sergas das condicións laborais do persoal de enfermaría 169267

53530 (10/INT-001777)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o desenvolvemento das axudas ao alugamento previstas no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021 169271

53614 (10/INT-001778)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co mercado de emisións de gases de efecto invernadoiro 169275

53621 (10/INT-001779)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia 169279

53645 (10/INT-001780)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención educativa no medio rural 169283

53789 (10/INT-001781)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a educación plurilingüe na formación profesional 169286

53795 (10/INT-001782)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a educación dixital nos centros de primaria de Galicia 169289

53861 (10/INT-001783)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a institucionalización do Día da Galicia Mártir e a honra da figura de Alexandre Bóveda 169291

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

53873 (10/INT-001784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de transporte e recollida de plásticos de uso agrícola 169296

53905 (10/INT-001785)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para a conservación, mantemento e rehabilitación das pallozas 169299

53912 (10/INT-001786)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego 169302

53917 (10/INT-001787)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación coa aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 169305

53944 (10/INT-001788)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que prevé levar a cabo o Goberno galego para paliar a situación demográfica de Ourense 169308

53970 (10/INT-001789)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o modelo de xestión dos comedores escolares 169312

53983 (10/INT-001790)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do código de boas prácticas bancarias e da transposición da MIFID (Directiva 2014/65/UE, sobre mercados de instrumentos financeiros) 169315

53999 (10/INT-001791)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario galego público para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias 169320

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

54005 (10/INT-001792)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a obriga que teñen os bens declarados BIC de permitir a súa visita polo menos catro días ao mes e durante un mínimo de catro horas 169325

54014 (10/INT-001793)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o cobro de peaxes nas autovías 169328

54026 (10/INT-001794)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a problemática das traballadoras e traballadores afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede das empresas de telefonía R Cable e Euskaltel 169333

54034 (10/INT-001795)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a situación dos estudos de mestrado do Sistema universitario de Galicia 169337

54049 (10/INT-001796)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre que valoración fai o Goberno galego dos datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018 169341

54058 (10/INT-001797)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e do Courel 169346

54093 (10/INT-001798)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a repercusión en Galicia da reestruturación financeira da última década 169350

54102 (10/INT-001800)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as políticas de mobilidade de terras do Goberno galego 169353

54115 (10/INT-001801)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a normativa de acceso para os residentes e as actuacións e investimentos necesarios na illa de Ons 169357

54133 (10/INT-001802)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre o impacto en Galicia do proceso de reestruturación do Banco Santander 169361

54136 (10/INT-001803)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre a consolidación do tecido económico de Galicia a través da política de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas 169363

54151 (10/INT-001804)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa católica 169366

54170 (10/INT-001806)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a política do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda en alugueiro 169369

54173 (10/INT-001807)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas condicións das concesións das centrais hidroeléctricas 169372

54189 (10/INT-001808)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da industria electrointensiva 169377

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resolución da Presidencia pola que se cualifican e admiten a trámite os documentos presentados no Rexistro da Cámara no período comprendido entre os días 31 de xullo e 27 de agosto de 2019, ambos incluídos, da que se dará conta na próxima reunión da Mesa

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 53868 (10/PNP-003989)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 14 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes

- 54185 (10/PNP-004018)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 17 máis
Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia da súa defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada. (Procedemento de urxencia)

Admisión a trámite e publicación

- 53071 (10/PNP-003955)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio das actuacións necesarias destinadas a solucionar as carencias detectadas na Unidade Coronaria do CHUO

- 53073 (10/PNP-003956)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a planificación polo Sergas da cobertura das urxencias médicas nos puntos de atención continuada

A Mesa acorda admitila a trámite coa incorporación na parte resolutiva *ab initio* do inciso «O Parlamento de Galicia insta a»

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53083 (10/PNP-003957)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que posibilite a Navantia-Ferrol a construción dun novo buque loxístico (AOR) e reprograme o plan de traballo das cinco fragatas F-110 encargadas pola Armada española para adiantar o comezo do corte de chapa, previsto para comezos de 2020

- 53085 (10/PNP-003958)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado da adopción de medidas tendentes á adaptación á Directiva de emisións industriais da Unión Europea para as centrais térmicas de carbón de importación

- 53087 (10/PNP-003959)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis
Sobre a adopción polo Goberno de Estado das medidas necesarias para impulsar e promover a industria da automoción

- 53132 (10/PNP-003960)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

- 53255 (10/PNP-003961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adscrición ao Sistema universitario galego das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto disto

- 53327 (10/PNP-003962)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o emprego de estratexias non letais para o control da fauna silvestre

- 53340 (10/PNP-003963)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento para que axilice a licitación das obras do enlace orbital de Santiago de Compostela

- 53346 (10/PNP-003964)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que as convocatorias de emprego público no ensino respondan ás necesidades reais

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53365 (10/PNP-003965)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 8 máis
Sobre a demanda ao Ministerio de Fomento para axilizar a autorización necesaria para a conexión da prolongación da Vía Ártabra coa autoestrada AP-9

- 53369 (10/PNP-003966)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos do ano 2020 unha partida económica específica para o impulso da variante de Carballo e dialogar cos axentes locais de Carballo e Coristanco respecto do desenvolvemento das distintas fases da infraestrutura

- 53392 (10/PNP-003967)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de promoción das escolas unitarias e un plan específico de ensino rural

- 53473 (10/PNP-003968)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que paralice a realización das obras do parque eólico Serra de Oribio

- 53506 (10/PNP-003969)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as condicións salariais e laborais das brigadas municipais de prevención e extinción de incendios

- 53536 (10/PNP-003970)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa conexión da Vía Ártabra coa A-6

- 53573 (10/PNP-003971)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avaliar e mellorar a atención psiquiátrica e psicolóxica que presta o Sergas

- 53582 (10/PNP-003972)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para licitar urxentemente a dragaxe do Porto Chico de Foz

- 53599 (10/PNP-003973)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a protección e conservación do Souto de Rozabales

- 53616 (10/PNP-003974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un informe sobre o impacto en Galicia do mercado de emisións de gases de efecto invernadoiro, co obxectivo de minorar o seu efecto na industria

- 53642 (10/PNP-003975)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar unha mesa polo ensino rural en orde a acadar acordos que fagan retroceder a redución de recursos educativos no medio rural e a elaborar un plan de educación específico para o rural

- 53670 (10/PNP-003976)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza a fin de que se corrixan os topónimos galegos da lista de persoas falecidas nos campos de concentración de Mauthausen e Gusen

- 53689 (10/PNP-003977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto

- 53709 (10/PNP-003978)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para investigar e explicar as razóns polas que non se ampliou o Servizo de Radioloxía do Complexo Hospitalario de Ourense, e proceder á reforma dos espazos e á actualización de equipos

- 53714 (10/PNP-003979)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e impedir a súa instalación

- 53718 (10/PNP-003980)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rescindir o convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Exército español para tarefas de extinción de incendios

- 53744 (10/PNP-003981)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para favorecer a celebración de procesos selectivos centralizados nos corpos de policía local de Galicia

- 53787 (10/PNP-003982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co programa Estrela PluriFP

- 53793 (10/PNP-003983)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incentivar a participación dos centros no programa Introdución á robótica educativa en primaria e avaliar os seus resultados

- 53803 (10/PNP-003984)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención sociosanitaria das persoas maiores e o apoio ás familias

- 53807 (10/PNP-003985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a articulación das medidas oportunas para a cobertura de vacantes e o incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia e do Corpo Nacional de Policía en Galicia

- 53821 (10/PNP-003986)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Parlamento de Galicia para solicitar do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa acorda admitila a trámite coa incorporación na parte resolutiva do inciso «Xunta de Galicia para que inste» entre «O Parlamento galego insta a» e «o Goberno do Estado».

- 53858 (10/PNP-003987)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a prestación do servizo de pediatría con profesionais suficientes nos concellos da montaña lucense

- 53863 (10/PNP-003988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para institucionalizar o Día da Galicia Mártir co fin de honrar e rehabilitar a figura de Alexandre Bóveda e a todas as persoas perseguidas polo franquismo en Galicia

- 53870 (10/PNP-003990)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria da poboación da zona da serra dos Ancares e dotar o Centro de Saúde de Navia de Suarna dos medios persoais e materiais necesarios

- 53875 (10/PNP-003991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o financiamento da recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola que favorezan a súa reciclaxe, así como acondicionar os puntos de amoreamento

- 53890 (10/PNP-003992)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe

- 53907 (10/PNP-003993)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento, conservación e rehabilitación das pallozas

- 53915 (10/PNP-003995)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia

- 53946 (10/PNP-003996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación económica de Ourense

- 53969 (10/PNP-003997)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos comedores escolares

- 53977 (10/PNP-003998)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente

- 53998 (10/PNP-003999)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incorporar a titulacións universitarias impartidas no Sistema universitario galego os requisitos establecidos pola Directiva 2014/65/UE, do 15 de marzo, sobre mercados de instrumentos financeiros

- 54003 (10/PNP-004000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia encamiñadas a que se permita a visita pública e gratuíta ao pazo de Meirás catro días ao mes e un mínimo de catro horas ao día e a que non se utilice para facer apoloxía da ditadura franquista

- 54018 (10/PNP-004001)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que deben realizar o Parlamento de Galicia e o Goberno galego diante do anuncio do Ministerio de Fomento de cobrar peaxe nas autovías, así como para conseguir a transferencia da titularidade da AP-9

- 54028 (10/PNP-004002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa problemática das traballadoras e traballadores afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede das empresas de telefonía R Cable e Euskaltel

- 54032 (10/PNP-004003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

- 54041 (10/PNP-004004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no informe relativo aos procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

- 54051 (10/PNP-004005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

- 54056 (10/PNP-004006)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e do Courel

- 54064 (10/PNP-004007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da débeda pública galega

- 54078 (10/PNP-004008)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solucionar a situación dos traballadores da seguridade privada dos hospitais públicos comarcais de Verín e Valdeorras

- 54084 (10/PNP-004009)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para loitar contra a contaminación dos acuíferos da Limia

- 54088 (10/PNP-004010)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar a contaminación dos encoros por cianobacterias

- 54098 (10/PNP-004011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense

- 54122 (10/PNP-004012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno do Estado a creación dunha titulación de formación profesional que se axuste ás ensinanzas de cantería e o recoñecemento oficial dos títulos expedidos polas escolas de cantería

- 54127 (10/PNP-004013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para exercer como mediadora entre Abanca e os posibles investidores en Isowat a prol da continuidade da fábrica

- 54134 (10/PNP-004014)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para o establecemento duna política máis eficaz de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas

- 54145 (10/PNP-004015)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para informar o Parlamento de Galicia respecto de diversas cuestións que afectan a sanidade e saúde públicas

- 54148 (10/PNP-004016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a publicación da listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica e o estudo das vías legais para

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a súa nulidade, así como para promover a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público que se atopen en Galicia

- 54175 (10/PNP-004017)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas intencións de venda de Ferroatlántica a un fondo estadounidense e o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto das condicións das concesións de aproveitamentos hidroeléctricos

- 54188 (10/PNP-004019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, o mantemento do emprego e da actividade industrial na factoría de Alcoa en San Cibrao, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 52519 (10/PNP-003925)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa denegación a un menor con trastornos do espectro autista dunha praza nun campamento de verán polo colexio onde estuda
BOPG n.º 508, do 19.07.2019

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 53958.

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 54163 (10/CPP-000106)
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Grupo Parlamentario Mixto
Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición do G.P. de En Marea, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e do G.P. Mixto, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á Illa de Ons, no parque das Illas Atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 53064 (10/INT-001764)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas que ten pensado levar a cabo o Sergas tendentes a diminuír as reclamacións e sentenzas por responsabilidade patrimonial derivadas da súa actuación

- 53100 (10/INT-001765)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento do modelo de xestión de asistencia sanitaria de Povisa

- 53240 (10/INT-001767)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a modificación por parte da Xunta de Galicia dos baremos para o concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia

- 53251 (10/INT-001768)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a redución de persoal para as ambulancias de Foz, de Monforte e do Salnés

- 53253 (10/INT-001769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adscrición ao Sistema universitario galego das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto disto

- 53273 (10/INT-001770)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da política laboral no Servizo Galego de Saúde

- 53337 (10/INT-001771)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da oferta pública de emprego para o ensino

- 53354 (10/INT-001772)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a implantación dalgunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, en especial sobre a falta de adherencia por cuestións de pobreza

- 53381 (10/INT-001773)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consideración da Xunta de Galicia respecto do modelo de xestión na prestación do servizo de transporte sanitario de emerxencias

- 53387 (10/INT-001774)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a política do Goberno galego en relación co ensino público para o rural

- 53153 (10/INT-001775)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos puntos de atención continuada

- 53519 (10/INT-001776)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a valoración polo Sergas das condicións laborais do persoal de enfermaría

- 53530 (10/INT-001777)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o desenvolvemento das axudas ao alugamento previstas no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021

- 53614 (10/INT-001778)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co mercado de emisións de gases de efecto invernadoiro

- 53621 (10/INT-001779)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia

- 53645 (10/INT-001780)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención educativa no medio rural

- 53789 (10/INT-001781)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a educación plurilingüe na formación profesional

- 53795 (10/INT-001782)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a educación dixital nos centros de primaria de Galicia

- 53861 (10/INT-001783)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a institucionalización do Día da Galicia Mártir e a honra da figura de Alexandre Bóveda

- 53873 (10/INT-001784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de transporte e recollida de plásticos de uso agrícola

- 53905 (10/INT-001785)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para a conservación, mantemento e rehabilitación das pallozas

- 53912 (10/INT-001786)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego

- 53917 (10/INT-001787)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación coa aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia

- 53944 (10/INT-001788)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas que prevé levar a cabo o Goberno galego para paliar a situación demográfica de Ourense

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 53970 (10/INT-001789)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o modelo de xestión dos comedores escolares

- 53983 (10/INT-001790)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do código de boas prácticas bancarias e da transposición da MIFID (Directiva 2014/65/UE, sobre mercados de instrumentos financeiros)

- 53999 (10/INT-001791)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario galego público para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias

- 54005 (10/INT-001792)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a obriga que teñen os bens declarados BIC de permitir a súa visita polo menos catro días ao mes e durante un mínimo de catro horas

- 54014 (10/INT-001793)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o cobro de peaxes nas autovías

- 54026 (10/INT-001794)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a problemática das traballadoras e traballadores afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede das empresas de telefonía R Cable e Euskaltel

- 54034 (10/INT-001795)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a situación dos estudos de mestrado do Sistema universitario de Galicia

- 54049 (10/INT-001796)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre que valoración fai o Goberno galego dos datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018

- 54058 (10/INT-001797)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura a reserva da biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e do Courel

- 54093 (10/INT-001798)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a repercusión en Galicia da reestruturación financeira da última década

- 54102 (10/INT-001800)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as políticas de mobilidade de terras do Goberno galego

- 54115 (10/INT-001801)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a normativa de acceso para os residentes e as actuacións e investimentos necesarios na illa de Ons

- 54133 (10/INT-001802)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre o impacto en Galicia do proceso de reestruturación do Banco Santander

- 54136 (10/INT-001803)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre a consolidación do tecido económico de Galicia a través da política de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas

- 54151 (10/INT-001804)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa católica

- 54170 (10/INT-001806)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a política do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda en alugueiro

- 54173 (10/INT-001807)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas condicións das concesións das centrais hidroeléctricas

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 54189 (10/INT-001808)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da industria electrointensiva

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019
Miguel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:16:12
Nº Rexistro: 53868
Data envio: 14/08/2019 10:16:12.973

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez Arias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Gonzalo Trenor López** e **Soraya Salorio Porral,** ao abeiro do disposto nos artigos, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión de vital importancia para Galicia.

Exposición de motivos:

Como é sabido, a central térmica das Pontes é o maior grupo termoeléctrico con carbón de España, cunha potencia instalada de 1.400 megavatios, que dá emprego a 750 persoas -entre empregos directos e traballadores da industria auxiliar e transportistas- e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano, a través da compra de bens, servizos e salarios.

Desde marzo de 2018 a instalación está inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros, para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria. De feito, tras as obras, a central cumplirá cos valores BREF (mellores técnicas dispoñibles) aínda máis esixentes.

A pesar de todo este esforzo, a realidade é que en 2019 a central está a sufrir un importante deterioro na súa produción, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que, en lugar de defender unha transición xusta e ordenada, avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Os datos son reveladores: en 2018 a central das Pontes produciu 8,0 TWh, consumindo 4,9 millóns de toneladas de carbón, sen embargo ata xuño deste ano a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súa produción só chegou aos 2,1 TWh tras dous meses de parálise case total de actividade (a día de hoxe xa son preto de catro meses). Así pois, a última previsión de produción feita por Endesa para todo 2019 sitúase en 2,6 TWh, xunto a un consumo de carbón de 1,7 millóns de toneladas, fronte a unha estimación inicial de 6,55 TWh e 2,9 millóns de toneladas.

Esta paralización xa ten graves consecuencias entre o colectivo de preto de 200 transportistas que trasladan o carbón desde o porto exterior de Ferrol a esta central, os cales teñen serias dificultades para afrontar os gastos despois de ter investidos máis de 10 millóns de euros na adaptación da frota ás necesidades requeridas por Endesa. Unha paralización que tamén empeza a afectar a toda a industria auxiliar vinculada á central térmica das Pontes.

A maiores, en outubro do ano pasado, a través da aprobación dun Real Decreto, o Goberno central, e unha vez que xa tiñan identificadas as empresas que decidiran comprometerse cos investimentos requeridos para adaptarse á Directiva de Emisións Industriais, retirou o imposto de hidrocarburos á produción eléctrica (coñecido como céntimo verde) á xeración con gas, pero non á xeración con carbón. Esta decisión rompeu claramente coa neutralidade tecnolóxica, prexudicando ás instalacións que empregan carbón, como é o caso das Pontes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar:

1º.- A supresión do céntimo verde para o carbón, ao igual que se ten realizado para outras tecnoloxías, como é o caso do gas, garantindo deste xeito a neutralidade tecnolóxica.

2º.- A adopción dun mecanismo de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas punta do sistema eléctrico.

3º.- O establecemento dunha exención das medidas fiscais preventivas na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, ás centrais térmicas de carbón de importación que estean en proceso de adaptación á Directiva de Emisións Industriais.

4º.- A fixación dunha retribución específica nos casos en que se estea utilizando, por exemplo, biomasa forestal para o funcionamento destas centrais térmicas.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:16:12
Nº Rexistro: 53868
Data envio: 14/08/2019 10:16:12.973

5º.- A súa participación na iniciativa conxunta que a Xunta de Galicia está a impulsar con sindicatos e axentes sociais e económicos na defensa dos intereses do emprego directo e indirecto vinculado á central térmica das Pontes, apostando así por unha transición enerxética xusta e ordenada".

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/08/2019 10:02:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/08/2019 10:02:21

Marta Novoa Iglesias na data 14/08/2019 10:02:54

José Manuel Rey Varela na data 14/08/2019 10:03:11

Diego Calvo Pouso na data 14/08/2019 10:03:31

Paula Prado Del Río na data 14/08/2019 10:03:47

Marta Rodriguez Arias na data 14/08/2019 10:04:05

Maria Antón Vilasánchez na data 14/08/2019 10:04:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 14/08/2019 10:05:09

Moisés Blanco Paradelo na data 14/08/2019 10:05:19

Cristina Isabel Romero Fernández na data 14/08/2019 10:05:44

Sandra Vázquez Dominguez na data 14/08/2019 10:06:05

Martín Fernández Prado na data 14/08/2019 10:06:33

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/08/2019 10:06:57

Gonzalo Trenor López na data 14/08/2019 10:07:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:16:12
Nº Rexistro: 53868
Data envio: 14/08/2019 10:16:12.973

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Soraya Salorio Porral na data 14/08/2019 10:08:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:37:10
Nº Rexistro: 54185
Data envio: 27/08/2019 12:37:10.292

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados **Gonzalo Trénor López, María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Rio, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Marián Garcia Miguez, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Carlos Gómez Salgado, Julia Rodríguez Barreira, Isabel Novo Fariña, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, Sandra Vázquez Domínguez, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar e Jaime Castiñeira Broz** ao abeiro do disposto no artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven xustificada pola necesidade de obter un pronunciamento claro da vontade deste Parlamento ante un obxectivo estratéxico para Galicia que vén de ser posto en cuestión recentemente por determinadas figuras políticas da nosa Comunidade.

Exposición de motivos

En febreiro de 2018, a Xunta rexistraba ante a UNESCO a candidatura de Illas Cíes – Parque Nacional Illas Atlánticas a Patrimonio da Humanidade. Dita candidatura presta atención singular ao indubidable valor das Illas Cíes pero dentro do excepcional conxunto que conforma o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Considerou a Xunta que os valores que deben promover a declaración como Patrimonio Mundial son os mesmos que impulsaron a declaración conxunta destas illas como Parque Nacional. O proceso de creación deste Parque Nacional contou co apoio unánime do Parlamento de Galicia na remisión ao Congreso da súa lei de creación. De feito, as obxeccións dos grupos da oposición, lonxe de ir no camiño de restrinxir a extensión do Parque ían, polo contrario, no camiño da súa ampliación, como reflicte o feito de que na posterior tramitación no Congreso se engadise, a instancias do Grupo Socialista, a illa de Cortegada.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:37:10
Nº Rexistro: 54185
Data envio: 27/08/2019 12:37:10.292

Porén, a deriva actual do PSdeG, marcada polo localismo da súa principal figura institucional, considera que aquilo que era bo para ser no seu conxunto Parque Nacional non o é para ser Patrimonio Mundial, e pretende excluír aos arquipélagos que acompañan ás Cíes da dita consideración, sen ter en conta que, de feito, todo os bens naturais españois incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO son Parques Nacionais e non partes destes.

Recentemente, os esforzos da Xunta por avanzar na implantación do primeiro Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) deste parque (un plan que ten repercutido, por certo, moi positivamente, na conservación das Cíes ao evitar a súa masificación) teñen sido boicoteados por determinados dirixentes socialistas que pretenden aproveitar calquera cousa para avanzar na súa vontade de que só as Cíes e non o resto de illas se vexan beneficiadas pola declaración outorgada pola UNESCO, ignorando que as medidas impostas polo PRUX non están directamente vencelladas á declaración como Patrimonio da Humanidade senón que van ligadas á especial protección derivada do seu vixente status como Parque Nacional.

Mais aló da conciliación á que a Xunta deba chegar coa veciñanza de Ons para a implantación efectiva do PRUX, asunto sobre o que a Conselleira do Medio Ambiente xa expresou a súa vontade de explicar con todo detalle nesta Cámara, o Grupo Popular considera necesario que haxa un pronunciamento global do Parlamento de Galicia sobre o fondo do asunto: é dicir, se considera ou non esta Cámara que, tal e como solicitan insistentemente algúns representantes institucionais do socialismo galego, debe excluírse aos arquipélagos de Ons, Sálvora ou Cortegada da candidatura a Patrimonio da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter a súa defensa ante a UNESCO dunha candidatura a Patrimonio da Humanidade que abarque a totalidade do territorio do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que, por tanto, non exclúa aos arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada”.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:37:10
Nº Rexistro: 54185
Data envio: 27/08/2019 12:37:10.292

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/08/2019 12:29:46

Gonzalo Trenor López na data 27/08/2019 12:30:27

Maria Antón Vilasánchez na data 27/08/2019 12:30:53

Paula Prado Del Río na data 27/08/2019 12:31:04

Alberto Pazos Couñago na data 27/08/2019 12:31:29

Teresa Egerique Mosquera na data 27/08/2019 12:31:40

Diego Calvo Pouso na data 27/08/2019 12:32:02

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/08/2019 12:32:20

Marta Rodriguez Arias na data 27/08/2019 12:32:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/08/2019 12:32:56

Martín Fernández Prado na data 27/08/2019 12:33:19

Carlos Gómez Salgado na data 27/08/2019 12:33:39

María Isabel Novo Fariña na data 27/08/2019 12:33:59

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/08/2019 12:34:10

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/08/2019 12:34:26

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/08/2019 12:34:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:37:10
Nº Rexistro: 54185
Data envio: 27/08/2019 12:37:10.292

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Jacobo Moreira Ferro na data 27/08/2019 12:35:07

Antonio Mouriño Villar na data 27/08/2019 12:35:15

Jaime Castiñeira Broz na data 27/08/2019 12:35:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 10:04:46
Nº Rexistro: 53071
Data envio: 31/07/2019 10:04:46.968

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **pleno**, sobre o Complexo Hospitalario de Ourense.

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación que desborda totalmente.

En relación ás infraestruturas resulta especialmente grave a situación na Unidade de Coronaria, que xa tivo que ser denunciado á Inspección de Traballo o estado do chan, por parte do Sindicato Comisións Obreiras, pois supón un perigo tanto para traballadores como para persoas enfermas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de Lei para o seu debate en pleno:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 10:04:46
Nº Rexistro: 53071
Data envio: 31/07/2019 10:04:46.968

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato as actuacións necesarias para poñer solución á situación da Unidade de Coronaria do CHUO.

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G. P. de En Marea

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Voceiro do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 09:56:39

José Manuel Lago Peñas na data 31/07/2019 09:57:06

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 11:24:59
Nº Rexistro: 53073
Data envío: 31/07/2019 11:24:59.618

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **pleno.**

O verán é unha época que sempre pon en evidencia a falta de recursos no Sergas, especialmente na Atención Primaria, unha situación que principalmente é consecuencia dos recortes e a mala planificación.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias conten só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade no primeiro nivel asistencial do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

1) Dotar os Puntos de Atención Continuada de persoal suficiente en función de criterios obxectivos baseados na carga asistencia, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 11:24:59
Nº Rexistro: 53073
Data envio: 31/07/2019 11:24:59.618

2) Mudar o actual cómputo horario do persoal dos Puntos de Atención Continuada de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.

3) Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 11:23:51

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 11:24:59
Nº Rexistro: 53073
Data envio: 31/07/2019 11:24:59.618

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 31/07/2019 11:23:59

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:07:32
Nº Rexistro: 53083
Data envio: 31/07/2019 12:07:32.423

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Na actualidade o naval galego, despois de ter que ter afrontado unha profunda crise derivada da caída da demanda internacional, e de forma especial ao impacto do expediente de *tax lease*, vive un momento de relativa boa saúde.

Os datos falan por si mesmos: Galicia conseguiu o ano pasado 15 novos contratos dos 23 que se asinaron nos estaleiros españois, acadou con eles o maior volume de actividade da última década, de xeito que triplicou os que se adxudicou País Vasco (5) e quintuplicou os logrados por Asturias (3). Por outra banda, a carteira de pedidos en vigor dos estaleiros galegos a 31 de marzo deste ano suma 30 buques dun total de 58 contratados en toda España, isto representa máis da metade (52%).

Ademais, neste momento conta coa segunda maior carteira de pedidos de Europa, só por detrás de Holanda, polo que cabe dicir que o sector naval en Galicia soubo remontar unha situación de enorme dificultada e situarse como un referente de innovación e calidade, tanto a nivel nacional como a nivel internacional. De feito, o balance dos contratos finalizados ou en construción nos últimos cinco anos ascende xa aos 3.800 millóns de euros.

Desde o Grupo Popular de Galicia ten expresado de maneira insistente que Navantia ten que ser parte activa na consolidación desta etapa de crecemento, ofrecendo alternativas aos seus estaleiros na Ría de Ferrol que garantan carga de traballo a curto, medio e longo prazo para os seus propios traballadores e a industria auxiliar da comarca, facilitando ademais que as súas instalacións non queden atrás.

O retraso inxustificado de dez meses por parte do Goberno liderado por Pedro Sánchez na sinatura da orde de execución do proxecto de Fragatas F-110 está condenando aos estaleiros ferroláns e a súa industria auxiliar a un horizonte moi incerto. Agora mesmo, non hai garantías de que exista carga de traballo durante os próximos dous ou tres anos nas instalacións de Navantia en Galicia, mentres non se empece a cortar chapa

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

para as fragatas, poñendo en risco 500 empregos segundo teñen denunciado tamén os sindicatos.

Sen embargo, a única decisión que se adoptou vai precisamente na dirección contraria: quitar carga de traballo a Navantia Fene para levala á Bahía de Cádiz, cunha das plataformas dun parque eólico. A maiores están as recentes declaracións da Ministra de Facenda en funcións subliñando só a aposta do Goberno polo estaleiro de San Fernando.

Así pois, desde a súa chegada ao Goberno, os socialistas teñen demostrado que só entenden o naval como unha ferramenta electoral, desatendendo os esforzos que está realizando o sector naval galego e a Xunta para ser un referente en talento, innovación e Industria 4.0.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que dote a Navantia-Ferrol de carga de traballo a través da construción dun novo buque loxístico (AOR), como o que está ultimando para a Armada australiana, e reprograme o plan de traballo das cinco fragatas F-110 encargadas polo Armada española para adiantar o comezo do corte de chapa, previsto para comezos de 2020".

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/07/2019 11:45:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/07/2019 11:46:09

José Manuel Rey Varela na data 31/07/2019 11:46:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:07:32
Nº Rexistro: 53083
Data envio: 31/07/2019 12:07:32.423

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Diego Calvo Pouso na data 31/07/2019 11:46:41

Maria Antón Vilasánchez na data 31/07/2019 11:46:54

Moisés Blanco Paradelo na data 31/07/2019 11:47:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/07/2019 11:47:21

Marta Novoa Iglesias na data 31/07/2019 11:47:33

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/07/2019 11:47:47

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/07/2019 11:48:13

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:08:10
Nº Rexistro: 53085
Data envio: 31/07/2019 12:08:10.108

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Como é sabido, a central térmica das Pontes é o maior grupo termoeléctrico con carbón de España, cunha potencia instalada de 1.400 megawatts, que da emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano, a través da compra de bens, servizos e salarios.

Desde marzo de 2018 a instalación está inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros, para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria. De feito, tras as obras, a central cumprirá cos valores BREF (mellores técnicas dispoñibles) aínda máis esixentes.

A pesar de todo este esforzo, a realidade é que neste 2019 a central está a sufrir un importante deterioro na súa produción, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Os datos, son reveladores: en 2018 a central das Pontes produciu 8,0 TWh, consumindo 4,9 millóns de toneladas de carbón, sen embargo ata xuño deste ano a súa produción só ten chegado a 2,1 TWh tras dous meses de parálise case total de actividade. Así pois, a última previsión de produción feita por Endesa para todo 2019 sitúase en 2,6 TWh, xunto a un consumo de carbón de 1,7 millóns de toneladas, fronte a una estimación inicial de 6,55 TWh e 2,9 millóns de toneladas.

Esta paralización xa ten graves consecuencias entre o colectivo de preto de 200 transportistas que trasladan o carbón desde o porto exterior de Ferrol a esta central, os cales teñen serias dificultades para afrontar gastos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:08:10
Nº Rexistro: 53085
Data envio: 31/07/2019 12:08:10.108

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar:

1º.- A Adopción dun mecanismo de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas de punta do sistema eléctrico.

2º.- Establecer unha exención das medidas fiscais previstas na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, ás centrais térmicas de carbón de importación que estean en proceso de adaptación á Directiva de Emisións Industriais.

3º.- Fixar unha retribución específica nos casos en que se estea utilizando, por exemplo, biomasa forestal para o funcionamento destas centrais térmicas.

4º.- Facilitar a participación da Administración galega na comisión que ten previsto avaliar a situación da central térmica das Pontes e dar solucións á situación de inactividade que está a sufrir a planta, con especial atención ao colectivo de transportistas do carbón".

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/07/2019 11:56:40

Marta Novoa Iglesias na data 31/07/2019 11:57:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/07/2019 11:57:37

Diego Calvo Pouso na data 31/07/2019 11:57:54

Maria Antón Vilasánchez na data 31/07/2019 11:58:07

Moisés Blanco Paradelo na data 31/07/2019 11:58:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/07/2019 11:58:34

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/07/2019 11:58:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:08:10
Nº Rexistro: 53085
Data envio: 31/07/2019 12:08:10.108

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/07/2019 11:59:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:08:46
Nº Rexistro: 53087
Data envio: 31/07/2019 12:08:46.383

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativas dos deputados e deputadas, **Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A automoción é un dos sectores estratéxicos de Galicia, xa que contan con 22.300 empregos directos que representan o 13% do emprego industrial de nosa comunidade, consolidando unha senda de crecemento iniciada en 2014 coa recuperación de 4.150 postos de traballo segundo ás cifras publicadas sobre 2018 polo Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA).

En termos económicos, a facturación das empresas que integran a cadea de valor da automoción alcanzan os 8.650 millóns de euros, o que equivale ao 13,5% do PIB de Galicia. Unha industria que, ademais, está comprometida coa innovación, a sustentabilidade e adaptación aos cambios que esixe a Industria 4.0, como demostra un investimento superior aos 1.000 millóns de euros nos últimos cinco anos.

Sen embargo, os anuncios feitos desde o Goberno central como a suba de impostos sobre o combustible diésel ou o veto aos vehículos con motores de combustión, están a xerar unha grande inestabilidade no sector tal e como reflicten a caídas nas ventas desde setembro de 2018. Como exemplo sinalar que no acumulado do primeiro semestre deste ano as matriculacións de turismos e todoterreos caeron en España un 5,7% e un 14,7% en Galicia, sendo a quinta caída máis acusada a nivel nacional.

Esta situación se está a trasladar ao conxunto da industria de automoción no país, que encadea sete meses de caída. De feito, a produción de vehículos entre xaneiro e maio deste 2019 rexistra un descenso do 5,6% con respecto ao mesmo período do ano anterior, o que comeza a ter un impacto directo na perda de emprego no conxunto do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

1º.- Impulsar, a través da colaboración público-privada, a execución da axenda sectorial da industria da automoción que ten como obxectivo promover un sector competitivo, sustentable e que desenvolva tecnoloxías de propulsión baixas en emisións e vehículos propulsados con enerxías alternativas, en liña co seu compromiso coa mobilidade sustentable, así como o avance cara ao vehículo autónomo e conectado que permita unha condución máis segura e eficiente. Nesta execución Galicia debe ter unha participación, como mínimo, nunha porcentaxe similar á súa contribución á capacidade produtiva do Estado.

2.- Que non se restrinxa ningunha tecnoloxía, de modo directo ou indirecto, especialmente as relacionadas co diésel nin se xere incerteza innecesaria na cidadanía, porque afecta negativamente o mercado, aos investimentos, ao emprego directo e indirecto do sector e xera inseguridade e perda de valor aos compradores recentes de vehículos diésel, a pesar que as evidencias científicas e técnicas demostran que os novos motores diésel producen menos emisións contaminantes e son máis eficientes en termos de emisións de CO2, que vehículos propulsados por outro tipo de combustibles.

3.- Incentivar a substitución de vehículos de máis de dez anos, fomentando o seu cambio por vehículos novos de baixas emisións.

4.- Non incrementar a fiscalidade sobre o diésel en tanto que estamos nun momento de desaceleración na compra de vehículos e polo especial impacto que tería o anuncio feito polo Goberno central na economía de familias e a competitividade das empresas galegas".

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/07/2019 12:03:42

Moisés Rodríguez Pérez na data 31/07/2019 12:03:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 12:08:46
Nº Rexistro: 53087
Data envio: 31/07/2019 12:08:46.383

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Maria Antón Vilasánchez na data 31/07/2019 12:04:12

Moisés Blanco Paradelo na data 31/07/2019 12:04:24

Marta Novoa Iglesias na data 31/07/2019 12:04:37

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/07/2019 12:04:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/07/2019 12:05:08

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/07/2019 12:05:23

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 10:06:13
Nº Rexistro: 53132
Data envio: 01/08/2019 10:06:13.038

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xullo de 2017, o Parlamento de Galicia, cos votos en contra do PP, rexeitou unha iniciativa de En Marea, presentada pola deputada que subscribe, sobre a necesidade de elaborar protocolos específicos de actuación e coordinación das Administracións implicadas na atención á realidade das persoas anciás que viven en Galiza e que, en moitos casos, morren soas.

En xuño de 2019, o Parlamento de Galicia, a iniciativa do PSdG, aprobou por unanimidade a elaboración dun informe sobre as persoas maiores que viven soas.

En Galiza o 24,63% da poboación (665.939 habitantes) en 2017 son persoas maiores de 65 anos, chegando ao 30% nas provincias de Ourense e Lugo, o que as sitúa entre as 10 rexións máis envellecidas da Unión Europea, segundo datos da axencia Eurostat. Destas 665.939 persoas, 24.500 teñen 85 anos ou máis e, á súa vez, destas 22.300 son mulleres e só 2.300 son homes.

Segundo o INE, de algo máis de un millón de fogares rexistrados en Galiza, viven soas un total de 121.500 maiores de 65 anos e o número non deixa de medrar ano a ano. Do 2016 ao 2017 aumentou un 9,6% e, segundo as proxeccións do INE, en 2031 un de cada tres fogares galegos estará formado por unha sola persoa, chegándose aos 347.000.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 10:06:13
Nº Rexistro: 53132
Data envio: 01/08/2019 10:06:13.038

Dende unha perspectiva de xénero, dos 121.500 fogares habitados por unha persoa de 65 ou máis anos, 82.000 están habitadas por unha muller e 39.500 por homes.

A finais de 2017, o 21,65% dos fogares galegos eran unipersoais. Segundo estes últimos datos do IGE, no 22,70% dos fogares galegos todos os seus membros teñen 65 ou máis anos, porcentaxe que sobe nas áreas de Ourense e sur de Lugo e diminúe na franxa atlántica.

O retrato robot da persoa moradora en solitario na Comunidade Autónoma correspóndese co dun menor de 65 anos, se é home, e maior desa idade se é muller; non casado, maioritariamente; residente nunha cidade; con vivenda en propiedade situada nun edificio de dez ou máis fogares, e que ten entre 76 e 105 metros cadrados repartidos entre tres e seis habitacións.

A maior parte destas persoas maiores de 65 anos que viven soas residen nas cidades de Pontevedra, Vigo, Ourense e Coruña (un total de 65.000) e nas vilas de máis de 20.000 habitantes onde o número de persoas anciás que viven soas pasou de 29.000 en 2016 a 41.500 en 2017. En poucos anos o rural quedará despoboado e nas cidades a maioría das vivendas serán unipersoais.

Cada ano, centos destas persoas maiores morren soas nas súas vivendas en Galiza, nun fenómeno ao que Xapón bautizou como 'kodokushi': persoas anciás que morren soas nas súas casas sen que nin a familia nin a veciñanza se decaten durante días ou semanas.

O maxistrado Joaquim Bosch Grau denunciou que, como xuíz de garda, cada vez é máis normal encontrarse con cadáveres de persoas anciás que levan varios días mortas, en avanzado estado de descomposición.

José Luis Gómez, xefe da sección de Patoloxía Forense do IMELGA en Vigo, recoñece o aumento dos casos de persoas maiores que morren en soidade nos seus domicilios e pasan días ata que se descubre o cadáver.

A soidade das persoas maiores é consecuencia directa das dificultades para a conciliación laboral e familiar das súas familias, dos incumprimentos e atrasos na

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 10:06:13
Nº Rexistro: 53132
Data envio: 01/08/2019 10:06:13.038

concesión de axudas á dependencia, da falta de actividades para maiores e das pensións de miseria, así como dun modelo social que favorece o individualismo e disgrega as comunidades.

O sindicato de Técnicos del Ministerio de Hacienda (Gestha) estima que o 32,6% das persoas pensionistas cobra menos dos 8.200 euros que delimitan o limiar da pobreza.

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma coas pensións de xubilación medias máis baixas do Estado, e a que ten máis prestacións de xubilación inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Dende unha visión de xénero, o 60,4% das persoas pensionistas que perciben pensións por debaixo do limiar da pobreza son mulleres. O periodista Juan Oliver retrata a situación nun dos seus artigos: "Se a desigualdade de sexos en España tivera rostro, este sería o dunha muller galega e pensionista. Porque ese é o perfil das persoas peor tratadas polo sistema económico e o de quen percibe non só as rendas máis baixas do país, senón tamén as máis desiguais".

Así, no noso país a vellez é sinónimo de pobreza, de soidade, de falta de actividades e de escaseza de servizos mentres a mocidade emigra en busca de oportunidades de futuro que non a condenen, como ás xeracións precedentes, a morrer sos e na miseria.

A soidade, as falta de apoio familiar, a dependencia, a aparición de problemas de saúde, a fraxilidade, problemas de conducta e de saúde mental, convirte a iste colectivo de persoas maiores nun grupo de risco social na que non sempre é doado o contacto e menos a súa adherencia ou integración no sistema de servizos sociais, motivo polo cal é necesario dispor dun sistema de detección, valoración e intervención así como a disposición dun recurso tendentes a prevenir esta clases de situacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 10:06:13
Nº Rexistro: 53132
Data envío: 01/08/2019 10:06:13.038

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, antes do primeiro trimestre de 2020, un Protocolo específico de Atención ás persoas maiores que viven soas que coordine as actuacións de todos os servizos públicos e institucións implicadas na materia, contando especialmente cos Servizos Sociais Comunitarios.

2. Estender de xeito eficaz o servizo de HADO de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio, tamén no medio rural, coordinándose coa Atención Primaria.

3. Aumentar os Orzamentos para o Plan Concertado para garantir o servizo de Axuda no Fogar de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio e o aumento do tempo de atención a cada persoa usuaria.

4. Dotar todo o sistema de Atención Primaria de Traballadores/as Sociais, aumentando a coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios.

5. Prestar apoio técnico aos Concellos para a elaboración de protocolos sociosanitarios municipais de atención ás persoas maiores que viven soas.

6. Elaborar un estudo e base de datos sobre as persoas maiores que viven soas, en colaboración cos Servizos Sociais Comunitarios.

7. Sensibilizar á cidadanía e formar ás e aos profesionais sobre o illamento social e as súas consecuencias.

8. Dotar ao IMELGA dos recursos necesarios para atender a problemática das persoas maiores que viven e morren soas.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 10:06:13
Nº Rexistro: 53132
Data envio: 01/08/2019 10:06:13.038

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 01/08/2019 10:04:17

Luis Villares Naveira na data 01/08/2019 10:04:36

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:31:16
Nº Rexistro: 53255
Data envio: 02/08/2019 10:31:16.932

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, alumnado e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Galiza vén reclamando a adscrición destes estudos ao Sistema Universitario Galego.

Durante esta lexislatura, todos os grupos parlamentarios tivemos encontros con representantes da comunidade educativa dos centros que imparten estes estudos nos que se nos instou a impulsar, no exercicio das competencias que Galiza ten recoñecidas, a integración das ensinanzas artísticas no SUG. Tamén a Xunta de Galiza é coñecedora de primeira man desta demanda.

No noso país contamos, a día de hoxe, con catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD): a Antonio Faílde de Ourense, a Pablo Picasso da Coruña, a Ramón Falcón de Lugo e a Mestre Mateo en Compostela; alén dos CMUS, da Escola de Arte Dramática (Vigo) e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:31:16
Nº Rexistro: 53255
Data envio: 02/08/2019 10:31:16.932

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Universidade de Vigo anunciou a creación dun novo grao universitario en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra que, previsibelmente, estará en funcionamento a partir do curso 2020/2021. Esta información reavivou o debate sobre a adscrición e integración universitaria das ensinanzas artísticas xerando inquedanzas entre a comunidade educativa dos centros con estudos superiores semellantes.

O debate sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas non é novo nin exclusivamente se produce no noso país. Neste senso, o marco normativo actual prevé esta posibilidade. Así o recolle no artigo 11 a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 58 da LOMCE.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

abrir unha mesa de diálogo entre os centros que imparten ensinanzas artísticas superiores e as universidades do noso país para abordar a adscrición e integración destes estudos ao Sistema Universitario Galego así como, a desenvolver as medidas que sexan necesarias para impulsar a devandita adscrición."

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:31:16
Nº Rexistro: 53255
Data envio: 02/08/2019 10:31:16.932

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2019 10:23:30

Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2019 10:23:44

María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2019 10:23:56

Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2019 10:24:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2019 10:24:20

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2019 10:24:31

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 11:58:11
Nº Rexistro: 53327
Data envio: 05/08/2019 11:58:11.226

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marean, por iniciativa dos seus deputados e deputada Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre o emprego de estratexias non letais para o control de fauna silvestre.

Exposición de motivos

A autorización de batidas, en diferentes modalidades, vén sendo a única solución que ofrece a Xunta de Galicia diante das chamadas de atención de gandeiros e agricultores que perden parte do seu traballo por mor da aparición de animais silvestres nos seus espazos de traballo, responsabilizando aos seres vivos dunha problemática moito máis fonda de falta de políticas no rural por parte do executivo autonómico.

Así, resulta habitual que as sociedades de cazadores de cada zona saian declarando as bondades da súa afición, que non é outra cousa que saír aos montes galegos a cazar animais cunha escopeta ou coa axuda de cans que, algúns rematan perdidos, feridos ou mesmo mortos, sen que exista ningún control sobre esta problemática de benestar animal.

Diferentes estudos teñen advertido que a presión da caza exerce un papel de 'rebote' nas poboacións de animais cualificados como "cinexéticos", como o caso do xabaril, do raposo ou dos coellos, contribuíndo a un incremento destas poboacións por culpa da excesiva presión á que se somete a estas especies, o que deriva en máis incursións a terreos de aproveitamento agrícola, invasión de vías

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 11:58:11
Nº Rexistro: 53327
Data envio: 05/08/2019 11:58:11.226

de tránsito rodado, co conseguinte risco, e a enésima autorización de novas batidas.

A pobreza argumental dos cazadores é evidente. Non existe ningún traballo científico que avale esta práctica como método de control da poboación de fauna silvestre e moito menos que unha batida poida desenvolver papel algún na redución de danos en colleitas ou en explotacións gandeiras. Non se demostra porque non interesa comezar a xustificar a barbaridade de milleiros de autorizacións de batida fóra da preceptiva tempada de caza, evidenciando a privatización dos espazos naturais no noso país en beneficio dunha ultraminoría.

O noso campo precisa de políticas valentes, de peso, que contribúan á fixación de poboación, á creación de emprego e a potenciación dos sectores produtivos, que pasa non só por traballar con estas poboacións, senón tamén por reflexionar sobre o papel que os agricultores e agricultoras galegas teñen no sistema de produción, con prezos fixados por grandes corporacións e onde a primeira parte leva o peor resultado.

A ineficacia da caza no control de especies pon sobre a mesa novas propostas e alternativas que se están aplicar en diferentes puntos de España, que destacan pola súa ética e pola necesidade de non ter que masacrar animais. Así, propóñense accións como os valados, o control das fontes de alimento, a delimitación de zonas a través de recursos olfactivos, a introdución de comedeiros forestais, a prohibición absoluta da caza de depredadores, como o lobo e mesmo o control de natalidade con métodos anticonceptivos, como a esterilización.

Varios municipios de Cataluña xa amosaron a súa disposición a testar este tipo de métodos éticos coa fauna, polo que a Xunta debería comezar a estudar e avaliar a implantación de modelos alternativos á simple autorización de cacerías. Tamén países europeos teñen instalado reflectores nas súas autoestradas e estradas,

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 11:58:11
Nº Rexistro: 53327
Data envio: 05/08/2019 11:58:11.226

reducindo de maneira importante o número de accidentes e avistamentos de corzos e xabarís.

Así, a última ocorrencia da Xunta de autorizar batidas con arqueiros en zonas periurbanas, como o caso máis coñecido de Lugo, e cuns resultados catastróficos a pesares do triunfalismo do goberno, poñen sobre a mesa o ineludible debate sobre en que mans se atopan as potenciais políticas de convivencia coa fauna silvestre, se en persoas expertas ou en lobbies interesados no mantemento de determinadas prácticas cruentas que non amosan un aval científico claro e que non superarían unha revisión por parte de profesionais.

Outro exemplo vén da Deputación de Barcelona, xunto coa Generalitat, que desenvolveu unha guía pioneira en todo o estado español na que se ofrecen diferentes medidas preventivas para a presenza de fauna urbana, e que foi elaborada por expertos en bioloxía e enxeñería de montes, non por escopeteiros sen competencias científicas.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Estudar e avaliar métodos 'non letais' de control de fauna silvestre baixo criterios científicos e sociais
- Implantar os métodos 'non letais' como proba en concellos galegos onde exista a irrupción de fauna silvestre nas contornas urbanas e periurbanas.
- Estender a instalación dos chamados reflectores 'reflectores azuis' nas estradas, autovías e autoestradas galegas para previr accidentes coa fauna silvestre.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 11:58:11
Nº Rexistro: 53327
Data envio: 05/08/2019 11:58:11.226

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Antón Sánchez García

Voceiro s do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/08/2019 11:46:02

Paula Quinteiro Araújo na data 05/08/2019 11:46:20

Antón Sánchez García na data 05/08/2019 11:46:42

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:40:33
Nº Rexistro: 53340
Data envio: 05/08/2019 12:40:33.140

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna e** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Enlace Orbital é unha actuación que está incluída na planificación do Ministerio de Fomento, co obxectivo de conectar tráficos de longa distancia entre distintas vías de titularidade do Estado no contorno da cidade de Santiago de Compostela que, a día de hoxe, aínda non chegou a materializarse.

É unha infraestrutura clave para conectar o tráfico da AP-9 que vén do norte e do sur de Galicia, coa autovía A-54 Santiago-Lugo, o aeroporto e os polígonos empresariais. Polo tanto, unha infraestrutura estratéxica para Santiago, por canto completa a conexión entre a rede de vías de altas prestacións da cidade e os polígonos empresariais.

Desde o Goberno galego vense insistindo na necesidade de que o Ministerio de Fomento impulse o Enlace Orbital, unha infraestrutura demandada e agardada polo tecido empresarial da capital de Galicia, e tamén desde distintas institucións e colectivos.

Esta infraestrutura, que aparecía recollida nos Orzamentos Xerais do Estado de 2018 elaborados polo Executivo presidido por Mariano Rajoy, cunha partida de 8 millóns de euros, sorprendentemente non foi contemplada no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado presentados polo Executivo de Pedro Sánchez que, finalmente, non saíron adiante.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:40:33
Nº Rexistro: 53340
Data envio: 05/08/2019 12:40:33.140

Daquela, o Executivo presidido por Pedro Sánchez xustificaba esa ausencia da infraestrutura nas Contas Xerais por razóns de prazos. Porén, meses despois, ás portas de que se celebrasen os comicios xerais, o Consello de Ministros do 12 de abril autorizaba ao Ministerio de Fomento a licitar o contrato de obras do Enlace Orbital de Santiago, entre a AP-9 coa A-54 (enlace de San Marcos) e o aeroporto de Lavacolla, por un valor estimado de 20.766.759,50 euros.

Unha vez que teñen transcorrido xa máis de dous meses desde a autorización polo Consello de Ministro da licitación dese contrato de obras, nada sabemos do inicio da contratación dos traballos por parte do Ministerio de Fomento.

Desde este grupo parlamentario consideramos necesaria máis premura e axilidade por parte do Goberno español para impulsar o que é unha infraestrutura fundamental para desconxestionar os tráficos da zona norte de Santiago e reforzar a competitividade dos parques empresariais da cidade, máis tendo en conta que a capital de Galicia acollerá en 2021 a celebración dun novo Ano Santo, o Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que axilice a licitación das obras do Enlace Orbital de Santiago de Compostela, que xa foi autorizada polo Consello de Ministros o pasado 12 de abril, ao obxecto de que a posta en servizo desta infraestrutura estratéxica para Santiago poida estar operativa no ano 2021".

Santiago de Compostela, 05 de agosto de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:40:33
Nº Rexistro: 53340
Data envio: 05/08/2019 12:40:33.140

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/08/2019 12:36:04

Paula Prado Del Río na data 05/08/2019 12:36:28

Maria Antón Vilasánchez na data 05/08/2019 12:36:55

Jaime Castiñeira Broz na data 05/08/2019 12:37:13

Martín Fernández Prado na data 05/08/2019 12:37:34

Jacobo Moreira Ferro na data 05/08/2019 12:38:00

Antonio Mouriño Villar na data 05/08/2019 12:38:15

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/08/2019 12:38:32

Gonzalo Trenor López na data 05/08/2019 12:38:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/08/2019 12:39:03

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:44:19
Nº Rexistro: 53346
Data envio: 05/08/2019 12:44:19.880

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a oferta pública de emprego para o ensino.

Exposición de motivos

Se hai uns meses alertamos de que a oferta pública de emprego anunciada pola Consellería de Ensino era insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público toda vez que non permitiría recuperar as prazas docentes suprimidas coa escusa da crise, nin para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos antes da chegada do Partido Popular ao goberno; coñecidos os resultados dos tribunais constatamos, ademais, que as cifras anunciadas eran, en grande medida, maquillaxe.

Deste xeito, das 2.064 prazas que a Consellería de Educación anunciara que ía ofertar, tan só se cubriron 1.671. Unha cifra inferior á da convocatoria de 2018, na que se adxudicaron 1723 prazas dun total de 2050 ofertadas. Este é o cerne da denuncia que fai CIG-Ensino, que afirma que a maior parte das prazas que fican desertas proveñen da convocatoria de promoción interna ou acceso.

A CIG-Ensino lembra que xa denunciara na Mesa Sectorial na que a Xunta "impuxo unilateralmente a oferta de emprego" que se estaba a incrementar estas prazas máis alá do mínimo fixado pola normativa legal "para poder vender que se superaba novamente a cifra de 2.000 prazas na OPE (oferta pública de emprego)".

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:44:19
Nº Rexistro: 53346
Data envio: 05/08/2019 12:44:19.880

Nas probas de ingreso destacan as **especialidades dos corpos de profesorado de ensino secundario (PES) e de formación profesional (PTFP)**, xa que dun total de 1018 prazas entre ambos corpos só aprobaron 922 aspirantes, ficando sen cubrir 96 prazas, preto dun 10% do total. No caso do corpo de mestres a única especialidade na que non se cubriron todas as prazas volve ser de novo Francés, na que son máis as prazas desertas que as cubertas (38 e 32 respectivamente).

Entre as especialidades **nas que non se cubriron todas as prazas destacan a de Informática**, con preto da metade de prazas sen adxudicar, **FOL, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (PES) ou Mantemento de Vehículos (PTFP),** todas eles con ao redor dun terzo de prazas vacantes. Matemáticas volve de novo a deixar prazas desertas, nesta ocasión cun 19% de prazas sen adxudicar.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de en Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Retomar o diálogo social de xeito que as convocatorias de emprego público no ensino sexan froito do consenso entre os axentes sociais para que respondan axeitadamente ás necesidades do ensino galego.
- Aumentar as prazas ofertadas para que antes do remate da lexislatura se acade o obxectivo do 5% de temporalidade.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:44:19
Nº Rexistro: 53346
Data envio: 05/08/2019 12:44:19.880

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 12:34:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 12:35:10

José Manuel Lago Peñas na data 05/08/2019 12:35:23

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:07:02
Nº Rexistro: 53365
Data envio: 05/08/2019 13:07:02.293

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Martín Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Beatriz Mato Otero, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna e** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

A vía Ártabra é unha vía de comunicación fundamental para toda a área da Coruña. Nos momentos económicos máis difíciles da historia recente, o Goberno galego logrou poñer en servizo dous treitos desta infraestrutura: os case 8 km de tronco e os 1,8 da variante de Oleiros.

Son máis de 70 M€ os que o Goberno galego ten investido, en plena crise económica, para poñer en servizo estes dous treitos da Vía Ártabra que, actualmente, son empregados por máis de 4.000 vehículos cada día.

Porén, desde este grupo parlamentario somos conscientes de que este investimento non será aproveitado por completo ata que esta vía de altas prestacións chegue á Autoestrada do Atlántico.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento da infraestrutura, para favorecer a mobilidade e reforzar a seguridade viaria de veciños e usuarios dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara á Coruña. E para iso resulta imprescindible contar coa autorización do Ministerio de Fomento, na medida en que a Vía Ártabra entronca con dúas vías de titularidade estatal, a AP-9 e a N-VI. Ademais a Xunta prevé, nunha fase posterior, a súa conexión coa autovía A-6.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:07:02
Nº Rexistro: 53365
Data envio: 05/08/2019 13:07:02.293

Á espera de que o Ministerio de Fomento emita esta autorización necesaria para a conexión coa AP-9, desde o Goberno galego tense iniciado o desenvolvemento da prolongación da Vía Ártabra, licitando as obras entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221 (San Pedro de Nós-Mabegondo), que supón a maior parte dos traballos a executar ata a AP-9. Unha licitación na que a Xunta xa incluíu a previsión de executar unha 2ª fase, para conectar directamente a Vía Ártabra coa Autoestrada do Atlántico. Deste modo, a actuación totalizará un investimento superior aos 40 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego está a avanzar co primeiro treito das obras, ao tempo que lle dá tempo ao Ministerio de Fomento para emitir a autorización necesaria para a conexión coa AP-9.

Como é sabido, tras unha análise multicriterio de distintas alternativas e seguindo os criterios técnicos, a conexión coa AP-9 estableceuse na Gándara, o cal se recolleu no proxecto de trazado e declaración de impacto ambiental aprobado no ano 2009 polo Goberno bipartito. Son varias as razóns obxectivas e técnicas que motivaron a decisión de desenvolver a nivel construtivo o enlace na Gándara: menor impacto e afeccións sociais e ambientais; maior seguridade viaria; e un maior fomento da mobilidade.

Para a aprobación deste proxecto de trazado solicitáronse os informes doutras administracións, tamén do Ministerio de Fomento, que deixou claro que o punto de conexión informado favorablemente por eles era na Gándara; o punto de entronque máis viable de acordo coa normativa en materia de deseño de estradas, que limita a distancia entre enlaces para evitar conflitos de tráfico que produzan unha situación de falla da seguridade viaria.

Neste punto, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que desde o Ministerio de Fomento haxa un compromiso expreso de que esta nova conexión coa AP-9 sexa libre de peaxe. A Vía Ártabra será unha autovía libre de peaxe de nova construción por parte da Xunta de Galicia; a área de peaxe que se inclúe no proxecto é unha esixencia do Ministerio de Fomento, e de establecerse o cobro dunha peaxe correspondería á AP-9, non á vía autonómica. Cómpre lembrar,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

neste sentido, que a día de hoxe existe un convenio que ten liberado de pago de peaxe os tráficos da Barcala.

Por todo o exposto, e tendo tamén en conta que a nova conexión da Vía Ártabra coa AP-9 sacaría tráfico dunha vía de comunicación de titularidade estatal como é a N-VI, colapsada de vehículos que causan molestias aos veciños na súa moi urbanizada contorna, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate **Pleno:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Tendo en conta que os técnicos especialistas deseñaron o trazado e o punto de entronque da prolongación da Vía Ártabra coa AP-9 seguindo criterios técnicos obxectivos baseados na seguridade viaria e no menor impacto territorial, tal e como se recolleu no proxecto aprobado polo Goberno bipartito en 2009, garantir que a execución material do proxecto se faga tamén coa máxima calidade, menores afeccións ambientais e sociais, e maiores garantías de seguridade viaria.

2.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

-Demandarlle premura na emisión da autorización necesaria para a conexión da prolongación da Vía Ártabra, que está a impulsar a Xunta, coa autoestrada AP-9.

-Solicitar un compromiso expreso de que non se cobre peaxe aos vehículos que accedan á AP-9 desde a Vía Ártabra, ao igual que na actualidade están liberados de pagamento da peaxe os tráficos da Barcala".

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:07:02
Nº Rexistro: 53365
Data envio: 05/08/2019 13:07:02.293

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 05/08/2019 13:01:45

Martín Fernández Prado na data 05/08/2019 13:02:07

Gonzalo Trenor López na data 05/08/2019 13:02:34

Beatriz Mato Otero na data 05/08/2019 13:02:47

Diego Calvo Pouso na data 05/08/2019 13:03:03

Jaime Castiñeira Broz na data 05/08/2019 13:03:43

Jacobo Moreira Ferro na data 05/08/2019 13:03:57

Antonio Mouriño Villar na data 05/08/2019 13:05:01

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/08/2019 13:05:34

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/08/2019 13:05:52

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 53369
Data envio: 05/08/2019 13:23:32.151

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Aurelio Nuñez Centeno, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna e** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

No mes de xuño, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade avanzou, en sede parlamentaria, a intención da Xunta de impulsar a Variante de Carballo. Segundo explicou a conselleira na súa resposta, o Goberno galego afrontará a execución desta nova infraestrutura dividíndoa en dúas fases, para facela viable, co fin de facilitar un investimento que supera os 25 millóns de euros.

A Xunta propón dividir a actuación en dous treitos: un desde o oeste de Carballo ata a estrada provincial que leva a Compostela, que suporá un investimento superior aos 10 millóns de euros; e outro treito, desde a esa estrada ata o leste da vila, de máis de 15 millóns de euros. Trátase dunha actuación para a que o Goberno galego ten avanzado que reservará unha partida nos Orzamentos da Xunta do vindeiro ano.

Desde este grupo parlamentario somos conscientes do esforzo que o Goberno galego ten realizado a prol das infraestruturas viarias e da mellora da mobilidade dos veciños da Costa da Morte nos últimos anos. O exemplo máis significativo atopámolo na posta en marcha da Autovía da Costa da Morte, entre Carballo e Santa Irena. En plena crise económica, o actual Goberno galego construíu e puxo ao servizo de veciños e usuarios 27 km de autovía libres de peaxe: 15 quilómetros entre Carballo e Baio, máis 2 quilómetros da Variante de Baio, cun investimento

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 53369
Data envio: 05/08/2019 13:23:32.151

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

de máis de 170 millóns de euros. E a Xunta xa comezou a traballar para dar continuidade a estra infraestrutura, licitando e adxudicando o contrato para a redacción da primeira fase de prolongación da autovía .deste Santa Irena ata a estrada autonómica AC-432, en dirección Camariñas.

Polo exposto e tendo en conta as vantaxes que suporía para os veciños de Carballo a variante, desde este grupo parlamentario queremos que se concrete o compromiso manifestado polo Goberno galego respecto ao impulso desta infraestrutura e por iso presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos do ano 2020 unha partida económica específica para o impulso da variante de Carballo e a dialogar cos axentes locais de Carballo e Coristanco o desenvolvemento das distintas fases da infraestrutura"

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/08/2019 13:18:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/08/2019 13:19:19

Diego Calvo Pouso na data 05/08/2019 13:19:41

Jaime Castiñeira Broz na data 05/08/2019 13:19:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 53369
Data envio: 05/08/2019 13:23:32.151

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Martín Fernández Prado na data 05/08/2019 13:20:29

Jacobo Moreira Ferro na data 05/08/2019 13:20:59

Antonio Mouriño Villar na data 05/08/2019 13:21:14

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/08/2019 13:21:39

Gonzalo Trenor López na data 05/08/2019 13:21:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/08/2019 13:22:14

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53392
Data envio: 05/08/2019 14:04:16.228

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o peche de aulas para o vindeiro curso.

Exposición de motivos

Un ano máis o Goberno galego aproveita o parón estival para anunciar peches de unidades educativas. Esta vez temos que lamentar a supresión de 67 unidades de infantil, primaria e educación especial. Ás que sumar o peche de 6 escolas unitarias máis: as escolas de Educación Infantil de Portocubelo e do Viso no municipio de Carnota; o servizo da EEI do Seixo de Mugardos, do CEIP da Polveira en Trazo, a EEI de Arcos de Furcos, en Cuntis e o EEI de Zamáns, en Vigo. Todas estas escolas suman 26 alumnas e alumnos que teñen que ser reubicados.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción, senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se toman por parte da administración educativa contradinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Porque non só temos que lamentar peches de centros, senón que a esta situación debemos sumar como outras escolas unitarias do País ven recortados os seus servizos, como no caso de Verducido, onde a comunidade educativa realizou

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53392
Data envio: 05/08/2019 14:04:16.228

múltiples protestas durante este curso para pelexar polo mantemento do profesorado e a continuidade da escola.

Tal e como denuncian os sindicatos, ao tempo que a sangría se estende co peche de aulas, a política de corte neoliberal que practica o goberno do PP, cunha concepción mercantilista da educación, tamén alcanza os postos de traballo: serán 62 mestras e mestres menos os que comecen o curso 2019/20.
A redución de postos de traballo, superior nun 7% á do curso anterior, levará consigo o despedimento de persoal interino e o desprazamento de profesorado definitivo a outros colexios e terá unha especial incidencia na especialidade de Educación Primaria, na que se concentra máis da metade das prazas suprimidas.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibro territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economicista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Recuperar o número de docentes que tiñamos en Galicia antes da crise

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53392
Data envio: 05/08/2019 14:04:16.228

económica.

- Elaborar un plan de promoción das escolas unitarias.
- Elaborar un plan específico de ensino rural que, cando menos, considere:

a. A previsión do alumnado a tres anos vista antes de pechar unha unidade.
b. Diminución das ratios no rural ata os 3 alumnos e alumnas
c. Cobertura de postos de especialistas en educación infantil nos centros do rural.
d. Programa de estabilización do profesorado no rural mediante incentivos.
e. Un plan de formación específica para o profesorado no rural de xeito que se aproveiten as potencialidades deste modelo educativo.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53392
Data envio: 05/08/2019 14:04:16.228

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 13:47:06

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 13:48:45

José Manuel Lago Peñas na data 05/08/2019 13:49:49

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:51:32
Nº Rexistro: 53473
Data envio: 06/08/2019 11:51:32.611

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2019, veciñanza de Samos e Triacastela detectou a realización de obras na Serra do Iribio, coa finalidade de abrir pistas para un proxecto de parque eólico da empresa Fergo Galicia Vento, nunha zona que é Rede Natura 2000. Ditas obras foron denunciadas pola Asociación ADEGA o 7 de xuño, ante a Fiscalía e as Consellarías de Medio Ambiente e Industria e dos concellos de Samos e Triacastela, esixindo a súa paralización inmediata.

Posteriormente, estas obras foron paralizadas de xeito cautelar polo Concello de Samos o 19 de xuño, dado que non contaban con autorización municipal, ao "constatar que se están realizando obras non autorizadas nos terreos situados na delimitación do parque eólico". Aínda así, a maquinaria pesada quedou na serra durante días. Hai que ter en conta que as obras de xuño supuxeron alongamento dos camiños existentes, realización de explanadas, desmontes e terrapléns nas beiras dos camiños, e mesmo o desvío dun camiño orixinal, sen contar para isto cos permisos da Consellaría de Medio Ambiente nin coa autorización do Concello, pois esta fora emitida para o arranxo dos camiños existentes que levan ata o monte co fin de adecualos para o transporte de aeroxeradores e coa condición de que non se variase o largo nen o trazado do camiño orixinal, actuacións que precisarían, neste caso, da autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:51:32
Nº Rexistro: 53473
Data envio: 06/08/2019 11:51:32.611

En xullo, novamente as máquinas volveron á serra do Iribio, pois o Concello de Samos levantou a paralización cautelar o 5 de xullo, logo de estimar alegacións da empresa Fergo Galicia Vento.

As obras para as que se levantou a paralización cautelar deben corresponder a acondicionar o camiño existente, sen afectar ao ancho nin facer variacións, pero a realidade é que se removeu capa vexetal, se rebaixou considerablemente o nivel do camiño e se ampliou este, alén de seguir destruíndo zonas de turbeira. Ademais, non poden actuar na zona na que xa as obras excederan a autorización concedida, para o cal deberían repoñer a legalidade e contar con autorización do Servizo de Conservación da Natureza.

Por este levantamento da paralización cautelar, hai presentada unha nova denuncia por parte das organizacións ecoloxistas ante a Consellería de Medio Ambiente.

As obras de xuño ampliaron pistas, destruíron hábitats de turbeira e levaron por diante restos do antigo Camiño Real Monforte-Vilafranca, así como o entorno da Medorra do Fial. Así mesmo, o camiño que se pretende ampliar quedou marcado con chantos de madeira e cintas vermellas. En xullo, as obras continuaron destruíndo espazos de turbeira e ampliando notablemente os camiños existentes. Asemade, as obras modifican o camiño de acceso (antes por Triacastela, agora por Samos), co cal nos atopamos ante unha modificación substancial do proxecto e requiriría unha nova Declaración de Impacto Ambiental. Este novo trazado difire do inicialmente previsto e non foi sometido a avaliación de impacto ambiental, polo que non está incluído na DIA do proxecto eólico aprobada en 2005, afectando a terreos Rede Natura distintos dos orixinais.

Así mesmo, ADEGA e a Sociedade de Ornitoloxía de Galicia a denuncian que a Xunta non lles facilita acceso aos expedientes tanto da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 KV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela, como do Parque Eólico Serra do Oribio.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:51:32
Nº Rexistro: 53473
Data envio: 06/08/2019 11:51:32.611

A Serra do Iribio é un espazo de gran valor ecolóxico e cultural. Como sinala a Sociedade de Ornitoloxía de Galicia, a zona é unha área importante para diversas especies ameazadas, destacando a presenza da tartaraña cincenta (Circus pygargus) e a gatafornela (Circus cyaneus), incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas como vulnerables e cun plan de conservación pendente de aprobación. Ademais, conta coa presenza de carballos ananos e coa peculiaridade de ter un camiño real que atravesa toda a serra, así como outros elementos como mámoas, neveiros, un portádego e capela.

Asemade, o parque afectaría á área de protección do Camiño de Santiago, sendo visibles os aeroxeradores durante 60 km do seu trazado, polo que na Declaración de Impacto Ambiental de 2005 (caducada) se contemplaban medidas como pintado de torres e pantallas vexetais.

Estamos a falar dun lugar de Interese Comunitario e Zona de Especial Conservación dos Valores Naturais (ZECVN), parte da Rede Natura 2000 e do ZEC Ancares –Courel e que se inclúe no proxecto de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra– Serra do Oribio, así como que é área potencial no Plan de Recuperación do Oso Pardo (proxecto Life Oso-Pardo, cofinanciado con fondos europeos).

No DOG do 16 de xullo de 2009 publícase o anuncio da resolución do 18 de xuño de 2009 polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do “Parque Eólico Oribio”.

Dende entón, o proxecto ficou parado. A súa declaración de impacto ambiental fora aprobada no ano 2005, momento dende o que se modificaron as circunstancias tecnolóxicas, enerxéticas e ambientais. Ademais, aprobouse o Plan Director da Rede Natura 2000 que, prohibe a instalación de novos parques eólicos nos espazos desta rede.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:51:32
Nº Rexistro: 53473
Data envio: 06/08/2019 11:51:32.611

O 1 de outubro de 2018 publícase no DOG a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 kV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela.

As obras de xullo na serra do Iribio tamén son a probable causa da contaminación da auga da traída da veciñanza de Toca (hai unha investigación en curso), que apareceu o 23 de xullo con signos de contaminación. Por riba do lugar de Toca hai unha canteira de pizarra, na zona onde se sitúa o manancial de Toca, onde se deposita a terra vexetal e os materiais de refugallo procedentes das obras de ampliación de camiños realizadas por Fergo Galicia Vento na serra do Iribio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Paralizar a realización das obras do parque eólico Serra do Oribio dado que non reúne os trámites ambientais requiridos.

2. Realizar cantas actuacións sexan precisas para preservar a riqueza ambiental e patrimonial da serra do Iribio.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:51:32
Nº Rexistro: 53473
Data envio: 06/08/2019 11:51:32.611

Paula Vázquez Verao na data 06/08/2019 11:46:24

Luis Villares Naveira na data 06/08/2019 11:46:30

David Rodríguez Estévez na data 06/08/2019 11:48:57

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 10:56:24
Nº Rexistro: 53506
Data envio: 07/08/2019 10:56:24.741

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto,** por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre as condicións salariais e laborais das Brigadas Municipais de Prevención e Extinción de Incendios.

Exposición de motivos:

Dende o colectivo de bombeiros e bombeiras forestais dos concellos de Galicia (conformado no ano 2018 por máis de 1765 efectivos nas distintas categorías de Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada, Bombeiros/as forestais condutores/as, Bombeiros/as forestais e Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba), constituídos e representados unha gran parte deles pola asociación BOMFOCOGA, mostran unha enorme preocupación e incerteza, tanto polas condicións laborais nas que se atopan, coma polos cambios nas listas de contratación do decreto 37/2006, xa que esta afecta por completo ás listas nas cales este colectivo obtén puntuación por servizos prestados dende case a súa mesma creación.

A realidade na que se atopan a día de hoxe algunhas brigadas contra incendios forestais é sangrante. Exemplo real dunha brigada dun concello ourensán:

- Realización do curso de incendios e probas médicas ao mesmo tempo que outras empresas que non tiñan que ver co sector.
- A proba de oído fíxose coa cámara de insonorización estragada.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 10:56:24
Nº Rexistro: 53506
Data envio: 07/08/2019 10:56:24.741

- Non se fixo ningunha práctica con motobomba, mangueiras, punta de lanza, batelumes...
- As prácticas fixéronse a posteriori do inicio do contrato.
- Cando comezaron a traballar 3 dos 5 compoñentes da brigada estaban sen botas de protección individual, 3 sen lanterna, 5 sen cubrecalugas, fundas e guantes fora da talla que precisan e sen botiquín.
- Vehículo en precario (alertaron a brigada que foran a modo con el que freaba mal). Asento do piloto non regulable. Portas que non pechan. Perda de combustible. Roda de reposto fora do seu habitáculo (mesturada con mochilas, arneses, cascos...)
- Base sen pechadura, aseos nin taquillas.
- Ferramenta de traballo en precario. Rozadoiras solo con fío e sen repostos. Ausencia de material de corta, etc...

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Financiar dunha forma axeitada aos concellos para que as Brigadas dos Concellos de Bombeiros Forestais cheguen ao 100% do territorio.
- Financiar dunha forma axeitada aos concellos para que as Brigadas de Bombeiros Forestais teñan unhas condicións salariais dignas e iguais entre distintos concellos, así coma epi´s, vehículos, material de traballo, e formación adecuada.
- Esixir aos concellos que estas brigadas estean operativas o 100% no comezo da tempada de máximo risco.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 10:56:24
Nº Rexistro: 53506
Data envio: 07/08/2019 10:56:24.741

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/08/2019 10:47:56

Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 10:49:07

Luis Villares Naveira na data 07/08/2019 10:49:29

Francisco Casal Vidal na data 07/08/2019 10:49:43

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:53:11
Nº Rexistro: 53536
Data envio: 07/08/2019 13:53:11.644

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez** e **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Remata a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráficos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese de lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:53:11
Nº Rexistro: 53536
Data envio: 07/08/2019 13:53:11.644

de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria *Autopistas del Atlántico* sería favorecida.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolto como proxecto construtivo.

O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes.

O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente "O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria que aseguren a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo a toda a área metropolitana da Coruña.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:53:11
Nº Rexistro: 53536
Data envio: 07/08/2019 13:53:11.644

2. Dar cumprimento ao acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial tendo en conta o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006.

Pazo do Parlamento, 07 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/08/2019 13:50:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/08/2019 13:50:57

María Luisa Pierres López na data 07/08/2019 13:51:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/08/2019 13:51:18

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:11:41
Nº Rexistro: 53573
Data envio: 08/08/2019 10:11:41.835

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe 2017 do Valedor do Pobo detalla numerosas vulneracións dos dereitos dos e das pacientes no Hospital Psiquiátrico de Conxo e a carencia de recursos asistenciais para unha axeitada atención, destacando a falta de persoal contratado:

- "insuficiencia xeral de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria"
- carácter "obsoleto" das instalacións.
- necesidade de persoal para atender ás más de 200 persoas internadas.

Estas deficiencias, sobre todo a falta de persoal, están a provocar, como recolle probado o Valedor, a "sobremedicación de psicofármacos nas unidades destinadas a persoas con máis difícil manexo", ou "o uso das medidas de contención física como castigo".

O Movemento Galego de Saúde Mental denuncia que "o ingreso de persoas con trastornos psíquicos necesitados de asistencia en Unidades de Hospitalización Psiquiátrica para procesos agudos estase a producir con frecuencia fóra das Unidades de Psiquiátrica dos Hospitais Xerais.

Segundo o MGSM, a situación da Psiquiatría en Galiza é resultado da "desplanificación realizada desde o 2009 e do incualificable abandono en Galiza dos plans de reforma iniciados en España hai xa máis de trinta anos".

Tanto ao informe do Valedor como ás denuncias do MGSM a Xunta respondeu como sempre, negando todo: "a rateo de persoal está axustada ás necesidades", "o centro experimenta constantemente obras de mellora e mantemento", "a sobremedicación forma parte da dinámica habitual e está sempre indicada polo facultativo de cada un dos enfermos"

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:11:41
Nº Rexistro: 53573
Data envio: 08/08/2019 10:11:41.835

ou "xa existe un procedemento corporativo consensuado polos profesionais, sobre contención mecánica". E esta é a gran desgraza, xa que é imposible solucionar un problema cando se nega a existencia do mesmo.

Segundo a OMS, a metade dos casos de enfermidade mental iníciase antes dos catorce anos. A Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes) valora que entre un 10 e un 20% dos nenos, nenas e adolescentes teñen problemas de tipo psíquico, pero existen sete prazas de ingreso con condicións axeitadas ás súas necesidades en Santiago, mentres o Sergas segue dilatando a posta en marcha dunha nova unidade no Hospital Álvaro Cunqueiro que atenda ás provincias de Pontevedra e Ourense. Unha actuación que xa constaba na Estratexia SERGAS 2014, que en relación á saúde mental recollía a necesidade de "potenciar o desenvolvemento da psiquiatría infanto-xuvenil coa creación de dispositivos de hospitalización psiquiátrica e de hospitais de día infanto-xuvenís".

O MGSM lamenta que tras oito anos de dilación non se cre una unidade específica de atención á saúde mental para a infancia e adolescencia, dotada con novos recursos e que a Xunta limite a súa actuación a reordenar os espazos habilitando un corredor e que a Unidade de Hospitalización en saúde mental para a infancia e adolescencia do Hospital Clínico de Santiago creada en 2012 coa metade das prazas previstas e coa equipa asistencial incompleta continúe nas mesmas condicións precarias da súa inauguración.

A OMS recomenda unha rateo de 8 psiquiatras por 100.000 habitantes. En 2016 (último ano con datos reportados pola maioría dos Estados membros da UE), o Estado español contabilizaba 10,46 psiquiatras por cada 100.000 persoas, mentres a media europea situábase en 18,23 profesionais. E a pesar dunha diferenza de case 8 puntos entre o Estado español e a media europea, en Galiza alcanzamos o récord, estando un 40% por debaixo da media de dotación do Estado en especialistas en psiquiatría e psicoloxía clínicas para a atención á poboación, xa que, en relación á atención psicolóxica, a dotación media en Galiza está nos 3,5 especialistas en psicoloxía por cada 100.000 habitantes, menos da metade do promedio estatal que se sitúa no 5,7.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:11:41
Nº Rexistro: 53573
Data envio: 08/08/2019 10:11:41.835

Así, por exemplo, a área de saúde mental de Vigo conta cunha equipa de 63 profesionais para atender a unha poboación de máis de 500.000 habitantes: 31 psiquiatras, 17 psicólogos/as, 8 MIR en psiquiatría, 4 PIR e 3 EIR. E, mentres tanto, a incidencia da depresión, da ansiedade, dos trastornos de sono e os suicidios (tamén entre adolescentes) están aumentando nos últimos anos.

A falta de infraestruturas, de medios e de persoal obriga á derivación a centros residenciais de promoción da autonomía ou de atención á dependencia das persoas que non dispoñen de praza en saúde mental, pero o sistema de Dependencia non conta con recursos específicos para atender as necesidades destes pacientes.

Polo exposto, o Grupo Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe para o seu debate no Parlamento sobre a situación da atención psiquiátrica e psicolóxica que presta o Sergas, incluíndo: rateos de persoal por especialidades, categorías profesionais e centros, distribución territorial dos servizos de psiquiatría do Sergas e poboación asignada a cada un; pisos tutelados e distribución territorial dos mesmos; tempo medio de atención a cada paciente en consulta; tempo de espera para a primeira consulta e espazo temporal entre consultas sucesivas; pacientes psiquiátricos trasladados a centros de atención á dependencia por falta de camas hospitalarias nos centros do Sergas.
2. Solucionar de xeito urxente as deficiencias estruturais e a falta de persoal na unidade de psiquiatría do Hospital de Conxo recollidas no informe do Valedor do Pobo.
3. Posta en marcha urxente da unidade específica **d**e atención á saúde mental para a infancia e adolescencia no Hospital Álvaro Cunqueiro, dotada con novos recursos que atenda ás provincias de Pontevedra e Ourense.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:11:41
Nº Rexistro: 53573
Data envio: 08/08/2019 10:11:41.835

4. Convocar neste mesmo ano unha OPE para as categorías de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica co número de prazas necesarias para igualar a rateo estatal en ambas especialidades.
5. Aumentar o número de camas hospitalarias necesario para que todo paciente psiquiátrico e psicoxeriátrico ingrese nunha unidade especializada do Sergas e rematar coa práctica da derivación a centros de dependencia.
6. Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de actualizar a oferta de prazas MIR e PIR adaptándoas ás necesidades e demanda actual.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/08/2019 10:02:51

Luis Villares Naveira na data 08/08/2019 10:02:58

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:38:45
Nº Rexistro: 53582
Data envio: 08/08/2019 13:38:45.014

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas **Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A necesidade do dragado do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende fai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sufre o porto deportivo de Foz, Porto Chico, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias zodiacs de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG-PSOE de Foz ten amosado publicamente o respaldo ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa en 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometera esta dragaxe.

Na sesión do 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de Lei na Comisión 8ª na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que realizara esta obra de dragaxe de xeito urxente. Sen embrago, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen empeorando, sen que a Xunta de Galicia aporte solución algunha.

A falla de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír de dito porto, coa conseguinte falla de seguridade que isto implica. O problema dáse coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións atracadas nos pantaláns.

Esta situación complicouse se cabe, máis aínda, a pasada fin de semana cando os socorristas de Barreiros tiveron que actuar dende a praia para socorrer a varios bañistas ante a imposibilidade de empregar a súa zodiac de salvamento, atracada no Porto Chico de Foz, que debido a esa falla de calado impediu saír do porto de Foz ás embarcacións de salvamento.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que licite, de xeito urxente, o dragado do Porto Chico de Foz.

Pazo do Parlamento, 08 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/08/2019 13:36:03

María Dolores Toja Suárez na data 08/08/2019 13:36:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/08/2019 13:36:26

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:34
Nº Rexistro: 53599
Data envio: 08/08/2019 13:46:34.859

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o estado de abandono no que se atopa o Souto de Rozabales.

Exposición de motivos:

Nas zonas do interior de Galicia consérvanse as mellores representacións dos soutos mansos galegos, plantacións monoespecíficas de castiñeiros enxertados con variedades de froito de calidade, un deles é o de Rozabales, no que medran exemplares de incribles dimensións, cunha fisionomía moi semellante á de todos os castiñeiros vellos e demoucados de Galicia.

Amosan troncos de grandes dimensións que permanecen sen ramificar ata 2-3 m de altura, onde se forma a cruz e comeza a formarse a copa, que se renova cada poucos anos para aproveitar a leña e a madeira e, sobre todo, para favorecer unha boa produción de castañas de bo calibre.

Este espazo foi declarado Monumento Natural pola Xunta de Galicia no ano 2000 e nel, atopase o castiñeiro de Pumbariños, o castiñeiro coñecido máis antigo de Galicia.

Este souto, emprazado sobre unha área de granitos calcoalcalinos deformados, constitúe unha mostra exemplar do tipo de bosques adevesados de castiñeiros, enxertados, de orixe artificial e explotados secularmente por campesiños e campesiñas galegas para a obtención de castañas e madeira (soutos), e na actualidade case restrinxidos ás provincias orientais. Os soutos, un dos elementos fundamentais do noso patrimonio cultural e natural, representan un ecosistema agrosilvopastoral en equilibrio e posúen unha gran biodiversidade, incluíndo a presenza de elementos faunísticos pouco comúns na nosa Comunidade Autónoma.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:34
Nº Rexistro: 53599
Data envio: 08/08/2019 13:46:34.859

Neste souto encóntranse exemplares de castiñeiro (Castanea sativa) de gran lonxevidade (algún de máis de mil anos) e extraordinaria beleza, auténticos monumentos vexetais. Como exemplar sobresaínte debe citarse pola súa singularidade o coñecido como "Castiñeiro de Pumbariños", cuxo perímetro alcanza os 12,15 m.

O estado actual no que se atopa este souto é lamentable, estando os castiñeiros afectados en elevado grado pola avespiña do castiñeiro e polo chancro, e levando anos sen ser sometido a ningunha clase de poda.

Aparte disto, a falta de limpeza no souto, propiedade da administración autonómica, fai que a maleza creza entre os castiñeiros, elevando así o risco de propagación de incendios forestais nun concello con alta actividade incendiaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer un plan anual de mellora e mantemento deste souto propiedade da Xunta de Galicia e patrimonio natural de tódolos galegos e galegas.

2. Destinar urxentemente unha partida económica suficiente para facer os traballos de demouca, roza, vacinación contra o chancro do castiñeiro e a solta de Torimus Sinensis para combater a avespiña neste souto.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:46:34
Nº Rexistro: 53599
Data envio: 08/08/2019 13:46:34.859

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/08/2019 13:37:38

Luis Villares Naveira na data 08/08/2019 13:37:46

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:10
Nº Rexistro: 53616
Data envio: 09/08/2019 10:28:10.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración e actuacións a impulsar por parte do goberno galego diante da suba dos prezos dos dereitos de emisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mercado de emisións foi impulsado, na teoría, para dar abeiro aos obxectivos internacionais de redución da contaminación e, particularmente, da emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI). Máis de vinte anos despois do nacemento do protocolo de Kioto, que acabou por estabelecer no 2005, por vez primeira, obxectivos de redución de emisións netas de GEI para os principais países desenvolvidos baixo un calendario de previsión de cumprimento, o resultado das diferentes medidas impulsadas neste tempo continúa sen garantir os obxectivos fixados no Acordo de París de limitar o quecemento global en menos dous graos e, ao mesmo tempo, ten repercusións importantes sobre a situación da industria galega que cómpre analizar e prever.

Os retos da denominada transición enerxética, entre os que salienta a descarbonización, fan necesario que Galiza desenvolva a súa propia planificación para evitar que, unha vez máis, poida saír perdendo pola toma de decisións en ámbitos estatais ou internacionais sen que sexan tidas en conta as nosas necesidades e

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:10
Nº Rexistro: 53616
Data envio: 09/08/2019 10:28:10.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

potencialidades. Neste sentido, cómpre analizar cal é o impacto para o noso país da evolución do mercado do CO2 e como isto nos afecta, particularmente a nivel industrial, pois non é en absoluto indiferente.

Recentemente coñecíanse as conclusións da enquisa GHS Market Sentiment Survey 2019 realizada entre os membros da IETA (Asociación Internacional de Comercio de Emisións). Nestes previíase un aumento do prezo medio do carbono, de máis de 27 euros por tonelada para o período 2019-2020 e coa previsión de superar os 36 a partir de 2021. Así mesmo, aínda que observemos só o incremento do último ano, desde a media de 15,88 euros por tonelada do 2018 até os datos máis recentes que sitúan no momento de asinar esta iniciativa o prezo por riba dos 29 euros, é obvio que é un factor máis alá de puntual e diante do que cómpre valorar as súas consecuencias.

Mentres o goberno da Xunta de Galiza permanece en silencio e continúa sen incluír esta cuestión en axenda (abonda constatar, por exemplo, a absoluta ausencia nas Directrices Enerxéticas de Galiza 2020) observamos xa consecuencias que afectan aos galegos e galegas, tanto na configuración dos prezos enerxéticos das e dos consumidores domésticos como tamén na competitividade no tecido industrial. Nestes meses puidemos ver as consecuencias deste modelo especulativo coas paradas produtivas en empresas como a Central Térmica das Pontes ademais de inquedanzas noutros sectores coma o metalúrxico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

elaborar, no prazo máximo de dous meses, un informe exhaustivo sobre o impacto en Galiza do mercado de emisións dende a súa existencia e, particularmente,

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:10
Nº Rexistro: 53616
Data envio: 09/08/2019 10:28:10.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das alteracións de prezo do último ano co obxectivo de elaborar propostas para demandar ás institucións europeas e estatais correspondentes para minorar o seu impacto na industria."

Santiago de Compostela, 09 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2019 10:20:39

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2019 10:20:49

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2019 10:20:57

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:10
Nº Rexistro: 53616
Data envio: 09/08/2019 10:28:10.583

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2019 10:21:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2019 10:21:14

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2019 10:21:24

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:05:44
Nº Rexistro: 53642
Data envio: 09/08/2019 13:05:44.189

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta publicou no DOG con data de 29 de xullo, a Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, o que supón peche de escolas e unidades no ámbito rural.

As escolas, alén dun servizo público esencial, son un elemento dinamizador das localidades rurais en todos os eidos, contribuíndo á fixación da poboación.

Ano a ano, os únicos criterios economicistas fan desaparecer escolas rurais. Este ano as escolas pechadas son as seguintes:

Provincia da Coruña:

- 2 escolas no concello de Carnota: EEI de Portocubelo e EEI do Viso
- 1 escola no concello de Mugardos: EEI do Seixo
- 1 escola no concello de Sada: EEI de Carnoedo
- 1 escola no concello de Trazo: CEIP da Polveira

Provincia de Pontevedra:

- 1 escola no concello de Cuntis : EEI Arcos de Furcos
- 1 escola no concello de Vigo: EEI Zamáns

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:05:44
Nº Rexistro: 53642
Data envio: 09/08/2019 13:05:44.189

En total, 7 escolas no rural e outras tantas reubicadas nun só centro, profesorado que terá que reubicarse, e perda de oportunidades de medrar e educarse sen ter que facer desprazamentos innecesarios, así como a perda de oportunidade de fixar a poboación que se aproximará a outras zonas nas que teñan máis oportunidades de conciliar a educación das persoas menores, con menores desprazamentos e os propios traballos.

Esta situación non é puntual, pois ano a ano suprímense unidades escolares, servizos e prazas docentes nos centros de ensino rural.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar unha Mesa polo Ensino rural, á que se convoque a todos os axentes implicados (sindicatos educativos, asociacións pedagóxicas e ANPAS, municipios) para acadar acordos que retrocedan a redución de recursos educativos no medio rural e que garantan a presenza de toda a oferta educativa formal no rural.

2. Entre os acordos a impulsar, debater a necesidade de contar con equipas multidisciplinares que elaboren un Plan de Educación específico para o Rural.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Francisco Casal Vidal
Deputada, deputados e Voceiro do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:05:44
Nº Rexistro: 53642
Data envio: 09/08/2019 13:05:44.189

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 13:03:19

David Rodríguez Estévez na data 09/08/2019 13:03:31

Francisco Casal Vidal na data 09/08/2019 13:03:40

Luis Villares Naveira na data 09/08/2019 13:03:51

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 09/08/2019 14:26:24.677

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o respecto á toponimia oficial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado publicouse o anuncio do 6 de agosto de 2019 o listado de españois falecidos nos campos de concentración de Mauthausen e Gusen.

Nel, por desgraza non están recollidos todas as persoas falecidas neste campo e no resto de campos nazis de concentración nazis. É un avance para unha sociedade democrática e para o noso Estado de Dereito que se realice esta publicación inda que sexa con 40 anos de retraso.

A ditadura de Franco ocultou as súas identidades durante todos estes anos.

O Ministerio de Xustiza con esta publicación permite que todas estas persoas se inscriban como falecidas no Rexistro Civil, 70 anos despois.

A maxistrada xuíza do Rexistro Civil Central, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica para a reparación das vítimas do nazismo publicou este listado e agora ábrese un prazo para que os familiares e persoas interesadas fagan alegacións e soliciten as correccións oportunas.

Porén, para unha maior facilidade de localización dos familiares, habería que respectar os topónimos dos lugares que con respecto as persoas galegas falecidas e a súa orixe non se atopan indicadas correctamente. Así, é necesario corrixir topónimos como o de Orense por o correcto Ourense, La Coruña por o correcto A Coruña, El Ferrol no sitio de Ferrol, Nogales no sitio As Nogais, Vivero no

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 09/08/2019 14:26:24.677

sitio de Viveiro, Freijo no sitio de Freixo, Vilabol no sitio de Villabol, Villar de Cucos no sitio de Vilar de Cucos, Lajosa no sitio de Laxosa, Lampó no sitio de Lampón, Seijo no sitio de Seixo, Fregido por Freixido, Muro no sitio de Muros, Santa Eugenia de Riveira por Santa Uxía de Riveira, Puebla del Caramiñal por A proba do Caramiñal, Mapica por Malpica, Muro por Muros, Villasantar por Vilasantar; Bartal por Baltar, Cujas en Ourense descoñecéndose esta poboación así como Santa Comba del Jarjantos, Fornellos etc..

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza a fin de que se faga a oportuna corrección de erros dos topónimos galegos no Anuncio publicado no BOE do 9 de agosto de 2019 da lista de persoas falecidas no campos *de* concentración de Mauthausen e Gusen para facilitar a localización dos familiares polas súas respectivas familias ou persoas interesadas, todo elo en cumprimento do artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia".

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputada, deputados e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 14:24:58

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53670
Data envio: 09/08/2019 14:26:24.677

David Rodríguez Estévez na data 09/08/2019 14:25:08

Luis Villares Naveira na data 09/08/2019 14:25:18

Francisco Casal Vidal na data 09/08/2019 14:25:27

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:59:59
Nº Rexistro: 53689
Data envio: 12/08/2019 09:59:59.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma Procap Ourense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construirá o mesmo, o número de prazas do

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:59:59
Nº Rexistro: 53689
Data envio: 12/08/2019 09:59:59.269

que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.
Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construiría nun solar de 4 600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

En setembro de 2018 a daquelas directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea "Asiste.00"de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

O 16 de xaneiro de 2019 aprobábase sen modificacións e por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista coa seguinte parte resolutiva:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:
1. Licitar a obra do centro de atención para persoas con diversidade funcional de Ourense para maiores de 21 anos antes de maio do ano 2019, así como que estean listos os pregos que rexerán o procedemento de adxudicación da mesma e o seu equipamento.
2. Comprometerse firmemente para que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.
3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade En Ourense".

A conselleira de Política Social presentaba en Ourense o pasado 31 de xullo o proxecto do centro de atención a persoas con diversidade funcional, onde anunciou tamén que a licitación da actuación terá lugar no mes de setembro cando se aprobe no Consello da Xunta a autorización para enviar o procedemento ao Boletín Oficial da Unión Europea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 09:59:59
Nº Rexistro: 53689
Data envio: 12/08/2019 09:59:59.269

O 3 de agosto representantes da plataforma Procap reuníronse co director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e a delegada da Xunta en Ourense, para coñecer polo miúdo o proxecto do futuro centro de atención para persoas con diversidade funcional. Trala xuntanza, a plataforma amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a Xunta de Galicia teña previsto que o centro non sexa 100 % de xestión pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que o futuro de Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense sexa público e de xestión pública, así como atendido por empregados e empregadas públicas.
2. Comprometerse firmemente para que o Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.
3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade en Ourense.

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:48:30

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:48:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/08/2019 09:48:53

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:30:28
Nº Rexistro: 53709
Data envio: 12/08/2019 10:30:28.120

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o ano 2018 a Xunta de Galiza anunciou repetidamente aos medios de comunicación e á sociedade en xeral a futura ampliación dos servizos ofrecidos en Radioloxía de forma que o CHUO contaría con dúas resonancias funcionando, en declaracións do propio Conselleiro "funcionando a pleno rendemento".

Presuntamente, dita ampliación concretábase en dous aspectos. Dunha banda, na incorporación dun segundo equipo de Resonancia Magnética Nuclear, máis moderno e que reduciría a derivación a outros centros ao permitir, por exemplo, estudos bilaterais de mama. Doutra, na readaptación dos espazos de forma que se ampliaría e melloraría o espazo dispoñíbel até o momento para duplicar capacidades.

No mes de maio de 2018 anunciaron que estas obras estarían rematadas, e ambos os dous equipos de resonancia en activo, en setembro. Posteriormente, en agosto de 2018 referiron os prazos para "outubro ou novembro" e tamén posteriormente para "finais de ano". Finalmente, o segundo equipo de resonancia estivo operativo con meses de atraso a comezos do ano 2019. Porén, ano e medio despois dos primeiros anuncios, a realidade é que é absolutamente falso que no Complexo Hospitalario de Ourense,

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:30:28
Nº Rexistro: 53709
Data envio: 12/08/2019 10:30:28.120

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo puido saber este Grupo Parlamentario, estean a funcionar ambos os dous equipos de resonancia. Neste momento só funciona o máis novo, pois as obras desenvolvidas non foron as adecuadas e comprometen a seguridade e eficiencia dos procesos.

Esta situación é inaceptable pois supón que o goberno galego estivo a mentir aos galegos e galegas, e debe dar explicacións do que semella un uso inadecuado dos recursos públicos. Cómpre avaliar cales son as razóns para que as obras non foran adecuadas e neste momento estea sen empregarse un recurso valioso como é o dun equipo de resonancia que aínda que antigo non é en absoluto obsoleto e pode e debe ser obxecto de actualización.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Investigar e explicar publicamente as causas de que a anunciada ampliación do servizo de radioloxía do CHUO coa posta en marcha de dous equipos de resonancia non tivo lugar, e depurar as responsabilidades políticas oportunas.

2. Levar a cabo as actuacións necesarias de reforma dos espazos e de actualización do equipo antigo para que no prazo máximo dun mes o CHUO conte cos dous equipos a pleno rendemento evitando atrasos ou desprazamentos a outros Hospitais, particularmente aos privados e concertados."

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:30:28
Nº Rexistro: 53709
Data envio: 12/08/2019 10:30:28.120

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/08/2019 10:25:13

Xosé Luis Bará Torres na data 12/08/2019 10:25:22

María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2019 10:25:33

Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2019 10:25:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/08/2019 10:25:49

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:30:28
Nº Rexistro: 53709
Data envio: 12/08/2019 10:30:28.120

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/08/2019 10:25:59

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:34:07
Nº Rexistro: 53714
Data envio: 12/08/2019 10:34:07.228

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e** da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Paradela estanse a construír dous parques eólicos, Serra das Penas e Paradela, con 21 e 6 aeroxeneradores respectivamente.

Unha vez máis o que é un único parque eólico cun único promotor, ENEL, tramítase de xeito fragmentado para dividir a potencia en 42 MW, Serra das Penas e 12 MW, Paradela, co fin de que sexa a Xunta de Galicia e non o Estado o que tramite o parque, ademais de non estudar os efectos sinérxicos acumulados a nivel paisaxístico e ambiental.

Como xa é norma no modelo eólico desenvolto pola Xunta de Galicia o proxecto ten pouca consideración cos impactos que terá a nivel ambiental, patrimonial e social.

Este proxecto presenta unha grande afección ao Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Paradela, pola grande afección paisaxística.

Pola ubicación dos aeroxeneradores afectará negativamente á vida das persoas pola proximidade de aeroxeneradores de máis de 140 metros ás casas.

Na zona atópanse dúas especies en situación vulnerable como son a Tartaraña cincenta (Circus pygargus) e a Gatafornela (Circus cyaneus).

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:34:07
Nº Rexistro: 53714
Data envio: 12/08/2019 10:34:07.228

Por último reseñar que a Xunta de Galicia solicita que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade mentres autoriza proxectos que prexudican claramente a súa candidatura.

E coma é norma tamén a declaración de utilidade pública é unha burla ante o feito de que unha empresa multinacional italiana farase de ouro á conta do noso territorio e do noso vento deixando para a zona os impactos e migallas económicas.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que tome as decisións pertinentes, de xeito urxente, para paralizar as obras de construción dos parques eólicos de Serra das Penas e de Paradela e para impedir a súa definitiva instalación conquerindo que a zona volte á situación anterior ao inicio das actividades construtivas do parque.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Voceiro s. e deputadas do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:34:07
Nº Rexistro: 53714
Data envio: 12/08/2019 10:34:07.228

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/08/2019 10:30:21

Marcos Cal Ogando na data 12/08/2019 10:30:32

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/08/2019 10:30:54

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:49:02
Nº Rexistro: 53718
Data envio: 12/08/2019 10:49:02.527

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Exército español para tarefas de extinción de incendios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia é a día de hoxe a comunidade do Estado español onde máis incendios e hectáreas queimadas hai. Esta alta actividade incendiaria foi combatida dende fai anos polo SPDCIF.

Temos que lembrar que namentres o SPDCIF supuña no ano 2005 máis do 70%, a superficie media por lume era de 2,4 ha. A día de hoxe, con unha porcentaxe menor xa do 40%, a superficie triplicouse.

Isto pon de manifesto as e os grandes profesionais cos que conta o servizo público para un óptimo desenrolo das súas funcións.

Pola contra queremos deixar de manifesto que un dos grandes fallos do actual dispositivo é a atomización do servizo que, xunto cos continuos recortes de persoal e medios, fan deste un servizo cada vez menos efectivo.

Unha das causas da atomización é a contratación por medio da Xunta de Galicia, para a realización de labores de loita contra o lume, de organismos como pode ser a UME ou a Operación Centinela para suplir o peche de vixilancias móbiles, casetas de vixilancia ou mesmo brigadas ou motobombas do SPDCIF.

Con data do 9 de agosto de 2019, publicouse no BOE o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o exército, onde se pode observar como se despilfarran varios

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:49:02
Nº Rexistro: 53718
Data envio: 12/08/2019 10:49:02.527

centos de miles de euros nun breve período de tempo e cunhas funcións abstractas de todo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rescindir de inmediato o citado convenio e derivar esa partida económica para equipamento das brigadas existentes e para a cobertura das vacantes que haxa no SPDCIF.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 12/08/2019 10:44:53

Luis Villares Naveira na data 12/08/2019 10:45:06

Francisco Casal Vidal na data 12/08/2019 10:45:18

Paula Vázquez Verao na data 12/08/2019 10:45:32

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53744
Data envio: 12/08/2019 14:21:54.478

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas M**aribel Novo Fariña, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro e Julia Rodríguez Barreira** e, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en pleno.**

Exposición de Motivos:

O 16.02.2017 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia autorizar a sinatura dun Protocolo de Colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para a colaboración na realización das probas selectivas nos corpos da policía local de Galicia.

Posteriormente *publicouse o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.*

O 11 de marzo de 2019 publicouse no DOG, o decreto 20/2019, do 28 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Froito do Protocolo asinado coa FEGAMP e a normativa realizada pola Xunta de Galicia, realizáronse catro procesos selectivos centralizados nas seguintes ordes: orde do 22 de marzo de 2018; orde do 4 de xullo de 2018; orde do 25 de marzo de 2019 e orde do 31 de maio de 2019.

Na actualidade 70 dos 129 Concello que teñen policía Local en Galicia están adheridos ao sistema centralizado de procesos selectivos, o que representan o 53% do total.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53744
Data envio: 12/08/2019 14:21:54.478

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.-Continuar favorecendo a celebración dos procesos selectivos centralizados.
2º.-Que dende a FEGAMP e a Xunta de Galicia, se continúe instando aos Concellos a adherirse o sistema centralizado.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/08/2019 14:15:41

María Isabel Novo Fariña na data 12/08/2019 14:16:01

Paula Prado Del Río na data 12/08/2019 14:16:10

José Manuel Rey Varela na data 12/08/2019 14:16:34

Alberto Pazos Couñago na data 12/08/2019 14:16:51

Beatriz Mato Otero na data 12/08/2019 14:17:07

Jacobo Moreira Ferro na data 12/08/2019 14:17:22

María Julia Rodriguez Barreira na data 12/08/2019 14:17:31

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:29:45
Nº Rexistro: 53787
Data envio: 13/08/2019 10:29:45.150

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Concepción Burgo López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O programa Edulingüe iniciado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para dar un impulso adicional ao ensino das linguas estranxeiras, cun horizonte que remata no ano 2020, ten como obxectivos que a mocidade poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira, seguir adaptando as aulas galegas aos retos presentes e vindeiros, que necesariamente pasan pola destreza dunha lingua inglesa e, por último, favorecer a empregabilidade dos mozos e das mozas e, así mesmo, promover unha maior competitividade no sector empresarial.

A propia Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 prevé que a ensinanza plurilingüe se amplíe á formación profesional, creando 90 centros plurilingües en FP, e plurilingüismo en Ensinanzas Artísticas e Deportivas.

Dentro deste programa, creouse para o curso 2017/2018 o programa Estrela PluriFP, que regula a implantación e desenvolvemento dos denominados ciclos formativos plurilingües, aplicable aos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a resposta dos centros escasa nas tres convocatorias que se levan publicado, incluíndo a correspondente ao curso 2019/2020.

Así, no curso 2017/18 foron autorizados como plurilingües 12 ciclos formativos en 7 centros distintos, no curso 2018/19 foron autorizados 35 ciclos formativos en 21 centros e para o curso 2019/20 hai provisionalmente 44 ciclos formativos en 23 centros.

Chaman poderosamente a atención os seguintes feitos:

1. Na resolución de autorización correspondente ao curso 2017/18 (o primeiro autorizado) figuran os módulos dos para os que se autoriza a súa impartición en cada un dos ciclos formativos; esa información desaparece

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:29:45
Nº Rexistro: 53787
Data envio: 13/08/2019 10:29:45.150

tanto na autorización definitiva para o curso 2018/2019 como na provisional para a 2019/2020.

2. Dos 35 ciclos formativos autorizados no curso 2018/19, tres non volven a estar autorizados provisionalmente para o curso 2019/20.
3. Dos 44 ciclos formativos que se autorizan provisionalmente para o curso 2019/20, só 17 son novos ou dito doutra forma, hai 27 que xa estaban autorizados no curso 2018/19.
4. O nivel de implicación dos centros, tanto públicos como privados (concertados ou non) é moi escaso, xa que só o 8,71% dos centros solicitan a súa participación (23 de 264 para o curso 2019/20), logo de tres anos de vixencia deste plan.
5. O obxectivo de acadar os 90 centros no curso 2020/21 semella inalcanzable, toda vez que a un curso de dito horizonte tense acadado a participación de 23, ou sexa a cuarta parte.

Atopámonos, en definitiva e unha vez máis, ante un evidente fracaso dun programa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como xa ben denunciando ao longo desta lexislatura este grupo parlamentario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar, antes do remate do curso 2019/20 os resultados da avaliación da mellora experimentada polo alumnado que teña participado no programa Estrela PluriFP.
2. Presentar, antes do remate deste período de sesións, as medidas excepcionais tendentes a incrementar a participación dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no programa Estrela PluriFP cara ao curso 2020/21.

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:22:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:22:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/08/2019 10:23:10

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:30:52
Nº Rexistro: 53793
Data envio: 13/08/2019 10:30:52.972

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Concepción Burgo López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional implantou para o curso 2017/18 o programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria* que podía ser implementado como materia de libre configuración de centro, dentro doutras materias de xeito transversal, mediante programas de innovación da propia consellería ou mediante obradoiros que se debían desenvolver fóra do horario lectivo.

Nesta primeira convocatoria previíase a selección dun máximo de 120 centros resultando seleccionados 112 o que se pode considerar unha boa resposta, pese a que a resolución foi publicada o 12 de xuño de 2017, dando de prazo ata o 29 de setembro para que os centros presentasen a súa petición de participación.

Con respecto ao curso 2018/19 a convocatoria prevía a incorporación de 120 novos centros e consideraba prorrogada a participación dos 112 centros seleccionados no curso anterior. Pese a que resultaría previsible que un número de centros maior solicitasen a súa incorporación, o certo é que resultaron seleccionados só 50 novos centros; é dicir, quedaron vacantes practicamente o 60 % das prazas convocadas.

A convocatoria para o vindeiro curso prevese a incorporación de só 25 novos centros, feito que evidencia o abandono ao que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten sometido a este programa.

Si analizamos os orzamentos desta consellería vemos que a Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) ten como un dos seus contidos o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na ESO e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria, para o que os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

En concreto, e para o ano 2019, figuran consignados 240.000 € en adquisicións de kits edudixital (idéntica cantidade que no ano 2018) sobre un total de 5.070.000€ no capítulo 6 do tan versátil programa 323B para a prevención do abandono escolar.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver medidas que incentiven a participación dos centros no programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria*.
2. Avaliar, antes do remate do curso 2019/20, os resultados deste programa, dando traslado ao Parlamento de Galicia dos resultados de dita avaliación.

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:26:19

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:26:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/08/2019 10:26:41

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe 2016 (último dispoñible) do Imserso "As persoas maiores en España", "Galiza, cun 24,3%, é a terceira comunidade autónoma con maior porcentaxe de maiores (poboación con idade igual ou superior a 65 anos) tras Castela e León e o Principado de Asturias, co 24,4%. Estes datos sitúan a Galiza cun 6% máis de maiores que a media do Estado (18,6%) e case 8 puntos porcentuais más que en 1995 e preto do 1% respecto a 2011".

"A exclusión social afecta de forma especial ás persoas maiores por factores relacionados co seu estado de saúde, a situación socioeconómica, a discapacidade e o debilitamento das relacións persoais". Ademais, as persoas maiores que viven en áreas rurais padecen desigualdades no acceso a determinados servizos, a distribución dos ingresos e a participación política e comunitaria".

"No ano 2015, a taxa de risco de pobreza situábase no 17,3% para o conxunto da poboación europea, tendo os valores maiores Romanía, Letonia, Lituania, España e Bulgaria, nos que a incidencia da pobreza afecta a máis do 22% da poboación".

Ademais, "Romanía e España son os países con maiores taxas de risco de pobreza en menores de 25 anos. A poboación en idade laboral (entre 25 e 54 anos) tamén presenta taxas moi elevadas, só por debaixo de Romanía".

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

"En España, a taxa de risco de pobreza das persoas maiores foi diminuíndo nos últimos anos, dende o 41% no ano 2009 ata o 10% en 2013. Sen embargo, en 2015 volveu a incrementar ata o 13,7% ao estar afectadas por elevadas taxas de desemprego".

"En todos os países da UE-28, a maior taxa de pobreza entre as persoas maiores dáse nas mulleres. En España, a taxa de mulleres maiores e pobres é case o dobre que a dos homes".

"Nas persoas maiores, as causas máis frecuentes de discapacidade son as asociadas a deficiencias sensoriais (dificultade para ver e para oír, fundamentalmente). Séguenlle a dor de costas e pescozo, a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, os trastornos depresivos, as caídas, a diabetes, a demencia e a artrose".

"En canto ás limitacións para as actividades básicas da vida diaria, o 20,7% da poboación de 65 anos e máis teñen dificultade para realizar algunha delas e aumentan coa idade. No grupo de 85 anos e máis, as limitacións afectan ao 53,7 %. Asearse é a limitación que se declara como máis frecuente, seguida de alimentarse".

"En relación ás actividades instrumentais da vida diaria, o 47,2% das persoas maiores declara algunha dificultade para realizalas e tamén aumentan coa idade. No grupo de 85 y máis anos, o 82,6% ten algún grao de dificultade para as tarefas domésticas habituais, como usar o teléfono ou tomar a medicación. A dificultade para moverse aumenta coa idade, 79,3 % entre as persoas de 85 anos e máis".

"A diminución da actividade física inflúe negativamente na integridade do aparato músculo-esquelético. Dos datos que ofrece a «Enquisa europea de saúde para España» do año 2014, debe preocupar que un 36,7% da poboación total se declara sedentaria, chegando ao 54,8% no grupo de idade de 75 a 84 anos e ao 75,1% entre as maiores de 85 anos".

"Respecto ás estancias hospitalarias, máis da metade corresponden a maiores: en 2014, o 54,9 %. O principal motivo de consulta son os problemas do aparato circulatorio, do

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

aparato locomotor e os problemas endocrinos, metabolismo e nutrición. Os problemas psicolóxicos ocupan a novena posición entre os homes e a oitava posición entre as mulleres".

"En España, o fenómeno do "baby boom" produciuse entre 1957 y 1977, período no que houbo case 14 millóns de nacementos, 5 millóns máis que nos vinte anos anteriores e 4,5 millóns máis que nos vinte anos seguintes. Durante este período de tempo houbo en España máis de 640.000 nacementos ao ano. A xeración do "baby boom" representa na actualidade un terzo do total da poboación española".

"España sitúase en segundo lugar entre os países con maior esperanza de vida ao nacer, tras Xapón. Pero isto non significa que eses anos sexan vividos con boa saúde. Os anos de vida saudable ao nacer en España en 2014 son de 66,9 anos. Entre 2006 e 2014, os anos de vida saudable ao nacer aumentaron 4 anos. Entre 2006 y 2014, os anos de vida saudable despois dos 65 ten aumentado 1 ano".

Nos últimos anos as denuncias de casos de malos tratos e conflitos entre persoas usuarias de residencias da terceira idade van en aumento e Galiza non é unha excepción.

Ademais, a Sociedad Española de Nutrición Parenteral, eleva a desnutrición nas residencias de maiores a máis do 60%.

A OMS recomenda cinco prazas en residencias por cada cen persoas maiores de 65 anos. En Galiza, as prazas residenciais rondan as 21.000. Segundo datos do IGE, a 19 de xaneiro deste ano había 848.191 persoas neste intervalo de idade. Sendo o 5 % 42.409, faltan outras 21.000 para alcanzar a rateo da OMS.

Segundo o informe do Consello de Contas 2018, as persoas galegas maiores teñen que esperar de media 607 días, case dous anos, para entrar nunha residencia pública ou concertada: 453 días desde que presentan a solicitude ata que a Xunta lles recoñece o dereito (moi superior aos seis meses que marca a lei), outros 154 días dende que se lles recoñece ata que efectivamente ingresan no centro (tamén moi superior ao límite de tres meses que establece a normativa).

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

O Consello de Contas instaba tamén á Xunta a incrementar as prazas en centros de maiores. Galiza ten unha rateo de camas de 3,05% residenciais, por debaixo do máis do 4% da media do Estado. Entre centros de titularidade autonómica e prazas concertadas, hai 7.769, a oferta privada uns 13.000 mil e as municipais que ronda as 5.000, o que dan un total de 21.000, polo que moitas persoas maiores deben recorrer a un centro privado se poden pagalo ou sumarse á longa lista de persoas maiores que viven soas. A lista de espera para acceder a una praza pública ronda as 1.500 en Galiza. A Coruña e Pontevedra copan tres cuartas partes desta lista.

Como exemplo, temos a comarca de Pontevedra onde só hai una praza en residencias públicas para cada 33 persoas de máis de 85 anos e unha lista de espera en torno ás 800 persoas para acceder a una praza.

O Consello de Contas insta á Xunta a dotar de "persoal e medios suficientes" as residencias públicas galegas para axilizar os prazos e cumprir cos tempos de espera que fixa lei. O 65% das prazas que oferta a Xunta son privadas e o Consello de Contas advirte que a rateo de persoal nestes centros concertados é un 9% inferior ás residencias públicas e que esta diferenza pode afectar á calidade da atención.

A Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía denuncia que nos hospitais públicos máis representativos de Galiza non hai a veces nin un só especialista en Xeriatría. Nos hospitais públicos galegos só hai un Servizo completo de Xeriatría no Hospital Lucus Augusti; o Hospital do Meixoeiro de Vigo está pendente da acreditación docente; no Hospital Cristal Piñor de Ourense e no de Oza, da Coruña, hai só un xeriatra traballando e no Hospital Clínico Universitario de Santiago non hai a especialidade.

Resumindo, actualmente o 24,3% da poboación galega supera hoxe os 65 anos, porcentaxe que se incrementará notablemente no ano 2022, cando a xeración do “baby boom” acade os

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

65 anos e, evidentemente, Galiza non está preparada, nin preparándose para afrontar esa situación.

Despois de moitos anos mellorando o poder adquisitivo das persoas maiores, na actualidade as novas xeracións de maiores viven peor que as anteriores debido ás sucesivas reformas laborais e de pensións, así como o aumento dos coste dos servizos básicos, e a situación non fai máis que empeorar.

Polo tanto, enfrontámonos a un futuro de persoas maiores pobres e cunha gran esperanza de vida, pero non de vida saudable, por iso é urxente prepararnos tanto para mellorar a súa saúde como para ter unha oferta de servizos que garantan a mellor calidade de vida na ancianidade, obxectivo que non imos conseguir convertendo a Dependencia e a ancianidade no gran negocio deste País.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar a esta Cámara, no prazo máximo de 3 meses, un informe sobre a situación das persoas maiores en Galiza, xunto cun plan de actuación que, dando resposta ás deficiencias detectadas, centre como obxectivo das intervencións sociosanitarias nas persoas maiores manter a súa autonomía e independencia, con intervencións dirixidas á prevención da dependencia, a promoción do envellecemento activo, o apoio ás familias, a adaptación de vivendas, a creación de aloxamentos alternativos e centros polivalentes.

2. Garantir a existencia da especialidade de Xeriatría en todos os hospitais públicos galegos e en todas as residencias da terceira idade, tanto públicas como privadas, en número suficiente para garantir unha atención de calidade ás persoas maiores.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

3. Garantir a existencia da especialidade de Nutricionista en todos os hospitais públicos galegos e en todas as residencias da terceira idade, tanto públicas como privadas, en número suficiente para garantir unha dieta adaptada ás necesidades nutricionais das persoas maiores.

4. Rematar coa política de converter a ancianidade e a dependencia no gran negocio de empresas que non dubidan en reducir a calidade do servizo que prestan para aumentar os beneficios, aumentando urxentemente a oferta de prazas públicas tanto en residencias da terceira idade como en centros de día que rematen coa lista de espera actual.

5. Mellorar o servizo de axuda no fogar e de respiro familiar, garantindo o seu acceso a toda a poboación e a cobertura das necesidades individuais de cada persoa usuaria.

6. Coordinar cos concellos galegos a atención e seguimento das persoas anciás que viven soas, prestando apoio técnico aos Concellos para a elaboración de protocolos sociosanitarios municipais de atención a estas persoas, establecendo un contacto permanente e asiduo que garanta a detección de calquera situación de alarma respecto á súa saúde, tanto a nivel físico como psicolóxico e social.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/08/2019 10:31:39

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:33:40
Nº Rexistro: 53803
Data envio: 13/08/2019 10:33:40.141

Luis Villares Naveira na data 13/08/2019 10:31:45

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 11:07:43
Nº Rexistro: 53807
Data envio: 13/08/2019 11:07:43.771

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos:

A falta de efectivos policiais en Galicia cada día é máis evidente, afecta a todas as cidades e comeza a ser crónica. Unha situación que compromete a seguridade das veciñas e veciños en toda a Comunidade Autónoma.

As xubilacións ou as baixas médicas sen cubrir, entre outros motivos, xeran en Galicia un déficit de máis de 600 policías dos que lle corresponden por catálogo. O concurso de traslados trouxo a Galicia 133 novos axentes, de todo insuficientes tendo en conta que os representantes dos axentes tiñan pedido 250 efectivos nese concurso de méritos.

Do mesmo xeito, a unidade de Policía adscrita á Xunta de Galicia presenta un importante déficit de efectivos que afecta á totalidade das súas comisarías, contando neste intre cun total de 401 efectivos, fronte ós 500 previstos no seu cadro de persoal.

No año 2013 alcanzamos a cifra de 472, e ante un ano xacobeo 2021 e xa no 2020 que se incrementará de forma notable a chegada de peregrinos a Compostela e, polo tanto, as labores que a unidade ten encomendadas non só en protección de peregrinos e atención das rutas xacobeas, senón tamén de protección do patrimonio, ademais de competencias en incendios forestais e violencia de xénero, entre outras, faise imprescindible completar o cadro de persoal para garantir un desempeño eficaz das funcións propias desta unidade policial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 11:07:43
Nº Rexistro: 53807
Data envio: 13/08/2019 11:07:43.771

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do goberno do Estado que por parte do Ministerio de Interior, a través da Dirección Xeral de Policía se articulen as medidas oportunas que permitan cubrir as vacantes e incrementar os efectivos policiais da unidade de policía adscrita á Xunta de Galicia e do Corpo Nacional de Policía en toda a Comunidade Autónoma galega e que permitan a estes corpos policiais cumprir con eficiencia e eficacia as funcións que teñen determinadas".

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/08/2019 11:02:57

Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 11:03:18

José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 11:03:42

Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 11:03:59

Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 11:04:13

Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 11:04:27

María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 11:04:56

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/08/2019 11:05:05

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 11:51:20
Nº Rexistro: 53821
Data envio: 13/08/2019 11:51:20.584

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro,** M**aribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** e, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en pleno.**

Exposición de Motivos:

O Libro Branco da Xustiza de 1997, o Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza de 2001, a Lei 1/2000 de axuizamento civil e a reforma da Lei orgánica do poder xudicial en 2003, recoñecen a figura do procurador, de xeito que as súas funcións traspasan a esfera propiamente xurídico-privada como representantes procesuais das partes, para converterse en colaboradores da Administración de xustiza, como expresamente os sitúa o libro VII da Lei orgánica do poder xudicial, baixo o epígrafe das persoas e institucións que cooperan coa Administración de xustiza.

O contido das súas funcións veu incrementándose desde entón ata culminar na Lei 37/2011 de medidas de axilización procesual e na reforma da Lei de axuizamento civil operada pola Lei 42/2015, na que se acentúan as responsabilidades da procuradoría no novo sistema procesual, acorde coas fórmulas utilizadas no Dereito Europeo, que permiten acadar unha maior axilidade, claridade e eficacia do proceso.

Deste xeito, o lexislador reforzou o elenco de atribucións e obrigacións dos procuradores respecto da realización de diversos actos procesuais, tamén na fase de execución, coas persoas que non son os seus representados baixo a dirección e control do órgano xudicial e asumindo, a medida que a situación o foi requirindo, en virtude da súa condición de cooperadores da Administración de xustiza, un papel máis relevante nas labores de xestión e tramitación dos procedementos xudiciais, na liña marcada polo Libro branco da xustiza.

É por isto que a experiencia e o bo facer acreditado durante tantos anos polos Procuradores dos Tribunais e as súas organizacións colexiais, fan necesario avanzar

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

no seu papel de cooperadores da Administración de xustiza, co fin de axilizar os procedementos xudiciais, ampliando aos procuradores as súas atribucións cos órganos xudiciais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta ao Goberno do Estado a levar a cabo as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza, tamén na fase de execución das resolución xudiciais, coa realización de actos de cooperación acorde coas fórmulas empregadas no Dereito Europeo e coa finalidade de axilización dos procedementos xudiciais".

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/08/2019 11:39:44

Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 11:40:02

José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 11:40:57

Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 11:41:23

Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 11:41:41

Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 11:42:00

María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 11:42:24

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/08/2019 11:42:43

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 09:58:52
Nº Rexistro: 53858
Data envio: 14/08/2019 09:58:52.079

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Becerreá conta con tres prazas de Medicina Xeral e unha de Pediatría, que atende a poboación en idade pediátrica dos Concellos de Becerreá, Pedrafita, As Nogais, Cervantes e Navia.

O servizo de pediatría neste centro préstase dous días á semana.

Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva rateo de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa.

A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Na Montaña luguesa, as nenas e nenos sofren moitas carencias no servizo de pediatría. Até seis concellos comparten unha soa praza de pediatría, que atende en días alternos no Corgo, Láncara e Becerreá, ata onde se desprazan os e as pacientes dos outros concellos: Baralla, O Páramo, Pedrafita, Cervantes, Navia e As Nogais. Cando a profesional está de baixa, a praza non se cubre por parte do SERGAS, quedando os concellos sen servizo e tendo que acudir a Lugo para a consulta pediátrica ou tendo que recorrer a servizos privados. Isto é o que sucede este verán de 2019, a non cobertura das ausencias da titular.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 09:58:52
Nº Rexistro: 53858
Data envio: 14/08/2019 09:58:52.079

Sendo unha zona que, polos seus indicadores socioeconómicos negativos precisa de políticas de reforzo para garantir a permanencia da poboación no entorno, non se entende como a Xunta non considera prioritaria a dotación dun servizo de pediatría adecuado ás necesidades da poboación nin como a Xunta non reclama do Goberno Central as necesidades en número de novas e novos pediatras *ad futurum*, solicitando axustar estas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a garantir a prestación do servizo de pediatría nos concellos da Montaña lucense con profesionais suficientes e cubrir as ausencias deste persoal.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/08/2019 09:56:20

Luis Villares Naveira na data 14/08/2019 09:56:33

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:12:20
Nº Rexistro: 53863
Data envio: 14/08/2019 10:12:20.589

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O vindeiro 17 de agosto vaise celebrar unha nova edición do Día da Galiza Mártir, data que honra a memoria e a loita de Alexandre Bóveda e a de todos os homes e mulleres que coma el sufriron a persecución e o asasinato polo fascismo franquista español.

Esta data foi instaurada en agosto de 1942 en Buenos Aires pola Galiza do exilio, que escolleu o día do asasinato de Alexandre Bóveda para simbolizar nel as arelas dunha xeración única e irrepetíbel, así como a devastación que o fascismo levou a cabo en Galiza en forma de asasinatos, cárcere, exilio, tortura, exclusión, depuración, vexacións, espolio, violacións e outras manifestacións do terror. Foi precisamente Castelao quen mellor expresou esta barbarie mediante as estampas da guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza) e através do cadro que representa o asasinato de Alexandre Bóveda: "A derradeira lección do mestre".

Durante moitas anos, a conmemoración do Dia da Galiza Mártir estivo prohibida en Galiza. Só nos anos finais da década de 1979 se comezou a celebrar en Pontevedra, primeiro no cemiterio de San Amaro e máis adiante do monumento da

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:12:20
Nº Rexistro: 53863
Data envio: 14/08/2019 10:12:20.589

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

praza de Curros Enríquez, erixido en 1986, baixo o patrocinio e o impulso da Fundación Alexandre Bóveda. Posteriormente ergueríase en 1996 o monumento situado en Poio, na subida á Caeira, promovido polo concello de Poio e a Fundación Alexandre Bóveda.

Cómpre ter en conta que esta conmemoración ten unha dimensión política, social e institucional. Canto ao ámbito institucional, está auspiciada desde 1995 polo concello de Poio e desde 1999 polo concello de Pontevedra. Ademais dos actos que teñen lugar en Pontevedra e Poio, a data conmemorase con numerosas actividades en toda Galiza, promovidas por organizacións políticas, entidades e institucións.

2. Está fóra de toda dúbida a achega imprescindíbel daquela xeración, e nomeadamente de Alexandre Bóveda, á causa do autogoberno de Galiza e á aprobación do Estatuto de 1936. Por este motivo, a súa figura e a súa obra deben ser obxecto de recoñecemento, de gratitude e de homenaxe polas institucións galegas, especialmente pola Xunta e polo Parlamento.

O parlamento galego aprobou, na sesión do 26 de decembro de 2006, unha proposición non de lei na que se acordaba facer un recoñecemento especial á figura de Alexandre Bóveda pola súa participación na elaboración e aprobación do Estatuto de 1936. Aquel acordo tamén incluía as seguintes determinacións:

- Promover iniciativas que teñan por obxecto dar a coñecer e divulgar na sociedade galega os valores éticos e políticos encarnados por Alexandre Bóveda e polos demais compatriotas asasinados e represaliados polo franquismo.

- Promover diante do goberno español a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e a de todas as persoas que foron asasinadas e represaliadas por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galiza e a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:12:20
Nº Rexistro: 53863
Data envio: 14/08/2019 10:12:20.589

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xustiza social, e a iniciar as xestións necesarias para anular os consellos de guerra a que foron sometidos.

3. Ao longo dos últimos anos, numerosas entidades e institucións demandaron a institucionalización do Día da Galiza Mártir. En 2013, a Fundación Alexandre Bóveda iniciou unha campaña neste sentido, que se concretou na presentación dunha Proposición non de lei através da Comisión de Peticións do parlamento galego.

Pola súa parte, numerosas entidades locais, entre elas o concello de Poio, o concello de Pontevedra e a Deputación de Ourense, aprobaron acordos plenarios demandando a oficialización da data e a organización de actos encamiñados á rehabilitación pública e política de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas galegas da Ditadura franquista.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en pleno:

"O parlamento galego adopta como resolución conmemorar oficialmente, cada 17 de agosto, o Día da Galiza Mártir en honra de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas do franquismo en Galiza."

Asemade, o parlamento insta ao goberno galego a

1. Institucionalizar o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir, para honrar a Alexandre Bóveda e a todas as persoas perseguidas e asasinadas polo franquismo en Galiza.

2. Organizar anualmente un acto institucional con motivo desta data e crear os Premios da Galiza Mártir co obxecto de recoñecer a entidades e persoas con unha traxectoria destacada na recuperación da memoria histórica democrática galega.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:12:20
Nº Rexistro: 53863
Data envio: 14/08/2019 10:12:20.589

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Desenvolver anualmente un programa actividades para dar a coñecer a vida e a obra de Alexandre Bóveda e dos compañeiros e compañeiras de xeración que foron perseguidos e asasinados polo franquismo en Galiza.

4. Dirixirse ao goberno do Estado para que se promovan as iniciativas necesarias para a rehabilitación de Alexandre Bóveda e para a anulación da sentenza que o condenou a morte, así como para a anulación de todas as sentenzas, expedientes e sancións ditadas durante a Ditadura contra cidadáns e cidadás galegos por motivos políticos, ideolóxicos, de crenzas, de raza ou de diversidade sexual.

Santiago de Compostela, 14 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:12:20
Nº Rexistro: 53863
Data envio: 14/08/2019 10:12:20.589

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2019 10:07:02

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2019 10:07:16

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2019 10:07:24

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2019 10:07:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2019 10:07:41

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2019 10:07:51

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:19:14
Nº Rexistro: 53870
Data envio: 14/08/2019 10:19:14.835

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Navia de Suarna conta con 1.103 habitantes (IGE 2018), aumentando notablemente a poboación no verán, cunha idade media de 60,3 anos, tendo unha das taxas de envellecemento máis elevadas do mundo (1.1015,21).

Navia de Suarna conta cunha extensión de 242,56 km2, cunha poboación espallada nunha zona montañosa.

O Centro de Saúde de Navia de Suarna conta con unha praza de medicina xeral, unha de enfermería e outra administrativa.

No caso de saír a atender un domicilio, o Centro de Saúde queda sen persoal médico.

En 2015, a baixa do médico titular non foi substituída en medio ano, o que colapsou o centro de saúde.

Para as urxencias, a referencia é o PAC de Becerreá, que se atopa a máis dunha hora de distancia en coche de determinadas poboacións do Concello de Navia de Suarna, e a máis de media hora da capital municipal.

A única farmacia do Concello non conta con servizo 24 horas.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:19:14
Nº Rexistro: 53870
Data envio: 14/08/2019 10:19:14.835

As poboacións avellentadas, como é o caso, son máis vulnerables ante fenómenos habituais como as gripes estacionais ou as vagas de calor.

Tamén se constata o desigual tratamento salarial do persoal de enfermería substituto a respecto do fixo, co que se dá unha clara vulneración do principio de igual traballo igual salario, nunha mesma categoría profesional.

Por outra parte, o cadro de persoal non conta cos elementos materiais mínimos necesarios para desenvolver a súa labor con eficacia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Analizar as necesidades asistenciais da poboación das zonas da serra dos Ancares e dotar o Centro de Saúde de Navia de Suarna do persoal fixo necesario para garantir a atención sanitaria a todas as poboacións da zona.

2. Dotar e garantir os medios materiais no Centro de Saúde de Navia de Suarna e a súa reposición e abastecemento regular.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:19:14
Nº Rexistro: 53870
Data envio: 14/08/2019 10:19:14.835

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/08/2019 10:16:15

Luis Villares Naveira na data 14/08/2019 10:16:28

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:35
Nº Rexistro: 53875
Data envio: 14/08/2019 10:44:35.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O uso do plástico en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo e un longo etc. fai que se xeneren grande cantidade de residuos deste material que ata non hai moitos anos "adornaban" espazos de monte, ríos e regatos do noso rural.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que plantexaban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilitar o traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A magnitude do problema, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras máis a presión dos concellos fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa gratuíto de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

A magnitude do gasto era irrisoria, 24.200 euros.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:35
Nº Rexistro: 53875
Data envio: 14/08/2019 10:44:35.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contra agosto do ano pasado a Xunta de Galicia deixou de financiar a recollida dificultando a xestión deste residuo trasladando o problema integramente a gandeiros e concellos e ós montes, ríos e regatos deste país.

En novembro do pasado ano presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Porque o problema reside en que con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, e agora volvemos velos nos contenedores, cunetas das estradas, montes...

Porque o problema é serio e a suspensión do programa trae consigo:

– Un aumento nos custes de produción das explotacións gandeiras que xa están demasiado axustados.

– Aumento da presenza deste residuo en cauces de ríos e regatos, montes etc. cun dano medioambiental considerable.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en pleno:

O parlamento insta ao goberno galego a:

- Elaborar un programa de financiación á recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola que favoreza a súa reciclaxe e evite a valorización enerxética ou o enterramento.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:35
Nº Rexistro: 53875
Data envio: 14/08/2019 10:44:35.009

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer unha liña de axudas ós concellos de vocación agrícola-gandeira para a recollida e o acondicionamento dos puntos de acopio.

Santiago de Compostela, 14 de agosto do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2019 10:40:08

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2019 10:40:20

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2019 10:40:30

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:35
Nº Rexistro: 53875
Data envio: 14/08/2019 10:44:35.009

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2019 10:40:38

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2019 10:40:46

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2019 10:40:55

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García** e **Marcos Cal Ogando** e da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Asistimos actualmente a unha oleada de proxectos de parques eólicos en mans maioritariamente de grandes empresas, que cunha lexislación feita á medida, lánzanse ao suculento negocio do vento.

Prodúcese nun marco normativo que prima a propiedade das grandes empresas, a implantación masiva de parques eólicos cuns criterios laxos a nivel paisaxístico e ambiental, e no que non se aposta pola democratización da enerxía, cun esquema que permitise a participación da poboación, nomeadamente a rural, no negocio, baixo modelos sostibles.

As políticas da Xunta de Galicia de colaboración activa cos grandes capitais permiten que se pase por riba dos dereitos da cidadanía, actuando o Goberno galego como principal obstáculo para a información e participación das persoas e colectivos que se defenden das agresións ambientais, económicas e paisaxísticas que supoñen en moitos casos estes parques.

Un exemplo deste proceder, dos moitos que se poderían incluír, é o parque da Serra do Oribio, construído en Rede Natura cun procedemento administrativo escurantista e opaco para beneficio da empresa.

En definitiva o modelo do PP para o vento é un modelo en mans duns poucos, contra o interese xeral, que causa impactos ambientais e paisaxísticos significativos e que non deixa beneficios para a poboación local, cando o que se

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

aproveita son recursos locais.

Galiza ademais non debe de potenciar un modelo desarrollista no eido eólico senón un modelo harmónico onde economicamente, máis que a potencia instalada, se potencie o desenvolvemento de tecnoloxía propia, sector con moita máis capacidade, a longo prazo, de crear emprego e de maior calidade que o que xera a potencia instalada.

Para o futuro de Galiza é indispensable a potenciación de políticas que reduzan a dependencia enerxética de Galiza, e a súa dependencia de combustible fósiles, que serán escasos no futuro.

Dentro desta política, que debería ser troncal no Goberno galego, e transversal no seu deseño e aplicación, a produción eólica debería ser fundamental.

O modelo do goberno Feijóo ten demostrado ser un fracaso e representa un tapón para o desenvolvemento da produción eólica en Galiza, en base a outro modelo democratizado, en mans da cidadanía e descentralizado.

O marco normativo ao cal debe aterse un país pertencente á Unión Europea está regulado por unha norma específica, a Directiva 72/2009 CE. Esta norma pretende configurar a actividade de produción de enerxía eléctrica establecendo unha serie de prioridades:

a) Priorización das enerxías renovables fronte ás non-renovables.
b) Liberdade de mercado, libre establecemento para produtores.
c) Condicionalidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado (primas ou axudas) á previa ineficacia do mercado libre para alcanzar os obxectivos propostos.
d) Prioridade das plantas de produción de pequeno tamaño e de "xeración distribuída".
e) Acceso universal ás redes de distribución e trasporte.
f) Transparencia nos procesos de asignación de axudas (primas licenzas...)

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

Todos estes principios foron vulnerados pola lexislación de ámbito estatal e pola específica galega, alterando desta forma o deseño do sector eléctrico que pretendía a Unión Europea e deseñando outro, totalmente distinto e con outros intereses, un deseño do sector inclinado en privilexiar ao oligopolio eléctrico.

En resumo podemos dicir que o modelo europeo é doadamente visible en países como Alemaña ou Dinamarca, os cales se diferencian de España nos seguintes aspectos.

a) Presenza masiva de paneis solares nos tellados de naves industriais e vivendas.
b) Presenza de aeroxeradores pequenos nas granxas e fábricas.
c) Eliminación da enerxía nuclear.
d) Preferencia de subministración por moitos e pequenos produtores en lugar duns poucos e grandes. Preferencia pola "xeración distribuída".
e) Doado acceso á tramitación das pequenas instalacións, incluíndo o acceso a rede.

Ése é o modelo do interese xeral, o modelo sostible e o modelo viable.

Viable polas características dun país coa poboación diseminada, e cunha rede eléctrica igualmente estendida, e necesario por ser imprescindible o cambio de modelo enerxético, a redución da dependencia, a preservación da paisaxe, do patrimonio e a biodiversidade, e por ser un mecanismo de produción de rendas no rural para frear a tendencia ao abandono actual.

Polo exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Elaborar un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:

a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galicia establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.

b) Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo, non inferior a 6 meses, para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.

c) O Plan Sectorial Eólico de Galiza elaborarase en base aos seguintes principios:

i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.

ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos. Apoiar, con financiamento e asesoramento públicos as iniciativas cooperativas de produción onde a poboación local, comunidades de montes e outras fórmulas comunitarias, sexa a protagonista.

iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada, e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplen e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

novos parques

iv. Establecer novas medidas fiscais e extra-fiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental**.**

v. Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.

vi. Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.

2) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

a) Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e será aprobada no Parlamento galego.

b) Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, o Instituto de Estudos do Territorio fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 10:28:52
Nº Rexistro: 53890
Data envio: 19/08/2019 10:28:52.483

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3) En tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza considéranse Áreas de Desenvolvemento as actuais agás as áreas de exclusión propostas no punto 2).

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Luca Chao Pérez
Voceiro s., deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/08/2019 10:26:43

Marcos Cal Ogando na data 19/08/2019 10:26:54

Luca Chao Pérez na data 19/08/2019 10:27:10

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:44
Nº Rexistro: 53907
Data envio: 19/08/2019 13:54:44.194

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo (Cervantes) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para os conxuntos etnográficos de Pedrafita e Piornedo, declarados Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- exixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez máis dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Desde a última actuación levada a cabo pola Xunta de Galiza e a Deputación de Lugo en 2015, as pallozas de Piornedo non contaron con ningunha axuda pública para a súa restauración. Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:44
Nº Rexistro: 53907
Data envio: 19/08/2019 13:54:44.194

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cabo os labores de recuperación. Porén, este ano 2019 si que decidiu investir máis de 160.000 euros nas do Cebreiro.

É evidente que a conservación deste importante patrimonio cultural, símbolo da nosa identidade colectiva como pobo, exixe dun grande esforzo por parte das persoas propietarias e tamén da administración pública.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsábel da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómpren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a recuperar, con carácter anual, a liña de axudas do IGVS dirixida ao mantemento e rehabilitación das pallozas."

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:44
Nº Rexistro: 53907
Data envio: 19/08/2019 13:54:44.194

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2019 13:42:23

Xosé Luis Bará Torres na data 19/08/2019 13:42:32

María Montserrat Prado Cores na data 19/08/2019 13:42:43

Noa Presas Bergantiños na data 19/08/2019 13:42:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/08/2019 13:43:04

Ana Pontón Mondelo na data 19/08/2019 13:43:14

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53915
Data envio: 19/08/2019 14:00:18.756

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Luis Manuel Álvarez Martínez,** e das súas deputadas **Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa se indica que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos , nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.
Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade) , plantexa seis eixes

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53915
Data envio: 19/08/2019 14:00:18.756

4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, se prevé un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016/2017, 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020 e que, aos efectos que nos ocupan, son tres os cursos completos os que leva implementándose o plan e que o próximo curso é o último.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53915
Data envio: 19/08/2019 14:00:18.756

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes do remate deste período de sesións, un informe sobre a aplicación durante os cursos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019 deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, así como as necesidades de corrección, si as houbera, de dito plan cara á consecución dos seus obxectivos".

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2019

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Concepción Burgo López

María Luisa Pierres López

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/08/2019 12:58:25

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/08/2019 12:59:27

María Luisa Pierres López na data 19/08/2019 12:59:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/08/2019 13:00:03

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:06:22
Nº Rexistro: 53946
Data envio: 20/08/2019 11:06:22.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos de 2019 o Instituto Galego de Estatística publicaba un novo estudo respecto dos indicadores demográficos que volve deitar sinais de alarma sobre a situación do interior de Galiza, nomeadamente das comarcas comprendidas baixo a circunscrición de Ourense.

Entre os datos ofrecidos podemos sinalar que, por exemplo, respecto da Taxa de crecemento composto continuo da poboación Lugo e Ourense continúan a perder representatividade mentres que A Coruña e Pontevedra aumentan o seu peso no total galego, e Ourense decrece especialmente, situándose a caída no -0,72 que contrasta de forma significativa coa franxa atlántica mais tamén mesmo con Lugo.

Así mesmo, podemos sinalar a preocupante evolución respecto do avellentamento, a mortalidade e a baixa perspectiva de natalidade. Por exemplo, na estrutura por idades da poboación galega é Ourense quen ten a media máis alta, por riba dos 50 anos, dato que contrasta coa pésima perspectiva que ofrecer a Taxa bruta de natalidade de Ourense, que contempla nacementos por mil habitantes, é a máis baixa do

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:06:22
Nº Rexistro: 53946
Data envio: 20/08/2019 11:06:22.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

país, no 5,51, incluso Lugo, que comparte boa parte dos problemas de desenvolvemento socioeconómico, está case un punto por riba.

Tamén, as propias proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística amosa como determinadas comarcas do sur de Ourense e do sur de Lugo, están nunha posición crítica.

Esta situación ten un impacto negativo na economía ourensá e, por extensión, galega. Polo tanto, é urxente corrixir as eivas deste modelo de desenvolvemento económico desigual territorialmente.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que estas cifras amosan primeiro o fracaso das receitas aplicadas polos gobernos do Partido Popular durante décadas, e segundo, a necesidade dun cambio inmediato de políticas e de plans de compensación territorial para impulsar o crecemento desta parte do país que vaian alén de políticas exclusivamente natalistas e da política de propaganda respecto de medidas lexislativas baleiras para o impulso demográfico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a desenvolver no prazo de tres meses un Plan de reactivación económica de Ourense que sexa dialogado coas organizacións sindicais, veciñais, sociais e empresariais relevantes desta zona do país e no que se contemple, como mínimo:

- Unha radiografía por sectores económicos do impacto do declive demográfico

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:06:22
Nº Rexistro: 53946
Data envio: 20/08/2019 11:06:22.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Unha planificación por sectores avaliada orzamentariamente e cunha proposta de distribución temporal para os próximos 5 anos.

- Un mecanismo de seguimento permanente e de dación de contas anual ao Parlamento Galego e administración implicadas e á sociedade en xeral.”

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 11:00:15

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 11:00:24

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:06:22
Nº Rexistro: 53946
Data envio: 20/08/2019 11:06:22.128

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 11:00:30

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 11:00:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 11:00:46

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 11:00:54

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:55:52
Nº Rexistro: 53969
Data envio: 20/08/2019 13:55:52.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o modelo de xestión dos comedores escolares e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2013 a Xunta de Galiza publicou un novo decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

Este texto introducía importantes mudanzas no modelo de xestión deste servizo a respecto da normativa anterior, aprobada en 2007. Entre elas, a externalización ou privatización dos comedores así como o repagamento por parte das familias en función da renda.

Até ese momento, a contratación do subministro de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo, era unha modalidade contemplada como excepcional e apenas para aqueles casos en que estivese debidamente xustificada, sendo polo tanto a modalidade utilizada con carácter xeral a xestión directa.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:55:52
Nº Rexistro: 53969
Data envio: 20/08/2019 13:55:52.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2013 ese carácter excepcional foi suprimido nunha aposta decidida da Xunta de Galiza por xeralizar a xestión indirecta a través da externalización do servizo. Un modelo duramente criticado pola comunidade educativa (desde os centros escolares e as organizacións sindicais, até as propias familias) polas deficiencias que, en reiteradas ocasións, ten demostrado. Merma da calidade alimentaria dos menús, impagos ao persoal e a provedores que motivaron máis dunha rescisión de contratos, entre outras.

Sirva de exemplo os casos das empresas Col-Servicol S.L e Perea Rojas S.L en 2015 ou, máis recentemente, o de GESCOR, en 2018.

Desde o Grupo parlamentario do BNG temos reclamado a derrogación do Decreto 132/2013 desde a súa aprobación e a necesidade de iniciar un plan de recuperación para o público dos comedores escolares apostando na xestión pública directa destes espazos, complementarios aos centros de ensino, mais importantes tamén desde un punto de vista pedagóxico na formación do alumnado.

Segundo os datos da Xunta de Galiza, correspondentes ao ano 2018, existen no noso país 132 comedores onde o servizo é prestado de maneira indirecta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Derrogar o Decreto 132/2013 polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería e a redactar un novo que recupere a xestión pública directa deste servizo como modelo prioritario

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:55:52
Nº Rexistro: 53969
Data envio: 20/08/2019 13:55:52.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Deseñar un plan para a asunción, progresiva, dos comedores escolares que actualmente prestan o servizo de maneira indirecta, por parte da Xunta. Este plan deberá contemplar tamén aqueles comedores que actualmente prestan o servizo a través dos concellos ou as ANPAS."

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 13:46:45

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 13:46:52

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 13:46:58

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:55:52
Nº Rexistro: 53969
Data envio: 20/08/2019 13:55:52.829

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 13:47:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 13:47:13

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 13:47:20

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 09:48:06
Nº Rexistro: 53977
Data envio: 21/08/2019 09:48:06.174

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

Tal e como establece a Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, os montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo son aqueles conservados en pro indiviso cuxas persoas copropietarias, sen prexuízo de realizaren en común aproveitamentos secundarios, tiñan ou manteñen o costume de se reuniren para repartir entre eles porcións determinadas de monte ou senras para o seu aproveitamento privativo, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou polo uso inmemorial, e cuxa adxudicación se decide pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das senras así asignadas conforme as adquisicións hereditarias ou contractuais.

Así mesmo, e de ser o caso, a división das devanditas terras e a consecuente extinción da copropiedade farase de acordo co costume, e, non existindo este, farase de acordo coa presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código civil.

A diferenza dos montes en man común, serían comunidades de tipo romano caracterizadas consuetudinariamente polo reparto en cotas entre os propietarios que nun principio correspondían ao tanto de renda que tería que pagar cada casa do total do canon foral, e ademais para o seu recoñecemento actual dita propiedade debe estar documentada sendo os veciños ou propietarios consorciados “antigos e de solar coñecido”, estando cada un deles en condicións así de vender, ceder ou transmitir a súa parte aos seus herdeiros.

Deste xeito, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estamos nun momento moi oportuno para avanzar regulamentariamente na xestión sustentable dos montes de varas, conforme a súa multifuncionalidade ambiental, económica, social, cultural e patrimonial, que sen lugar a dúbidas favorecerá o desenvolvemento socioeconómico e a fixación da poboación no medio rural.

Do mesmo modo, a promoción e o fomento das copropiedades titulares de este tipo de montes permitirá facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 09:48:06
Nº Rexistro: 53977
Data envio: 21/08/2019 09:48:06.174

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

E por último, resulta imprescindible a existencia dun rexistro público que permita dispoñer, de maneira permanente, integrada e actualizada, toda a información precisa para o axeitado desenvolvemento destes montes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que, a través da Consellería de Medio Rural, e antes e que remate o ano 2019, proceda a realizar as xestións oportunas para avanzar decididamente en todo o relativo a constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente".

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/08/2019 09:44:09

Moisés Blanco Paradelo na data 21/08/2019 09:44:29

Jesús Miguel Prado Patiño na data 21/08/2019 09:44:44

Raquel Arias Rodríguez na data 21/08/2019 09:44:53

Rosa Oubiña Solla na data 21/08/2019 09:45:20

Carlos Gómez Salgado na data 21/08/2019 09:45:30

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/08/2019 09:45:46

Daniel Vega Pérez na data 21/08/2019 09:45:56

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:38
Nº Rexistro: 53998
Data envio: 21/08/2019 13:19:38.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado, cuestión que o Estado español desenvolveu con atraso.

Este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia.

Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez paira maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:38
Nº Rexistro: 53998
Data envio: 21/08/2019 13:19:38.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que, tempo despois da transposición da normativa europea, a CNMV non teña considerado que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de cada entidade.

As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Daquela, desde o BNG denunciabamos como se observabamos a Lista de títulos ou certificados de entidades especializadas dispoñíbel no portal da CNMV observamos que a data de abril de 2017 constaban actualizacións a respecto do mes de febreiro de novas titulacións. Porén, ningunha aínda das impartidas no noso país. Pasados dous anos, unicamente consta un centro privado radicado en Galiza.

Nesta mesma liña observamos que após a lei 5/2019 de 15 de marzo, reguladora dos contratos de creto inmobiliario, que obriga aos cadros de persoal das entidades financeiras que comercializa, asesora ou deseña préstamos hipotecarios, a certificarse e recibir unhas formacións acreditadas sobre esta materia, temos unha situación semellante. No mes de xullo de 2019 o Banco de España publicaba a listaxe de

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:38
Nº Rexistro: 53998
Data envio: 21/08/2019 13:19:38.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entidades e empresas certificadoras, así como das formacións que considera válidas. Inicialmente ningunha Universidade Galega e ningunha das titulacións destas servían para se certificar. Posteriormente foi incorporado o Máster Universitario en Banca e Finanzas (MUBF) da Universidade da Coruña.

Cómpre estar vixiantes diante desta nova realidade e non permitir que a transformación do sistema financeiro sexa un paso máis para debilitar a capacidade de protección do sistema financeiro galego e tamén para recentralizar a formación no sector, onde Galiza pode perder posibilidades. Unha cuestión, polo tanto, que debera preocupar ao goberno galego que, porén, nada ten dito ao respecto.

Por todas estas cuestións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Elaborar, en colaboración coa comunidade educativa galega, as organizacións sociais e os organismos oportunos, un informe comparado dos requisitos estabelecidos pola Directiva 2014/65/UE, a lei 5/2019 de 15 de marzo, reguladora dos contratos de creto inmobiliario, e as competencias contempladas nos plans de estudo das formacións galegas susceptíbeis de habilitar para o seu desenvolvemento.

2. Dirixirse á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) e ao Banco de España para demandar unha revisión da listaxe de títulos e certificados que cumpren coas esixencias da MIFID II de cara á validación das titulacións universitarias impartidas no Sistema Universitario Galego que habilitan para tales funcións,

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:38
Nº Rexistro: 53998
Data envio: 21/08/2019 13:19:38.156

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente as do ámbito económico, así como as formacións profesionais realizadas ao abeiro da lexislación galega, estatal e europea pertinentes."

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 13:06:17

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 13:06:28

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 13:06:40

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 13:07:34

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:38
Nº Rexistro: 53998
Data envio: 21/08/2019 13:19:38.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 13:07:43

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 13:07:53

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:21:16
Nº Rexistro: 54003
Data envio: 21/08/2019 13:21:16.522

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

Os medios públicos acaban de facerse eco, un ano mais, dos atrancos que está a poñer a familia Franco para cumprir a obriga de permitir as visitas ao pazo de Meirás. O concello de Sada acaba de poñer en coñecemento da Dirección xeral de Patrimonio as numerosas reclamacións existentes por persoas que non puideron realizar esta visita as que a familia Franco está obrigada pola consideración de BIC do pazo.

As queixas e os atrancos postos en marcha pola familia e pola Fundación Franco para que a cidadanía poda entrar no pazo son continuas, se repiten cada certo tempo e sobre todo en verano adoptando as mesmas formas. O telefono para realizar as reservas das visitas non está operativo ou remite a un buzón de voz ou a un contestador automático que advirte de que as peticións no serán atendidas neste mes por vacacións e remite a un enderezo electrónico do que nunca se obtén contestación.

Por outra parte os Franco nunca quixeron manter as visitas en verán e a Xunta parece que lles permite cambiar os horarios no mes de agosto, xa que na páxina web de turismo de Galicia se establece como días de visita os dous primeiros e os dous últimos do mes, cando o resto do ano se reparten ao longo do período mensual e cun horario que supón só tres horas por xornada e non as catro que marca o artigo 48 da lei de patrimonio cultural de Galicia, facendo prevalecer a Xunta de Galicia os privilexios da familia fronte os dereitos da cidadanía. Tamén hai queixas de persoas que tendo reservada a visita non puideron realizala.

O concello de Sada ofreceuse en múltiples ocasións a encargarse da xestión das visitas para rematar con todas estas irregularidades pero nunca atopou resposta por parte da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por outra parte, e polo que sabemos a Fundación Franco segue a facer apoloxía do franquismo dentro do pazo situación denunciada en múltiples ocasións sen que a Xunta tome ningunha medida para evitalo o que é francamente inaceptable.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

1. Tomar todas as medidas necesarias para que a familia Franco cumpra debidamente e en todo momento a obriga marcada polo artigo 48 da lei do patrimonio cultural de Galicia de permitir a visita pública e gratuíta de todos os bens declarados BIC catro días ao mes e un mínimo de catro horas ao día, sen permitir ningunha redución.

2. Transmitir á fiscalía a utilización do pazo de Meirás para facer apoloxía da ditadura franquista e do ditador, así como a tomar todas as medidas que a lexislación lle permita para rematar con dita exaltación franquista.”

Pazo do Parlamento 21 de agosto de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/08/2019 13:04:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/08/2019 13:04:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/08/2019 13:04:57

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:50:09
Nº Rexistro: 54018
Data envio: 21/08/2019 13:50:09.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías, reiterando unha proposta que xa fora anunciada polo Ministro de Fomento o pasado mes de novembro de 2018. Paradoxalmente, o debate ábrese xusto despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión.

Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais.

Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:50:09
Nº Rexistro: 54018
Data envio: 21/08/2019 13:50:09.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como resposta a aquel anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo o pasado mes de decembro, a instancias do BNG, nos seguintes termos:

"O Parlamento de Galiza amosa a súa rotunda oposición á intención do goberno central de estabelecer peaxes nas autovías, por consideralo unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, pon en risco a seguridade viaria e que supón un atranco o desenvolvemento económico é a cohesión social na Galiza."

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53:

-As dúas teñen prazos de concesión de 75 anos, o máximo legal

-En contraste con outras autoestradas, nas dúas existen escasos incentivos para o seu uso mediante bonificacións que supoñan aforros para as persoas usuarias.

-Na AP9 producíronse nos últimos 10 anos incrementos abusivos do prezo da peaxe de máis do 40%, e están previstos novos aumentos ao longo dos próximos anos como consecuencia dos convenios asinados por Fomento e a concesionaria para as obras de ampliación da capacidade en Rande e en Santiago de Compostela.

-A AP9 xerou ao longo de 40 anos de concesión ingresos de 3.000 millóns de euros, do que aproximadamente unha terceira parte foron beneficios. A previsión para

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:50:09
Nº Rexistro: 54018
Data envio: 21/08/2019 13:50:09.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os próximos 29 anos de concesión é que proporcione 14.556 euros de ingresos, e un multimillonario beneficio.

Mentres autoestradas da época da AP9 están sendo nacionalizadas e liberadas de peaxe (Burgos-Armiñón, Tarragona-Alicante, Sevilla-Cádiz...), na AP 9 temos a condena de 29 anos máis de concesión e continuos e abusivos incrementos de peaxes. E para maior aldraxe, as demandas de transferencia a Galiza desta infraestrutura foron sistematicamente boicoteadas polo PP.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Pleno do Parlamento acorda como resolución reiterar os termos do acordo plenario do pasado 5 de decembro e en consecuencia manifestar o rotundo rexeitamento á proposta de establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Asemade, o Pleno acorda dirixirse ao Congreso para que se retome a tramitación da lei de transferencia da AP 9 no trámite parlamentario de emendas, para deste xeito evitar o inicio dunha nova tramitación da lei que xa foi aprobada en tres ocasións pola cámara galega nos anos 2016, 2017 e 2018.

Ademais, o Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Realizar un estudo sobre o custo do rescate da concesión e negociar co goberno central a asunción do citado custo tendo en conta os beneficios xerados por esta infraestrutura ao longo de 40 anos.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:50:09
Nº Rexistro: 54018
Data envio: 21/08/2019 13:50:09.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Demandar do goberno central a supresión da peaxe entre Rande e Vigo, sen que esta medida repercuta no incremento da peaxe da autoestrada.

3. Reclamar ao goberno do Estado que asuma con cargo aos orzamentos calquera outro incremento das peaxes derivado das obras realizadas pola concesionaria e por bonificacións.

4. Que con carácter transitorio e mentres non se efectivice a transferencia e o rescate da concesión, negocie co Ministerio de Fomento e coa concesionaria o establecemento de bonificacións que xa existen noutras autoestradas e que permitan reducir o custo para as persoas usuarias atendendo a criterios de frecuencia de uso, horarios, viaxe de volta no mesmo día, tipos de vehículos e outros que se consideren de interese.

5. Establecer as mesmas bonificacións nas autoestradas de peaxe de titularidade autonómica, como medida transitoria, e realizar un estudo sobre o custo da gratuidade no caso da AG55 e da AG57 co obxecto de facela efectiva no ano 2020.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:50:09
Nº Rexistro: 54018
Data envio: 21/08/2019 13:50:09.602

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 13:49:09

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 13:49:18

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 13:49:26

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 13:49:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 13:49:44

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 13:49:52

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:42
Nº Rexistro: 54028
Data envio: 22/08/2019 11:24:42.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento das problemáticas dos traballadores e traballadoras afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede de R. Estes traballadores trasladan o seguinte texto que este Grupo fai seu e eleva para o seu debate e aprobación:

Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os servizos de operación e mantemento da rede que en Galiza até agora prestaban compañías como Comfica, Colabora, Indra, Plexus,... Porén, á diferenza doutros cambios anteriores, desta volta o persoal non será subrogado á nova adxudicataria nin se producirán contratacións na nosa terra, xa que estes servizos van ser deslocalizados o centro de traballo que ZTE acaba de abrir en Asturias. Pero ademais, hai persoal da propia ZTE, a quen R externalizou previamente nesta subcontrata, que tamén está en risco de perder o seu emprego.

A consecuencia máis inmediata da decisión foi a comunicación da perda de 18 postos de traballo que neste momento están a realizar os/as traballadores/as de Comfica, a quen a compañía se nega a recolocar, e o anuncio de Indra de que reducirá persoal nos

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:42
Nº Rexistro: 54028
Data envio: 22/08/2019 11:24:42.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos que presta para R. Mais a perda de emprego afecta tamén a outros servizos como enxeñería e desenvolvemento ou atención telefónica (prestados por persoal de Indra, Teleperformance, GSS, Gestión C), que aos poucos Euskaltel está a levar fóra da Galiza.

As declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, asegurando que continuará neste camiño de "reestruturación" afondan nos temores do traballadores e das traballadoras que, diante desta situación, acordaron iniciar mobilizacións para esixir o mantemento do emprego en Galiza, con dúas folgas, os dias 24 e 31 de xullo .

As traballadoras e traballadores de R demandan das administracións públicas (nomeadamente da Xunta de Galiza, Concello da Coruña e Deputación Provincial de A Coruña) que tomen a iniciativa para evitar que se consume esta nova desfeita laboral nunha empresa de telecomunicacións. Hai que lembrar que as grandes compañías están nun proceso de desmantelamento das súas estruturas territoriais (especialmente grave no caso de R Cable, ao ser en orixe unha empresa galega) para concentrar o emprego fóra de Galiza. Deste xeito non só se eliminan os postos de traballo senón que toda a contratación nova que se fai, prodúcese noutras comunidades.

Tamén se demanda das administracións públicas que forcen a R e a Euskaltel, que desoen as peticións de xuntanza coas Representacións legais das traballadoras e traballadores e das organizacións sindicais, a sentárense coas traballadoras e traballadores afectados, dean explicacións e propoñan solucións a este conflito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:42
Nº Rexistro: 54028
Data envio: 22/08/2019 11:24:42.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego acorda:

1. Expresar, por resolución, o seu apoio ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores das empresas auxiliares que prestan servizos de operación e mantemento de rede e atención ao cliente de R Cable, para que estes servizos continúen a ser prestados desde territorio galego, garantindo ademais que a atención ao cliente se siga dando en galego.

2. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dirixirse a R Cable e Euskaltel para que se senten a negociar coas traballadoras e traballadores afectados e se reverta a situación, e, se estas se negasen, revisar a situación destas empresas como provedoras de servizos para a Xunta de Galiza así como asegurar o dereito dos consumidores a ser atendidos en idioma galego."

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:42
Nº Rexistro: 54028
Data envio: 22/08/2019 11:24:42.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 10:50:04

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 10:50:13

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 10:50:19

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 10:50:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 10:50:39

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 10:50:46

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:14
Nº Rexistro: 54032
Data envio: 22/08/2019 11:38:14.777

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e dos seus deputados **Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Manuel Álvarez Martínez Rodríguez, a través do seu portavoz e** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

O Espazo Europeo de Educación Superior organiza os estudos superiores en tres niveis: grao, máster e doutorado. Deles, son os estudos de máster os que coñeceron un maior incremento na última década porque un título de mestrado funciona xa como un elemento diferenciador esencial que ofrece maiores posibilidades de atopar emprego e mellores condicións laborais.

Así, o último estudo realizado pola Axencia para a calidade do Sistema Universitario de Galicia sobre a inserción laboral dos universitarios conclúe que o 93,3% dos que cursaron un máster atoparon traballo ao finalizalo, sendo o tempo medio para conseguilo menor que o que necesita un título de grao e conseguen tamén unha renda maior.

É tamén un feito comprobado que está crecendo de forma significativa a demanda das empresas de persoal con título de máster.

Esta importancia crecente dos estudos de mestrado e o seu carácter de elemento diferenciador dentro dos estudos superiores, fai que sexa absolutamente necesario democratizar o acceso a estes estudos e romper as barreiras económicas e académicas excesivas que existen en Galicia.

Por outra parte, o crecemento dos estudos de mestrado tamén é esencial para o desenvolvemento social e económico do noso país polo que as políticas de impulso da Xunta de Galicia deberían ser prioritarias pero en cambio hai que dicir que o seu apoio a estes estudos é moi limitado e se están a poñer en marcha medidas na implantación dos máster en moitos casos contraditorias e caóticas, que obrigan as universidades a continuos cambio baseados tan só en criterios cuantitativos e economicistas e non de calidade e excelencia, e que

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:14
Nº Rexistro: 54032
Data envio: 22/08/2019 11:38:14.777

limitan o crecemento da oferta e da demanda de máster aínda que as universidades teñan os medios para implementalos

Isto fai que a oferta de mestrados sexa en Galicia excesivamente escasa e non se impulse un aumento da calidade e no nivel de internacionalización o que é posible cos recursos de investigación que teñen as tres universidades.

Os datos dispoñibles avalan estas afirmacións.

Por unha parte as axudas destinadas pola Xunta de Galicia para cursar estudos universitarios son moi escasas e mais aínda no caso dos mestrados para os que se destina un orzamento irrelevante, se solicitan excesivos requisitos e os límites de renda non son os adecuados. Así sucede que, por exemplo, no curso 2017/2018 se solicitaron 122 bolsas para cursar un máster e foron concedidas 76 cun orzamento total de 100.779 euros, e no curso anterior aínda foron menos, tan só 86.570 euros con 66 becas. E hai que ter en conta que existen máster profesionalizantes, necesarios para facer unhas oposicións ao ensino publico ou para exercer diversas profesións. Esta claro que hai que cambiar esta política de axudas se queremos que o estudantado galego poda acceder a un mestrado en igualdade de condicións, máxime canso as axudas se limitan ao pago da matrícula e non aportan nada para o resto dos gastos necesarios.

Os datos tamén avalan a existencia dunha oferta escasa. Segundo o estudo realizado pola CRUE, La *Universidad española en cifras*, no curso 2016/2017 Galicia é das comunidades nas que menos creceron os estudos de mestrado, un 54,81 % respecto ao curso 2008/2009 mentres en España aumentaron de media un 96,98%.

Así no é estraño que tamén esteamos por debaixo da media de España en porcentaxe de estudantes de máster fronte aos de grado. En España esta porcentaxe e do 14,1% mentres en Galicia é dun 12%, e ademais o número de matriculados estancouse nos últimos anos, o que ten cunha correlación co número de titulados en máster nas universidades galegas cuxo número está absolutamente estancado nos últimos anos. Así no curso 2013/2015 se titularon 3.113 alumnos e alumnas e no curso 2017/2018 foron 3.116. Esta evolución, que é preocupante, está a suceder mentres en todas as comunidades autónomas está a crecer de forma significativa o número de estudantes que conseguen un título de máster.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:14
Nº Rexistro: 54032
Data envio: 22/08/2019 11:38:14.777

É necesario polo tanto cambiar a política da Xunta de Galicia co respecto aos estudos de mestrado e poñer en marcha políticas para impulsar de forma decidida estes estudos tanto na oferta como na demanda e número de titulados para o que é necesario unha política decidida de axudas complementarias para cursar estes estudos.

E tamén é necesario cambiar as políticas que está a seguir a Xunta con estes estudos, de forma que se amplíe a oferta e se dean as universidades os medios necesarios para aumentar a calidade dos mestrados de forma que sexan competitivos a nivel internacional, porque os sistema universitario de Galicia ten un alto nivel en investigación que non se está a poder aplicar polas restricións da Xunta nos estudos de mestrado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Acordar cas tres universidades galegas un Plan especial de impulso dos estudos de mestrado que integre medidas concretas, incluíndo os cambios normativos necesarios, e orzamento propio co fin de aumentar a oferta de mestrados en todas as áreas de coñecemento e os parámetros de excelencia que os faga competitivos a nivel internacional.

2. Poñer en marcha un sistema propio de axudas complementarias aos estudos de mestrado impartidos nas tres universidades de Galicia que cubran non só o pago da matrícula, senón tamén os gastos básicos do alumnado, para conseguir que todo o estudantado poda acceder a cursar un máster sen verse limitado polas súas condicións económicas."

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:14
Nº Rexistro: 54032
Data envio: 22/08/2019 11:38:14.777

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/08/2019 11:31:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/08/2019 11:31:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/08/2019 11:31:33

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:08:19
Nº Rexistro: 54041
Data envio: 22/08/2019 13:08:19.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo de 2019 o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e, por extensión, á sociedade galega o resultado de diferentes informes. Entre eles atopábase o Informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

Este informe, tal e como sinala na súa memoria, ten por obxecto "a análise dos procesos de extinción das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza como consecuencia da reestruturación do sector público". Neste informe sinálanse numerosas salvedades e reparos como resultado da fiscalización efectuada e dise literalmente que se puxeron "de manifesto as limitacións ao alcance do traballo e os incumprimentos da normativa aplicable ao proceso de extinción de entes dependentes da Comunidade Autónoma, durante os exercicios 2010 a 2016" sinalando defectos como que "a Xunta de Galiza non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico"

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:08:19
Nº Rexistro: 54041
Data envio: 22/08/2019 13:08:19.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou que "As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas".

O informe recolle tamén conclusións que dan por fracasadas, do punto de vista política, as afirmacións falaces dos inicios de Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza referentes a rematar con "chiringuitos" xa que evidencian, por exemplo, que o aforro foi mínimo xa que as entidades eliminadas non tiñan un gran peso económico ou que "A aposta polo modelo de Axencia, que se afasta do camiño seguido pola Administración central e por outras Comunidades Autónomas, está a ter unha eficacia limitada."

Así mesmo, respecto do persoal, as conclusións do Consello de Contas son demoledoras xa que sinala como "en moitos casos non cumpriron os principios de igualdade, mérito e capacidade. As diferenzas son especialmente relevantes na Axencia de Turismo e xeran desigualdades retributivas significativas non xustificadas nos postos de traballo e impide a consecución dunha xestión do persoal xusta e eficiente."

Finalmente, entre as cuestións máis relevantes do informe podemos sinalar que certifica a falta de transparencia do goberno da Xunta de Galiza, xa que se fai eco o Consello de Contas dunha situación que ten denunciado a oposición reiteradamente "Os plans de racionalización aprobados pola Xunta non foron obxecto de publicación. Tampouco se publicaron os informes nos que se avalía o seu grao de realización (informes de seguimento) ata que, en virtude das recomendacións formuladas polo Consello de Contas, a Xunta de Galicia publicou en 2018 no seu portal de transparencia un informe resumo dos procesos de reordenación "

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:08:19
Nº Rexistro: 54041
Data envio: 22/08/2019 13:08:19.404

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar de forma inmediata as modificacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe respecto dos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016, a saber:

1. Poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade.

2. Realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo.

3. Culminar o proceso de integración contable e adscrición dos bens das entidades extinguidas ás entidades que asumiron eses medios materiais.

4. Desenvolver o rexistro de entidades do sector público da Comunidade prevista na Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral de Galiza."

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:08:19
Nº Rexistro: 54041
Data envio: 22/08/2019 13:08:19.404

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 12:57:38

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 12:57:48

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 12:57:53

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 12:58:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 12:58:08

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 12:58:15

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A situación actual de bloqueo político e parálise institucional que se vive no Estado, que xa se prolonga por máis de 5 meses, está a provocar graves consecuencias no ámbito social e na actividade económica, para alén da desconfianza e o descrédito que supón para as institucións e os grupos políticos que son responsábeis deste marasmo.

Día a día observamos con estupor e con indignación como nos debates da política estatal prevalecen intereses partidistas, posicións tacticistas, propostas oportunistas e posicionamentos que teñen como obxectivo principal obter vantaxe para un posíbel escenario electoral.

Estamos pois diante dunha grave irresponsabilidade política por parte dos partidos estatais, xa que a falta de pulso e impulso institucional afecta ao día a día das persoas e pospón decisións que son urxentes nun contexto europeo e internacional cheo de incertezas e ameazas: Brexit, guerras comerciais, tensións en Oriente Medio, alerta dunha posíbel recesión económica, alarmas a respecto da crise do clima.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Este escenario político institucional de parálise e bloqueo é moi negativo para Galiza, desaparecida na axenda política do Estado. Un dos exemplos máis evidentes desta situación é o parón inversor derivado da prórroga dos orzamentos, que se ven engadir ás drásticas reducións de anos anteriores e á baixa execución orzamentaria dos últimos anos por parte dos principais organismos do Estado, nomeadamente o Ministerio de Fomento.

Recentemente déronse a coñecer os datos de execución orzamentaria do ano 2018, que amosan cifras preocupantes no que ten que ver co organismo con maior capacidade de investimento, o Ministerio de Fomento e dos seus organismos adscritos

- O nivel de execución total foi do 56,8%, 458 millóns executados dos 806,7 millóns de euros iniciais

- O grao de execución dos orzamentos

- xestionados de maneira directa Ministerio de Fomento (fundamentalmente rede de estradas) foi do 67,3% (125,7 de 186,7 millóns iniciais).

- O nivel de execución de ADIF Alta Velocidad foi do 55,2% (254,9 dos 461,6 millóns iniciais)

- O nivel de execución de ADIF Convencional foi do 51,8 % (14,4 de 27,7 millóns iniciais)

- O nivel de execución de Renfe Operadora foi do 67,7% (9,9 dun total de 14,7 previstos)

- O nivel de execución de Enaire Aeropuertos foi do 54% (9,9 de 18,3 iniciais)

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O grao de execución de Puertos del Estado foi do 32,2% (29,2 de 90,9 millóns)

Por outra parte, nas pasadas semanas deuse a coñecer un estudo sobre o grao de execución dos orzamentos xerais do Estado (OXE) no período 2015-2018, no que a execución real no caso de Galiza foi do 69,7%. Trátase dunha cifra sensibelmente inferior á media estatal, que foi do 75,3%, e a enorme distancia das comunidades máis beneficiadas: Madrid (114%), Aragón (102%) ou Castela A Mancha (83%).

Segundo este estudo realizado con datos da intervención xeral do Estado, entre 2015 e 2018 deixáronse sen executar en Galiza case 1.500 millóns de euros.

3. Esta situación de drástica redución dos investimentos, principalmente en infraestruturas, aínda se viu agravado no ano 2019 pola prórroga dos orzamentos e a situación de bloqueo institucional con un goberno en funcións desde o mes de abril. É por isto que se pode falar dun auténtico apagón inversor en Galiza, sen licitación de obra pública e sen novos proxectos de mellora das infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias.

É por iso que o BNG propón unha axenda galega en materia de infraestruturas, que permita recuperar os investimentos perdidos e activar un plan de mellora das estradas, ferrocarril, portos e aeroportos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta ao goberno a desenvolver unha axenda galega de infraestruturas diante do goberno central coas seguintes demandas:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Aprobación dunha dotación orzamentaria extraordinaria de cando menos 1.500 millóns de euros para saldar a débeda con Galiza en materia de infraestruturas, derivada da non execución de orzamentos dos últimos 4 anos. Esta dotación extraordinaria estará dedicada prioritariamente a actuacións mediambientais, á mellora da rede de estradas do Estado, a investimentos en portos de interese xeral e a modernización do ferrocarril.

2. Aprobación dun plan plurianual de mellora da rede ferroviaria galega que inclúa cando menos as seguintes actuacións

- Saída sur e mellora da comunicación entre Vigo e a fronteira portuguesa

- Modernización e mellora do trazado, da infraestrutura e do servizo na liña Coruña Ferrol

- Mellora da infraestrutura e do servizo na liña Ferrol-Ribadeo

- Mellora da infraestrutura e do servizo nas conexións de Lugo con Coruña, Santiago e Ourense.

- Mellora da conexión e dos servizos entre Ourense-Vigo e Ourense-Santiago-Coruña.

- Plan de desenvolvemento da conexión de Galiza ao Corredor Atlántico.

- Impulso ao transporte de mercadorías por ferrocarril coa conexión por tren cos portos, o desenvolvemento do porto seco de Monforte e a modernización da liña Monforte-Palencia.

- Creación do servizo ferroviario de cercanías e transferencia a Galiza das competencias na materia.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Desenvolvemento dun plan plurianual de investimentos en autovías en execución ou pendentes, aprobando os proxectos e licitando as obras comprometidas.

4. Cumprimento dos acordos do parlamento galego en relación co porto exterior da Coruña e os terreos portuarios da cidade, e aprobación dos investimentos demandados nos portos de interese xeral."

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 13:28:21

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 13:28:27

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:43:25
Nº Rexistro: 54051
Data envio: 22/08/2019 13:43:25.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 13:28:35

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 13:28:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 13:28:50

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 13:28:57

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:05
Nº Rexistro: 54056
Data envío: 22/08/2019 13:49:05.347

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 8 de agosto de 2019 a Xunta presentou en Pantón a candidatura de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, pendurando o documento coa proposta no Portal de Transparencia da Xunta, tras ser publicado o anuncio no DOG do 9 de agosto, estando sometido a exposición pública no prazo dun mes.

A zona delimitada como proposta de reserva da Biosfera engloba os concellos que integran o Xeoparque Montañas do Courel, máis os Concellos de Triacastela e Samos (Iribio) e O Incio, así como os incluídos no BIC Ribeira Sacra máis Sarria, aínda que non se inclúe a zona do Bibei ou o Val do Navea, nin Montederramo.

O núcleo da reserva serían as Zonas de Especial Conservación xa existentes, así como o Espazo Natural de Interese Local Loio-Ruxidoira: Os Ancares-Courel (a máis extensa, que engloba parte do Iribio); Río Cabe; Canón do Sil; Monte Faro.

A inmensidade do territorio escollido (o 10,3% da superficie galega), unido ás enormes necesidades de investimentos en materia de conservación da natureza farían necesario un maior esforzo da Xunta neste sentido, que debe partir dun coñecemento real da situación. O custo económico estimado para o Plan de Xestión (450.000 € anuais) non é suficiente, dado o volume do territorio e actuacións precisas. Ademais, o que cómpre son políticas reais de conservación da natureza. Por exemplo, a figura ZEC non impediu a contaminación dos ríos Pesqueiras e Enviande, as toneladas de lixo verquidas ao Sil en pleno canón ou os parques

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:05
Nº Rexistro: 54056
Data envio: 22/08/2019 13:49:05.347

eólicos en Paradela e serra do Iribio ou a contaminación e falta de capacidade depuradora para o río Cabe.

As reservas da biosfera pretenden "conciliar e consolidar a conservación da natureza e o desenvolvemento económico e social", algo que malamente se pode acadar sen a implicación da poboación local e se continúa o desleixo das Administracións cos servizos públicos e sectores produtivos do territorio, especialmente no que ten que ver co sector agrogandeiro (o gran configurador da paisaxe) ou co ferrocarril. Sen poboación nas comarcas, pérdense os elementos singulares da paisaxe coma os socalcos tradicionais ou os prados de rega. Fronte a isto, a candidatura non desenvolve os retos socioeconómicos e demográficos aos que se enfronta a cidadanía destas comarcas; é máis, ofrece unha visión optimista do desenvolvemento acadado: "se ha apostado por una serie de iniciativas destinadas a lograr un crecimiento económico local y regional, fomentando la consolidación de empleo, mejorando la calidad de vida de las personas, favoreciendo el consumo y venta de productos locales, etc., todo ello a través de un modelo de desarrollo económico y humano sostenible". É significativo que non se mencione unha soa vez no documento o despoboamento nin o avellentamento da poboación.

A candidatura tampouco afonda nos retos medioambientais aos que se enfronta o territorio, polo que malamente se poderá responder ante eles. Pola contra, o documento afirma que "Actualmente, estas actividades son gestionadas de manera racional y sostenible y son compatibles con la conservación del medio natural, de modo que garantizan el cumplimiento de la función de desarrollo de las Reservas de Biosfera".

A reserva da biosfera prevé un Foro de Participación, pero a participación das asociacións quedará bastante limitada (un representante de asociaciones o colectivos vinculados con el Patrimonio Cultural, un representante de asociaciones o colectivos vinculados con el Camino de Santiago, un representante de las asociaciones protectoras de en medio, un representante de asociaciones o colectivos vinculados a la juventud, un representante de los

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:05
Nº Rexistro: 54056
Data envio: 22/08/2019 13:49:05.347

colectivos o asociaciones de mujeres), ao mesmo nivel que o sector enerxético, extractivo e industrial.

Polo exposto, o Grupo Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Impulsar encontros abertos en cada un dos concellos integrados na candidatura a reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, convocando a todos os axentes socioeconómicos e forzas políticas representadas na corporación municipal, para debater sobre o proxecto.

2.- Aumentar a contía do Plan de Xestión até, canto menos, 1 millón de euros anuais.

3.- Realizar un estudo socioeconómico en profundidade que analice a situación das comarcas integradas na proposta de reserva de biosfera.

4.- Dirixirse á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para impulsar un estudo e calendario de actuacións sobre a situación ecolóxica dos cursos fluviais das comarcas integradas na proposta de reserva de biosfera.

5.- Frear os proxectos de parques eólicos en Rede Natura que se impulsan neste territorio.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira,
Deputada, deputado e Voceiro do G.P. Mixto

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:05
Nº Rexistro: 54056
Data envio: 22/08/2019 13:49:05.347

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/08/2019 13:39:06

David Rodríguez Estévez na data 22/08/2019 13:39:21

Luis Villares Naveira na data 22/08/2019 13:39:31

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 10:33:16
Nº Rexistro: 54064
Data envio: 23/08/2019 10:33:16.670

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante a década Feijóo, a débeda pública galega incrementou fortemente. Na actualidade a débeda non só foi triplicada respecto do momento de entrar no goberno, senón que ten un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza que non se corresponde coa escasa información existente sobre a letra pequena da mesma.

O último dato dispoñíbel, do segundo trimestre de 2019, sitúa a débeda pública de Galiza segundo o protocolo de déficit excesivo en 11.587 millóns de euros. Esta cifra representa un lixeiro descenso respecto do mesmo indicador un ano antes, mais representa ao mesmo tempo unha ruptura na tendencia descendente dos anteriores tres trimestres, ao voltar incrementar e deixar en evidencia que a estratexia de redución de débeda que viña anunciando o goberno galego durante 2018 e 2019 non era firme. Polo tanto, podemos sinalar que dende o ano 2009 a débeda incrementou en 7.664 millóns de euros, isto é, un 195%. É dicir, a débeda de Galiza triplicouse durante os gobernos presididos por Núñez Feijóo.

Así mesmo, cómpre recordar que na vixente lei de orzamentos para o ano 2019, observamos como se prevía no ano 2019 que os ingresos por emisión de débeda

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 10:33:16
Nº Rexistro: 54064
Data envio: 23/08/2019 10:33:16.670

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incrementaran fortemente. Por exemplo, na distribución económica dos ingresos observabamos como o capítulo 9 pasaba de representar 1.430 millóns de euros no anterior ano, 2018, a representar 1.789,3 no 2019, un forte incremento de 359,3 millóns de euros, isto é, un incremento do 25,1%. Doutra banda, os gastos por amortización de débeda tamén prevían un aumento. Deste xeito é a débeda o elemento que, con moitísima diferenza, experimenta un maior crecemento no proxecto de orzamentos, tanto en termos absolutos como relativos.

Segundo recolle o Informe Económico Financeiro do Proxecto de Orzamentos para 2019, a débeda ascenderá no próximo ano en 154 millóns de euros, prevéndose rematar o 2019 nunha contía de 11.664 millóns de euros. Polo tanto, a débeda segue a incrementarse no quinto ano consecutivo de crecemento económico e, sumando as colaboracións público privadas, a finais do ano 2019, Galiza estará endebedada en 14.111,4 millóns de euros.

O PIB medra en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, no actual contexto de crecemento económico, a débeda galega medrou en 1.626 millóns de euros. Esta situación é preocupante pola afectación aos orzamentos públicos e ás futuras xeracións, mais tamén pola conxuntura concreta que experimentamos nestes momentos. Cómpre sinalar que institucións e instrumentos de todo tipo alertan dunha ralentización da economía, tanto da galega como da estatal e europea. Polo tanto, cómpre preguntarse, para que lle serviu a Galiza endebedarse ata este punto e así mesmo se está preparado o noso país para enfrontar unha posíbel nova recesión.

Así mesmo, a pesares destas cifras que amosan o forte peso que ten a débeda sobre o orzamento público, descoñecemos información moi importante relativa á débeda pública, tal como como as emisións, os xuros aos que se emite cada emisión, o

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 10:33:16
Nº Rexistro: 54064
Data envio: 23/08/2019 10:33:16.670

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cadro de amortización da débeda viva ou as entidades coas que está contraída. Trátase de elementos moi importantes para realizar unha valoración completa sobre o que representa o peso da débeda na economía galega, elementos que deberían ser accesíbeis e coñecidos nunha sociedade democrática que aposte pola transparencia institucional.

Por outra parte, este volume de débeda ten diferentes orixes, podendo ser parte dela a coñecida como "débeda odiosa ou ilexítima", que é aquela que se contrae contra os intereses da cidadanía do país. Trátase dun concepto usado en numerosas ocasións por parte do dereito internacional. Esta pode ser a causada por unha fiscalidade permisiva coa fraude fiscal, a contraída para a preservación do poder das elites, etc. Pódese considerar tamén débeda ilexítima aquela débeda pública cuxos fondos se destinan a ser novamente prestados a terceiros, no canto de a sufragar gastos operativos correntes ou de capital. Xa que logo, faise necesario impulsar unha auditoría coa finalidade de identificar que parte da débeda pode ser cualificada como ilexítima.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, etc.

-Crear unha comisión formada por expertos de diferentes ámbitos sociais e económicos coa finalidade de que leve a cabo unha auditoría da débeda pública galega e identifique aquela débeda que poida ser cualificada de "ilexítima".

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 10:33:16
Nº Rexistro: 54064
Data envio: 23/08/2019 10:33:16.670

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Elaborar, ao abeiro desta comisión, unha estratexia para enfrontar nos próximos anos a xestión da débeda tendo en conta a ralentización da economía e as necesidades de salvagarda dos servizos públicos."

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2019 10:13:52

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2019 10:14:02

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2019 10:14:07

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 10:33:16
Nº Rexistro: 54064
Data envio: 23/08/2019 10:33:16.670

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2019 10:14:15

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2019 10:14:23

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2019 10:14:29

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 11:57:48
Nº Rexistro: 54078
Data envio: 23/08/2019 11:57:48.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos incumprimentos laborais da empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A1 S.L, adxudicataria da seguridade privada dos Hospitais de Verín e Valdeorras e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A1 S.L, adxudicataria da seguridade privada dos Hospitais públicos comarcais de Verín e Valdeorras ten incumprido de forma manifesta as condicións laborais pactadas cos traballadores e traballadoras e recollidas no convenio colectivo en vigor do sector da seguridade privada. De forma concreta esta empresa estivo a incumprir o artigo 28 respecto das retribucións do persoal, que deben ser aboadas nos tres primeiros días do mes ou, se for o caso, nos cinco primeiros.

Segundo puido comprobar o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, as xerencias teñen coñecemento desde xaneiro de 2019 dos constantes problemas de atrasos nos pagamentos, incumprindo o convenio de referencia, e a Xunta de Galiza non desenvolveu unha soa acción ao respecto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 11:57:48
Nº Rexistro: 54078
Data envio: 23/08/2019 11:57:48.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que estamos a falar dun servizo privatizado que se paga con diñeiro público para un servizo que é público, e polo tanto o SERGAS e a Xunta de Galiza deben implicarse e non poden actuar como se fora un problema exclusivo da empresa e dos traballadores.

Con esta permisividade, a Xunta de Galiza está dando un mal exemplo ao sector privado, permitindo que os traballadores que dependen dun contrato cunha administración pública estean soportando condicións abusivas cando ademais o traballo que desenvolven ten unha importante carga psicolóxica e de risco físico e mental.

A empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTOS A1 S.L tivo demora de varios meses para o pagamento dos salarios de setembro, novembro e decembro de 2018, e tamén xaneiro, febreiro e xuño deste ano, sen ter aínda pagado o salario do mes de xullo no momento de asinarse esta iniciativa.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a abrir unha mesa de diálogo entre os traballadores de seguridade privada dos Hospitais públicos comarcais de Verín e Valdeorras e a empresa adxudicataria co fin de resolver esta situación de forma inmediata e, no caso de non cursar favorabelmente, iniciar as accións legais oportunas."

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 11:57:48
Nº Rexistro: 54078
Data envio: 23/08/2019 11:57:48.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2019 11:34:32

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2019 11:34:40

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2019 11:34:49

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2019 11:35:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2019 11:35:12

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2019 11:35:20

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 12:33:23
Nº Rexistro: 54084
Data envio: 23/08/2019 12:33:23.307

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As aproximadamente 400 macro granxas da Limia están a provocar un importante prexuízo medioambiental á súa contorna. Os 75.000 UGMs (unidade gandeira maior) que producen, así como a costume de deitar os xurros nos montes e nas leiras, levan tempo contaminando tamén ás comarcas próximas de Monterrei, Celanova e Baixa Limia. Malia que o Goberno galego é perfectamente consciente do que acontece, ata o de agora non fixo nada para atallar o problema.

Así, a contaminación empeora de maneira significativa cada ano. Dende 2016, a concentración de nitratos nas masas de auga subterráneas da chaira limiá aumentou case un 40%, superando en moitas ocasión o limiar máximo fixado pola Unión Europea, que se sitúa nos 50 miligramos de nitratos por litro.

Que isto aconteza non é froito da casualidade ou da mala sorte, senón dunha política empresarial amparada pola Xunta de Galicia que antepón os beneficios privados ao ben común. A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) leva dez anos denunciándoo ante a Consellería de Medio Ambiente, á que lle remitiu máis de trinta escritos. Tamén se puxo en contacto coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, sen éxito.

Como consecuencia da apatía do Goberno galego, no pasado mes de xullo o Ministerio para a Transición Ecolóxica incorporou ao Encoro das Conchas e a catro puntos subterráneos de Xinzo de Limia, Trasmiras e Sandiás no listado de

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 12:33:23
Nº Rexistro: 54084
Data envio: 23/08/2019 12:33:23.307

"augas continentais afectadas pola contaminación, ou en risco de estalo, pola achega de nitratos de orixe agraria". Desta maneira, o Ministerio pretende que a Xunta rectifique o seu desleixo e aplique un plan que permita reducir o uso de nitratos ao mesmo tempo que mellora a xestión dos residuos.

Afortunadamente, aínda é posible mudar o rumbo e apostar por unha gandería sostible de alto valor engadido e con prezos xustos, como sinala a plataforma veciñal Auga limpa xa! Para logralo, é preciso unha moratoria que afecte á instalación de novas explotacións gandeiras intensivas e que se vixíe a correcta xestión dos residuos gandeiros.

Tal e como sinalou a SGHN, os veciños e veciñas teñen "dereito a unha Limia limpa e ao acceso á auga potable" e o Goberno galego ten a obriga de velar pola súa satisfacción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elabora un plan de acción para loitar contra a contaminación dos acuíferos da Limia que inclúa unha moratoria que afecte ás explotacións gandeiras intensivas e unha correcta xestión dos residuos gandeiros.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 12:33:23
Nº Rexistro: 54084
Data envio: 23/08/2019 12:33:23.307

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/08/2019 12:20:35

Marcos Cal Ogando na data 23/08/2019 12:30:41

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:02:50
Nº Rexistro: 54088
Data envio: 23/08/2019 13:02:50.380

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A cianobacteria volveu instalarse no encoro de As Conchas, en Ourense, como sucede todos os anos. A Consellería de Medio Ambiente tiña que telo previsto e evitado, pero, como de costume, non adoptou as medidas oportunas, polo que nos vemos na obriga de denunciar novamente a contaminación das augas.

Na zona de Portoquintela, en Bande, a densidade de cianobacterias chegou a superar as 100.000 cél/mL, alcanzando o nivel máximo de risco de proliferación.

As cianobacterias apareceron tamén en áreas onde poden entrar en contacto directo cos bañistas, provocando un risco real de inxestión ou aspiración.

Así as cousas, a contaminación do encoro supón un prexuízo para a contorna en primeiro lugar pola contaminación da paisaxe; en segundo lugar, polos efectos que os seus malos olores e a súa desagradable estampa poden ter no turismo; e, en último lugar, polo perigo que entrañan para a saúde pública.

Segundo as investigacións realizadas, as bacterias teñen a súa orixe nos nitratos e nos fosfatos dos fertilizantes e os xurros que empregan os produtores de patacas

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:02:50
Nº Rexistro: 54088
Data envio: 23/08/2019 13:02:50.380

da Limia. O exceso de nutrientes sumado ás altas temperaturas e ao maior número de horas de luz favorece a aparición destas algas.

O problema das cianobacterias non se vai arranxar se non se atalla o problema da xestión dos residuos gandeiros que producen as explotacións da comarca da Limia e da Baixa Limia, como sinalou a asociación ecoloxista Amigos da Terra.

O ano pasado solicitamos ao Goberno galego que adoptase medidas que permitisen diminuír a poboación de cianobacterias e a súa toxicidade. A Xunta ignorou a petición. Agora que se repite o problema, confiamos en que asuma a súa responsabilidade e mude a súa actitude.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Incrementar os controis periódicos aos que son sometidos os encoros galegos que todos os anos sofren contaminación por cianobacterias.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:02:50
Nº Rexistro: 54088
Data envio: 23/08/2019 13:02:50.380

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/08/2019 13:01:35

Marcos Cal Ogando na data 23/08/2019 13:01:45

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:16
Nº Rexistro: 54098
Data envio: 23/08/2019 13:32:16.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e á necesidade do mantemento e incremento do persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Finalmente, despois de anos de atraso e de escurantismo da Xunta de Galiza, entrará en funcionamento unha nova instalación para o servizo de cociña no novo edificio do Complexo.

Porén, tal e como advertía durante estes anos o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, todo parece indicar que detrás da posta en marcha do novo sistema mixto existe unha clara intencionalidade de reducir postos de traballo.

Segundo puido saber o Bloque Nacionalista Galego a través das denuncias dos e das traballadoras e da Comisión de Centro do CHUO, en diversas reunións mantidas entre o órgano representativo dos traballadores e a Xerencia, esta última comunicou a intención de reducir, cando menos, en 10 o número de pinches de cociña respecto dos que actualmente traballan neste servizo. Así mesmo, constátase unha diferenza entre os

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:16
Nº Rexistro: 54098
Data envio: 23/08/2019 13:32:16.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos que presuntamente recolle a planificación orzamentaria e os que realmente ten en activo a Xunta de Galiza.

Chove sobre mollado nas problemáticas da cociña do CHUO, xa que hai que lembrar que durante estes últimos anos, tal e como denunciaba a Comisión de centro, organizacións sociais e políticas, a situación da cociña era extrema e isto mesmo motivou a actuación da propia inspección laboral como aconteceu en abril de 2018.

Durante case dous anos a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engadiu novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Mesmamente o Bloque Nacionalista Galego denunciou esta situación no propio Parlamento Galego en reiteradas ocasións.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta situación de especial gravidade, pois non se pode permitir que unha nova instalación tan agardada e necesitada polos ourensáns e ourensás sexa unha desculpa para continuar desmantelando os servizos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa intención de reducir o persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense comprometéndose co mantemento dos actuais e coa negociación coas organizacións das e dos traballadores para ampliar o número de postos de traballo segundo sexa necesario

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:16
Nº Rexistro: 54098
Data envio: 23/08/2019 13:32:16.643

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para asumir o aumento da carga de traballo e dotar o servizo coa calidade correspondente."

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2019 13:24:28

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2019 13:24:36

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2019 13:24:41

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2019 13:24:48

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:16
Nº Rexistro: 54098
Data envio: 23/08/2019 13:32:16.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2019 13:24:56

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2019 13:25:03

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:04:28
Nº Rexistro: 54122
Data envio: 26/08/2019 11:04:28.653

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jacobo Moreira Ferro, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado,** M**aribel Novo Fariña, Encarna Amigo Díaz** e **Antonio Mouriño Villar** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en pleno.**

Exposición de motivos

No municipio de Poio (Pontevedra) existe a Escola de Cantería, creada en 1979 co fin de recuperar o oficio de cantería, a arte de labrar as pedras destinadas ás obras de construción e estimular a vocación artística para el desenvolvemento da artesanía no sector da elaboración dos traballos en pedra. Dependente da la Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada.

A pesar do prestixio e recoñecemento do que goza a escola, da valoración das súas instalacións e profesorado, e dos magníficos traballos producidos por todo o mundo, non existe en España unha titulación específica de formación profesional definida polo Ministerio de Educación que se asemelle a este tipo de ensino práctico e teórico.

Polo tanto, co fin de conservar e promocionar o patrimonio da arquitectura e escultura; aumentar o número de profesionais cualificados na restauración de monumentos do patrimonio histórico artístico e crear postos de traballo no sector da cantería, O Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno do Estado para reclamarlle a creación dunha nova titulación de formación profesional que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, dirixidas á produción e restauración artística, así como a súa contribución e aplicación á arquitectura, modificando para elo o Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais; e a que unha vez creada a titulación, se facilite a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos polas escolas de cantería".

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:04:28
Nº Rexistro: 54122
Data envio: 26/08/2019 11:04:28.653

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2019 10:58:24

Jacobo Moreira Ferro na data 26/08/2019 10:58:41

Maria Antón Vilasánchez na data 26/08/2019 10:58:50

Teresa Egerique Mosquera na data 26/08/2019 10:59:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 26/08/2019 10:59:36

Carlos Gómez Salgado na data 26/08/2019 11:00:08

María Isabel Novo Fariña na data 26/08/2019 11:00:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2019 11:00:39

Antonio Mouriño Villar na data 26/08/2019 11:01:26

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:20:47
Nº Rexistro: 54127
Data envio: 26/08/2019 11:20:47.880

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é un dos retos máis importantes que ten neste momento a industria galega.

Cómpre recordar que é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

Antes do verán, as e os traballadores informaban de que teñen un posíbel inversor que reuníaas condicións necesarias para a viabilidade da fábrica e que neste momento a necesidade para unha saída positiva radica en que a entidade financeira Abanca sexa flexíbel nas súas condicións económicas respecto das naves.

Porén, nestes momentos, a súa situación segue sen resolverse.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:20:47
Nº Rexistro: 54127
Data envio: 26/08/2019 11:20:47.880

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a exercer como mediadora entre a entidade financeira Abanca e calquera posíbel inversor en Isowat para facilitar unha negociación flexible que posibilite o éxito da operación e a continuidade da fábrica galega."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 11:19:43

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:20:47
Nº Rexistro: 54127
Data envio: 26/08/2019 11:20:47.880

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 11:19:52

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 11:19:58

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 11:20:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 11:20:14

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 11:20:21

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Teresa Porritt Lueiro,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

IG234.2016.1.3 TALLERES MECANICOS GALICIA S.L.	11/11/2016	103.241,95
IG234.2016.1.7 RIA DE LIRES, S.L.	11/11/2016	119.328,60
IG234.2016.1.1 AGROAMB PRODALT, S.L.	22/11/2016	1.820.000,00
IG234.2016.1.1 HERNANDEZ VALLEJO, FRANCISCO JESUS	22/11/2016	44.707,01
IG234.2016.1.1 SOCIEDAD GALLEGA DE CARRETILLAS,S.A.	11/11/2016	374.643,98
IG234.2016.1.2 BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L.	11/11/2016	425.413,66
IG234.2016.1.3 NO SOLO MADERA DR, SL	11/11/2016	60.626,58
IG234.2016.1.3 GOYCAR GALICIA, S.L.	22/11/2016	432.728,18
IG234.2016.1.4 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	22/11/2016	95.268,02
IG234.2016.1.4 COSTRA NOSTRA, S.L.	11/11/2016	88.340,81
IG234.2016.1.5 LOPEZ CRESPO, CARLOS	11/11/2016	99.582,80
IG234.2016.1.6 CASAS CUBE, S.L.U.	11/11/2016	595.579,15
IG234.2016.1.6 TB SPAIN INJECTION, S.L.	22/11/2016	97.991,22
IG243.2017.1.3 AUTODEON, S.L.U.	26/04/2018	150.000,00
IG243.2017.1.1 HESTIA STOVES & BIOETANOL, S.L.	27/12/2018	99.500,00
IG243.2017.1.1 ADEGAS TERRAE, S.L.	28/03/2019	43.170,00
IG243.2017.1.1 DUBRASEDA, S.L.	19/02/2019	174.210,00
IG243.2017.1.2 ALBERGUE SANTIAGO 15, S.L.	28/03/2019	0,00 (*)
IG244.2017.1.1 HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L.	27/12/2017	650.000,00
IG244.2017.1.3 CRISTALERIA PONTEVEDRESA, S.L.	25/01/2018	215.625,00
IG244.2017.1.4 ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L.	29/05/2018	642.925,64
IG244.2017.1.6 PAPELERA DE BRANDIA, S.A.	26/04/2018	487.500,00
IG244.2017.1.7 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	29/05/2018	69.627,40
IG244.2017.1.8 MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	29/05/2018	280.000,00
IG244.2017.1.1 GREENALIA LOGISTICS S.L.U.	27/06/2018	1.000.000,00
IG244.2017.1.1 JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.	02/08/2018	468.284,34
IG244.2017.1.1 INTAF PROMECAN, S.L.U.	29/10/2018	482.300,00
IG244.2017.1.1 EQUIPOS LAGOS, S.A.	27/12/2018	86.150,62
IG244.2017.1.1 COPLEGAL,S.L.	19/02/2019	234.049,75
IG246.2017.1.2 TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, S.L.	27/12/2017	136.956,15
IG246.2017.1.4 REDEGAL, S.L.	22/02/2018	307.409,39
IG246.2017.1.8 AUDITORIA Y GESTIÓN DE CALIDAD, S.L.	27/06/2018	149.860,10
IG246.2017.1.1 LINCBIOTECH, S.L.	29/10/2018	142.785,00
IG246.2017.1.1 HÉRCULES CONTROL, S.L.	27/06/2018	156.041,21
IG246.2017.1.1 GATO SALVAJE, S.L.	27/06/2018	200.000,00
IG246.2017.1.1 TIDYANT CLOUD, S.L.	29/10/2018	0,00 (*)
IG246.2017.1.2 J.B. THOMAS SERVICIOS PUBLICITARIOS, S.L.	27/11/2018	124.640,26
IG246.2017.1.2 ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L	02/08/2018	200.000,00
IG246.2017.1.2 ENGTECH COMPOSITES LAB, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)
IG246.2017.1.3 TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)

A relación anterior resume os préstamos concedidos polo IGAPE nesta lexislatura, que co0incide xustamente coa recuperación económica. Tan só 40 operacións, das que 4 están pendentes de formalizar; por importes reducidos,

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que só en dous casos alcanzan 1 millón de euros. En conxunto, significa mobilizar en tres anos tan só 10.8 millóns de euros, cun promedio por operación que non supera os 302 mil euros.

AV/0885	IRIS SOC. COOP. GALLEGA DE TRABAJO ASOCIA	31/01/2017	1.315.470,00	1.315.470,00
AV/0887	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	27/06/2018	2.124.255,69	0,00 (*
AV/0889	GRUPO INGEMAR, S.L.	05/12/2018	750.000,00	750.000,00

E esta sucinta relación recolle a instrumentación da política de avais nesta lexislatura: tres operacións das que unha está pendente de efectividade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un grupo de traballo cos axentes sociais para establecer unha política máis eficaz de concesión de préstamos e avais ás empresas galegas, co obxectivo de impulsar a recuperación económica e o investimento privado en Galicia."

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Teresa Porritt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/08/2019 11:59:45

María Teresa Porritt Lueiro na data 26/08/2019 12:00:07

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:57:52
Nº Rexistro: 54145
Data envio: 26/08/2019 12:57:52.739

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir dos 50 anos o corpo produce menos células, unha menor oxidación, debilitamento ou dexeneración de certos órganos, de músculos, do sistema osteoarticular, do sistema circulatorio e do metabolismo.

Segundo o estudio da UNED "Saúde na vida adulta e a súa relación co envellecemento saudable", publicado en 2017, a poboación que padece ao menos unha enfermidade crónica representa o 81% entre os 50 e os 64 anos, elevándose ao 91 % entre as persoas de 65 a 79 anos e acadando o 95 % no grupo maior de 80 anos. Ademais, o estado español sitúase entre os países da UE coa porcentaxe máis elevada de persoas de 50 ou máis anos que valoran negativamente o seu estado de saúde.

Os problemas máis comúns de saúde das persoas adultas son:

1. Problemas cardiovasculares, como infarto de miocardio e hipertensión arterial. Nos últimos vinte anos, a hipertensión pasou de afectar ao 11,2 % da poboación adulta ao 18,4% (7,2% puntos de incremento) e a hipercolesteremia pasou do 8,2% ao 16,6%.

2. Problemas de osos e articulacións: artrite, osteoporose, reumatismos.

3. Problemas respiratorios: EPOC, unha enfermidade grave, progresiva, non reversible, que afecta a unha de cada dez persoas maiores de 40 anos, e que aparece con moita frecuencia a partir dos 50.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:57:52
Nº Rexistro: 54145
Data envio: 26/08/2019 12:57:52.739

4. Diabetes. Segundo o "Estudio Di@bet.es", realizado por un equipo de 30 especialistas nesta enfermidade, a prevalencia da diabetes no Estado é do 13,8 % (hai vinte anos era do 4,1%), o que equivale a máis de 5,3 millóns de persoas. A maioría padecen diabetes mellitus tipo 2, que aparece sobre todo ao redor dos 50 anos e que afecta ao 30% das mulleres e o 42 % dos homes de entre 61 e 75 anos.

5. Tumores. Segundo o INE, os distintos tipos de cancro son a principal causa de morte entre os 40 e os 79 anos e entre os 50 e os 69 anos representa máis da metade dos falecementos. Diversos estudos especializados corroboran que un índice de masa corporal elevado pode estar relacionado cunha maior incidencia en varios tipos de cancros, como esófago, colon, fígado, vías biliares, páncreas, ril, mama e útero.

Os factores de risco comúns a todas estas enfermidades son: tabaquismo, sobrepeso, obesidade, unha dieta desequilibrada, estrés e sedentarismo.

Segundo a Sociedad Española de Oncología Médica (SEOM), ata o 40% dos cancros poderíanse evitar adoptando hábitos de vida saudables.

Segundo a *Guía de actualización en diabetes*, publicada en 2015 pola Fundación Red de Grupos de Estudio de la Diabetes en Atención Primaria de la Salud, máis do 80 % dos casos pódense atribuír á obesidade.

Co sobrepeso tamén están relacionadas outras patoloxías como a artrose, a apnea do sono, a infertilidade, o fígado graxo, a depresión e outras enfermidades psiquiátricas.

O estudio "Galinut" de Rafael Tojo e Rosaura Leis, profesores da Universidade de Santiago, indica que en Galiza a obesidade infantil tense triplicado dende o ano 1979.

Ademais, estímase que entre o 14% e o 15% dos e das menores de 15 anos teñen obesidade e un 26% sobrepeso, é dicir máis do 35% destes menores galegos teñen exceso de peso.

O Programa Xermola da Xunta recolle que un de cada tres menores de entre 6 e 15 anos presenta índices de masa corporal compatibles con sobrepeso ou obesidade.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:57:52
Nº Rexistro: 54145
Data envio: 26/08/2019 12:57:52.739

Segundo a Consellería de Sanidade, un mínimo do 16,4% dos maiores de 16 anos son obesos, o que representa máis de 387.000 galegos e galegas e supón uns 83.000 máis que hai unha década. Ademais, un 38,6% da poboación galega ten sobrepeso, ascendendo ata o 44% entre a de 45 anos ou máis.

Segundo o Ministerio de Sanidade, Galiza presenta a taxa máis alta de sobrepeso de todo o estado cun 43,5% da poboación e ocupa o segundo posto (tras Asturias) en canto a obesidade co 39,3% da poboación afectada.

Tabaquismo, sobrepeso, obesidade, unha dieta desequilibrada, estrés e sedentarismo, estes son as frontes nas que debemos actuar.

En canto ao tabaquismo, dende hai anos que se promoven diversas campañas relacionadas coas súas consecuencias para a saúde, prohibición de fumar en espazos pechados, etc, parece que lentamente están a dar os seus froitos, pero o resto dos factores de risco non están sendo obxecto do interese das institucións públicas sanitarias.

Como exemplo, pódese citar o estudio PREDyCES (Prevalencia da Desnutrición e Custos Asociados en España), segundo o que o 23,7 % dos pacientes hospitalizados está en risco de desnutrición ou desnutrido, aumentando ata o 37 % entre os maiores de 70 anos.

Tamén, segundo os datos do estudio DREAM+65, «Desnutrición relacionada coa enfermidade en persoas anciás de Madrid maiores de 65 anos», a prevalencia da desnutrición foi do 2,2 % nas persoas atendidas en atención primaria, do 0,4 % nos centros de maiores, do 15,6 % en residencias e do 21,7 % en hospitais. Neste mesmo estudio, o 10,9% dos pacientes atendidos en atención primaria estaban en risco nutricional, o 4,7 % nos centros de maiores, o 30,9% en residencias e o 46,6% en hospitais.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:57:52
Nº Rexistro: 54145
Data envio: 26/08/2019 12:57:52.739

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, un informe sobre a incidencia do infarto de miocardio, da hipertensión arterial, da artrite e outras afectacións reumáticas, da EPOC, da diabetes e do cancro na poboación galega maior de 50 anos, incluíndo o seu índice de mortalidade e a súa evolución no tempo.
2. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, un informe sobre as iniciativas que ten postas en marcha para loitar contra os distintos factores de risco para a saúde e en concreto contra o tabaquismo, o sobrepeso e a obesidade, as dietas desequilibradas, o estrés e o sedentarismo.
3. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, o protocolo de actuación que se aplica nos colexios galegos, tanto públicos como concertados, ante casos de obesidade en menores, así como as medidas preventivas adoptadas para evitar o sobrepeso entre o alumnado e as dirixidas á educación para a saúde.
4. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, o protocolo de actuación que se aplica nas residencias e centros de maiores ante casos de obesidade en persoas maiores e anciás.
5. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, o protocolo de actuación aplicado polo Sergas ante casos de sobrepeso ou obesidade en menores, en persoas adultas e en persoas anciás.
6. Presentar a esta Cámara, no presente período de sesións, un informe sobre o risco de desnutrición das persoas ingresadas nos hospitais públicos e concertados galegos e nas residencias e centros de día maiores dependentes da Administración e aquelas con prazas concertadas.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:57:52
Nº Rexistro: 54145
Data envio: 26/08/2019 12:57:52.739

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/08/2019 12:55:37

Luis Villares Naveira na data 26/08/2019 12:55:49

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:28
Nº Rexistro: 54148
Data envio: 26/08/2019 13:03:28.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolvía permitiron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que nos anos 80 e 90 do século pasado moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa.

No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, estímase que entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos máis de 30.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:28
Nº Rexistro: 54148
Data envio: 26/08/2019 13:03:28.984

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación, no ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como "reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo", isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Malia que o goberno do Estado conta desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, pasou máis de un ano e aínda non se fixeron públicas, sen que haxa ningunha razón que xustifique esta demora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. Que faga pública listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa católica desde 1998, e que amplíe este informe cos bens inmatriculados entre 1946 e 1998, tendo en conta a posibilidade de que se rexistrasen ilegalmente templos dedicados ao culto.

2. Que estude as vías legais para demandar a anulación das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica cando se trate de bens de dominio público ou cando se realizasen sen que existise algún documento que acreditase a propiedade.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:28
Nº Rexistro: 54148
Data envio: 26/08/2019 13:03:28.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a, unha vez coñecidas as inmatriculacións de bens correspondentes ao territorio galego, crear unha oficina de información e asesoramento ás entidades que reclamen estes bens e promover accións legais para a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público."

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 12:46:36

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 12:46:44

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 12:47:17

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:03:28
Nº Rexistro: 54148
Data envio: 26/08/2019 13:03:28.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 12:47:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 12:47:34

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 12:47:41

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:32
Nº Rexistro: 54175
Data envio: 27/08/2019 11:19:32.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia de recente de Villar Mir e Ferroatlántica en Galiza ten feitos convulsos e importantes que poden determinar o presente e, sobre todo, o futuro dunha comarca enteira como é a da Costa da Morte para alén do futuro de postos de traballo tamén na contorna da Coruña.

Entre os feitos recentes máis relevantes, cómpre recordar que o pasado martes 4 de xuño de 2019 facíase pública a venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e xurdían as alertas do Comité de Empresa e da sociedade en xeral sobre o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

Neste mesmo sentido, non está de máis recordar o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Sorprendentemente, aínda que xa ten decidida a venda, a empresa liderada por Villar Mir ten confirmado que non vai renunciar aos recursos legais que presentou contra a resolución de Augas de Galiza. Este último extremo foi novamente confirmado ao Comité de Empresa o pasado 7 de agosto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:32
Nº Rexistro: 54175
Data envio: 27/08/2019 11:19:32.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante os últimos meses diferentes indicios e informacións saídas de diferentes foros de reunión foron confirmando as peores sospeitas: estamos ante unha operación fraudulenta a través da que Villar Mir pretende levar adiante unha segregación encuberta das centrais coa que esquivar as cláusulas concesionais. Malia o ficticio cambio de propiedade, todo apunta a que será o conglomerado Ferroatlántica quen seguiría xestionando as fábricas da Costa da Morte de forma que continuaría sendo o provedor e comprador único como se dunha subocontrata se tratara para poder lucrarse coa explotación enerxética, poñendo en entredito o compromiso coa actividade industrial.

Neste contexto, a Xunta de Galiza decidiu pórse de lado dos intereses de venda de Villar Mir no lugar de atender os intereses sociais da Costa da Morte e, por extensión, de Galiza. Tras varias semanas de sospeitas, o 14 de agosto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria informaba verbalmente ao comité da autorización administrativa para a cancelación anticipada do arrendamento (*leasing*) que Ferroatlántica ten sobre as centrais hidroeléctricas do Xallas.

Este feito é, a xuízo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, escandaloso. Compartimos coa maioría do Comité de empresa que este pseudoproxecto (lembremos que non existe unha soa proba documental de planificación industrial por parte dos axentes implicados) de compra-venda non garante o futuro das fábricas e dos postos de traballo.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:32
Nº Rexistro: 54175
Data envio: 27/08/2019 11:19:32.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Esixir de Ferroatlántica a presentación dun plan de viabilidade na operación que a empresa pretende levar adiante para dar cumprimento ás distintas resolucións da propia Xunta de Galiza, da sentenza do TSXG e das propias palabras do Presidente da Xunta de Galiza no Parlamento Galego.

2. Rectificar a súa política de unilateralidade e acordar coa representación social os pasos a dar, así como manter unha política de constante intercambio de información co Comité de Empresa, a comezar pola remisión da documentación presentada pola empresa e da información das reunións mantidas coas compañías compradora e vendedora.

3. Constituír unha mesa de negociación coas partes implicadas (Xunta de Galiza, Ferroatlántica, TPG-Ithaka e comité.

4. Desenvolver os informes e actuacións legais necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas."

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:32
Nº Rexistro: 54175
Data envio: 27/08/2019 11:19:32.334

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 11:03:23

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 11:03:31

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 11:03:36

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 11:03:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 11:03:54

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 11:04:02

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:57:55
Nº Rexistro: 54188
Data envio: 27/08/2019 12:57:55.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cómpre recordar que desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao.

Finalmente, consumouse a compra por parte do Grupo Parter o pasado 21 de xullo, dando un respiro a nove longos meses de angustia e preocupación. Porén, cómpre recordar tamén que isto non significaba tampouco a reactivación inmediata da produción nestas fábricas e que continúa a inestabilidade do sistema enerxético, que debe ser transformado. Polo tanto, estes factores fan que a preocupación continúe sobre estas fábricas, sobre San Cibrao e sobre outras industrias galegas altamente dependentes da enerxía.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:57:55
Nº Rexistro: 54188
Data envio: 27/08/2019 12:57:55.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde entón, téñense dado diferentes situacións que fan crecente a preocupación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación, máis concretamente, de San Cibrao. O pasado 21 de agosto o Comité de Empresa denunciaba, após unha reunión co novo presidente de Alcoa no Estado Español, que a empresa mantén a parada das 32 cubas até o 23 de setembro, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés. Así mesmo, o Comité de Empresa facía públicas unha serie de esixencias á Xunta de Galiza o pasado 23 de agosto.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego os indicios sinalados polo Comité e a incapacidade do goberno en funcións para impulsar calquera mudanza no marco enerxético ou industrial deben ser motivos para que a Xunta de Galiza abandone a súa deixadez de funcións canto ás súas responsabilidades coa industria galega e actúe máis alá das declaracións electoralistas que estamos acostumadas a escoitar de cotío.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Constituír unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para demandar a activación das cubas en suspenso e velar polo mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se mantén a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2. Demandar do goberno central medidas urxentes respecto do marco enerxético co fin de paliar a crise da industria electrointensiva galega:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:57:55
Nº Rexistro: 54188
Data envio: 27/08/2019 12:57:55.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego, coa inclusión dun paquete de medidas compensatorias polos atrasos antes do final de 2019.

b) planificación da substitución do sistema de poxa de interrumpibilidade por unha regulación estábel que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego.

c) consideración, no futuro sistema enerxético, do papel de produtor de Galiza, que deberá ser beneficiada polos custes ambientais e sociais de soportar a xeración.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:57:55
Nº Rexistro: 54188
Data envio: 27/08/2019 12:57:55.441

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 12:30:32

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 12:30:41

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 12:30:47

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 12:31:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 12:31:10

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 12:31:17

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 12:46:24
Nº Rexistro: 53958
Data envio: 20/08/2019 12:46:24.492

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** solicita a retirada das **Proposicións non de lei** con número de rexistro **52.518 e 52.519.**

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/08/2019 12:45:48

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:57:32
Nº Rexistro: 54163
Data envio: 26/08/2019 13:57:32.546

Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios** de **En Marea**, do **Bloque Nacionalista Galego** e **Mixto**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pleno**, para dar conta dos criterios establecidos para o acceso de visitantes á illa de Ons, no parque das illas atlánticas, e as restricións para o acceso das persoas de Ons e outras persoas coas que teñen relación de parentesco ou amizade.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz s. do G.P. de En Marea

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Luis Villares Naveira

Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/08/2019 13:48:41

Luis Villares Naveira na data 26/08/2019 13:55:38

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:57:32
Nº Rexistro: 54163
Data envio: 26/08/2019 13:57:32.546

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 13:57:05

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

O Informe de Fiscalización da Responsabilidade Patrimonial do Sergas, presentado polo Consello de Contas ante o Parlamento de Galicia en xullo de 2019, evidencia un aumento das reclamacións e sentenzas por responsabilidade patrimonial derivadas da actuación do Sergas, entre os anos 2011 e 2017.

Así, sinala o informe que "as reclamacións con pretensións indemnizatorias experimentaron un notable crecemento, tanto no seu número como na contía reclamada, observándose unha tendencia crecente á súa xudicialización; iso induce, nalgunha medida, á práctica dunha medicina defensiva por parte dos facultativos que non sempre redunda en beneficio do paciente", prescribindo o persoal sanitario máis probas diagnósticas das necesarias "coa finalidade de protexerse ante as posibles reclamacións que se formulen".

Sinala o informe que esta fiscalización "ten como antecedente outra referida ao ano 20081. A problemática e incidencias descritas no informe que recolle os seus resultados persisten na actualidade, sen que se teña producido un cambio significativo da situación". Así, persisten limitacións á fiscalización por "falta de homoxeneidade e fragmentación excesiva da información dispoñible nas distintas unidades xestoras", a falta de esforzo por acurtar os prazos de tramitación dos expedientes de reclamación ou a incapacidade para dar alternativas que eviten a xudicialización excesiva, como a "celeridade na súa resolución, de compensación

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

dos danos de pequena entidade e de resposta efectiva á cidadanía, no marco dun proceso asistencial de calidade".

O SERGAS editou en 2011 o documento "Sistema de Seguridade do Paciente e Xestión dos Riscos Sanitarios do modelo corporativo de xestión integrada da calidade do Sergas", unha guía que, como sinala o Consello de Contas, "para o seguimento e avaliación dos indicadores non existe unha plataforma específica, obténdose a información a través das memorias anuais, os informes de auditorías periódicas, os indicadores de seguridade do cadro de mandos SIAC/ATENEA, os indicadores do SNS, o SiNASP e os rexistros do programa de enfermaría hospitalaria GACELA".

Sobre a notificación de incidentes a través do SiNASP, o Consello de Contas indica as seguintes limitacións, "unha boa parte dos incidentes e eventos adversos non son notificados, debido, entre outras causas, ao seu carácter voluntario, ao aumento da carga de traballo, á desaprobación ou á perda de reputación e á incerteza sobre a súa efectividade.

Esta voluntariedade da notificación de efectos adversos é unha dificultade para obter unha información exhaustiva e, conseguintemente, para unha mellor prevención de riscos.

Na análise das reclamacións, das cales, entre 2011 e 2016 foron presentadas 1.233 reclamacións por danos derivados da asistencia sanitaria en centros do Sergas ou concertados, o maior volume de reclamacións afecta á asistencia prestada no ámbito hospitalario "destacan as relativas a centros concertados en proporción ao seu nivel de actividade".

O tipo de causas de dano alegado para a reclamación que máis aumento experimentou foi a "falta de información" e as causas máis común son "mala praxe" (39,6%), "erro ou atraso no diagnóstico" (24,1%) e "erro ou atraso terapéutico" (12,7%).

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

O importe reclamado ascende a 177.302.720 euros, sendo a media anual de 29.550.453 euros.

En canto ao procedemento do rexistro das reclamacións, sinala o Consello de Contas que "non existe homoxeneidade" en canto á recollida da data de rexistro da mesma, "nalgúns casos procésase neste campo a entrada da solicitude en calquera dependencia do ámbito sanitario, pero noutros, recolle a recepción da reclamación na correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e do Sergas, unha vez remitida, ás veces con certo atraso, desde as distintas institucións do Sergas ou departamentos da Consellería".

Continúa o informe sinalando que "no 26% dos expedientes a data de inicio atribúese ao mesmo día de presentación da reclamación, o que contribúe a axilizar a tramitación. Porén, nun 12% dos casos transcorre un período de ata 3 días, nun 35% un intervalo de entre 4 e 10 días, e nun 25% entre 10 días e un mes, chegando, en dous supostos a superar o ano."

Tamén existe demora e heteroxeneidade en canto ao tempo agardado para a incorporación e rexistro no programa informático de xestión de expedientes. Asemade, a demora tamén existe no procedemento de nomeamento de instrutor, que debería estar no prazo máximo de cinco días desde o inicio do procedemento. "Con bastante frecuencia este trámite demórase inxustificadamente, o que contribúe á prolongación innecesaria da tramitación", sinala o informe. "Tan só no 23% dos expedientes a fase de instrución comeza no prazo establecido; no 35% experimenta un atraso entre os 6 días e un mes e nun 39% supérao".

Tamén se demora a comunicación á persoa reclamante, que debe ser nos dez días seguintes ao nomeamento de instrutor. "Con frecuencia este trámite preceptivo dilátase, ás veces significativamente, paralizando o procedemento de xeito inxustificado".

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

O tempo medio de instrución de expedientes chegou aos 179 días e tan só o 32% das reclamacións se instruíron en menos de tres meses, mentres que nun 58% delas o tempo medio de instrución estimado foi de 202 días e nun 10% superouse amplamente o ano.

En canto á duración de todo o procedemento, o informe sinala que "a tramitación de ao redor do 2% dos expedientes rexistrados no período 2015-2016 e resoltos expresamente tivo unha duración de máis de dous anos, mentres que é superior ao ano outro 24%" e que "os expedientes que, no momento de remisión da información (xullo 2017), figuraban sen data de resolución supoñen o 61% dos rexistrados no período".

Así, o tempo medio de resolución (suma dos correspondentes ás fases de incoación, de instrución, ditaminadora e de finalización) é de 444 días.

O informe advirte sobre a xudicialización das reclamacións de menor contía, "unha forma pouco eficiente de resolvelas ao levar asociados importantes custos de representación e defensa xurídica que, nalgúns casos, se aproximan ou mesmo exceden do importe das indemnizacións", sinala. "No período 2011-2017 o custo medio das indemnizacións en vía xudicial foi de 79.767 euros fronte aos 18.934 euros que representa o custo medio das indemnizacións en vía administrativa".

Polo anteriormente exposto, a deputada que subscribe, presenta a seguinte Interpelación:

- Vai o Sergas asumir as recomendacións do Consello de Contas en relación á unha mellor integración dos sistemas informáticos e homoxeneidade dos datos procesados para facer bo seguimento estatístico das reclamacións?

- Que vai facer o Sergas para reducir os prazos de tramitación dos expedientes de reclamación?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

- Vai o Sergas establecer algún mecanismo que permita avaliar o seguimento específico da guía "Sistema de Seguridade do Paciente e Xestión dos Riscos Sanitarios do modelo corporativo de xestión integrada da calidade do Sergas"?

- Que opina o Sergas de que o aumento da carga de traballo sexa unha das causas da non notificación de boa parte dos incidentes e eventos adversos?

- Que medidas vai tomar o Sergas ante a análise dos datos sobre as causas de dano alegado para a reclamación?

- Como vai o Sergas afrontar o aumento das reclamacións por danos no Sergas? Vai asumir as recomendacións do Consello de Contas?

- Vai o Sergas estandarizar o método de recollida da data da reclamación, evitando a demora por parte de determinadas xerencias territoriais?

- Como vai o Sergas evitar as demoras na tramitación dos expedientes de reclamación e as disparidades neste eido?

- Que vai facer o Sergas para evitar a xudicialización das indemnizacións por danos de menor contía?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53064
Data envio: 30/07/2019 14:22:59.147

Paula Vázquez Verao na data 30/07/2019 14:21:39

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 13:02:35
Nº Rexistro: 53100
Data envio: 31/07/2019 13:02:35.854

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte interpelación.

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste ano, o rexistro dun preconcurso de acreedores serviu como presión para a negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación de máis recursos públicos para POVISA.

O Consello de Contas acaba de emitir un informe de fiscalización do concerto, no que advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 13:02:35
Nº Rexistro: 53100
Data envio: 31/07/2019 13:02:35.854

concerto sanitario para as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguintes PREGUNTAS

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación?
- Ten pensado a Xunta de Galicia seguir renegociando as condicións do concerto con POVISA?
- Que valoración fai a Xunta de Galicia das Consideracións do Consello de Contas?
- Como ten pensado levar a cabo as súas recomendacións?
- Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre a información do gasto na atención pública e privada do Hospital?
- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- Non considera a Xunta de Galicia esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adoece, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural?
- Teñen estudado algunha fórmula para non depender do concerto sanitaria con POVISA na prestación sanitaria da Área de Vigo?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 13:02:35
Nº Rexistro: 53100
Data envio: 31/07/2019 13:02:35.854

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 12:32:56

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:02:43
Nº Rexistro: 53240
Data envio: 02/08/2019 10:02:43.562

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A recentemente aprobada Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia evitou entrar no debate específico dos baremos de concesión de oficinas de farmacia, a pesares das posicións amosadas por diversos grupos políticos e colectivos relacionados, que suxerían a oportunidade de afrontar tamén a revisión dese baremos para adecualo ás realidades e á actualidade.

O baremo existente para a concesión de oficinas de farmacia está sendo discutido, tamén a partir da última resolución do concurso público que se rexeu por el, por diversas cuestións. Entre elas, existen algunhas reclamacións referidas á valoración das cuestións sobre análises clínicos, área de especialidade de varios profesionais do eido farmacéutico que vén prexudicada a súa formación e experiencia.

A citada Lei 3/2019 inclúe as funcións das oficinas de farmacia, e entre elas a 12.i indica "*Realizar análises clínicas e outras funcións profesionais ou sanitarias que, por estaren recollidas en normas específicas e conforme ao disposto nelas, poidan ser desenvolvidas polo/a farmacéutico/a de acordo coa súa titulación e especialidade.*"

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que a Xunta de Galicia non ten modificado o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia no referido ás análises clínicas?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

3. Considera a Xunta de Galicia que o actual baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia é xusto?

Pazo do Parlamento, 01 de agosto de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2019 10:00:28

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2019 10:00:41

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:25:16
Nº Rexistro: 53251
Data envio: 02/08/2019 10:25:16.350

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación.**

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Folgas por falta de actualización dos convenios, presuntas prevaricacións no concurso e deficiencias estruturais tanto en material como en persoal, afectan a un servizo de transporte sanitario, que tamén no ámbito aéreo, vese afectado por múltiples irregularidades.

Foron moitas as iniciativas, propostas e advertencias feitas ao Goberno nesta materia, dende a proposta de xestión directa ata o desenvolvemento duns pregos de contratación axeitados que permitan cubrir o servizo coa máxima calidade.
Este ano asistimos a varias promesas por parte de Conselleiro de Sanidade en relación a este asunto e a mellora das súas condicións, con todo, na publicación dos pregos pódese comprobar como se sigue a reducir persoal e primar os criterios económicos pese a ter demostrado que a pesar de ser legal, non soluciona as necesidades e non aporta calidade ao servizo.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:25:16
Nº Rexistro: 53251
Data envio: 02/08/2019 10:25:16.350

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Por que reducen persoal para as ambulancias de Foz, Monforte e Salnés?
- Considera o Goberno que este recorte permite dar a mesma calidade asistencial ás persoas destas zonas?
- Pese aos antecedentes sobre as consecuencias que ten primar os criterios económicos sobre os asistenciais, cal é o motivo de seguir a empregar o mesmo modelo de contratación?
- Como pensan poñer solución aos conflitos que existen agora mesmo neste servizo?
- Cal é o motivo de non estudar a viabilidade de asumir unha xestión directa e pública do servizo?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 10:11:12

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:30:56
Nº Rexistro: 53253
Data envio: 02/08/2019 10:30:56.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, , **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos, alumnado e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Galiza vén reclamando a adscrición destes estudos ao Sistema Universitario Galego.

Durante esta lexislatura, todos os grupos parlamentarios tivemos encontros con representantes da comunidade educativa dos centros que imparten estes estudos nos que se nos instou a impulsar, no exercicio das competencias que Galiza ten recoñecidas, a integración das ensinanzas artísticas no SUG. Tamén a Xunta de Galiza é coñecedora de primeira man desta demanda.

No noso país contamos, a día de hoxe, con catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD): a Antonio Faílde de Ourense, a Pablo Picasso da Coruña, a Ramón Falcón de Lugo e a Mestre Mateo en Compostela; alén dos CMUS, da Escola de Arte Dramática (Vigo) e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:30:56
Nº Rexistro: 53253
Data envio: 02/08/2019 10:30:56.089

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Universidade de Vigo anunciou a creación dun novo grao universitario en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra que, previsibelmente, estará en funcionamento a partir do curso 2020/2021. Esta información reavivou o debate sobre a adscrición e integración universitaria das ensinanzas artísticas xerando inquedanzas entre a comunidade educativa dos centros con estudos superiores semellantes.

O debate sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas non é novo nin exclusivamente se produce no noso país. Neste senso, o marco normativo actual prevé esta posibilidade. Así o recolle no artigo 11 a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 58 da LOMCE.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

- Apoia a Xunta de Galiza a adscrición e integración das ensinanzas artísticas no Sistema Universitario Galego?

- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para impulsar a súa adscrición?

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:30:56
Nº Rexistro: 53253
Data envio: 02/08/2019 10:30:56.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2019 10:19:57

Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2019 10:20:22

María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2019 10:20:30

Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2019 10:20:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2019 10:20:53

Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2019 10:21:09

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:51:15
Nº Rexistro: 53273
Data envio: 02/08/2019 10:51:15.674

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación.**

Dende a chegada da crise, a precariedade pasou a consolidarse en Galicia como un factor totalmente estrutural no mercado de traballo. Nin a propia Administración pública fuxe desta situación, que lonxe de dar exemplo na estabilidade laboral fomenta cada día máis, situación precarias.

Un dos maiores exemplos de precariedade exercida dende a Administración Pública e a do Servizo Galego de Saúde, con récord de temporalidade e sobrecarga de traballo para o persoal que presta servizos no mesmo.

A eliminación de postos de traballo mediante amortizacións dos mesmos e a escasa planificación nas Ofertas Públicas de Emprego, provocou unha perda de profesionais que afecta ao funcionamento do propio sistema e dificulta a ordenación dos servizos.

Ademais, esta situación que afecta directamente á calidade asistencial que se presta nun servizo tan delicado como é o da saúde, vulnera tamén os dereitos laborais das traballadoras e traballadores, tanto en material de abuso na temporalidade, tempos de descanso ou dereitos retributivos.

Unha situación intolerable provocada por unha mala xestión e unha política de recortes e deterioro dos servizos públicos, que no que se refire á material laboral

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:51:15
Nº Rexistro: 53273
Data envio: 02/08/2019 10:51:15.674

xa recibiu varios toques de atención por parte de Europa, a Seguridade Social ou o Tribunal de Xustiza de Galicia.

Con todo, o Goberno segue sen tomar nota, axudando no aumento da precariedade e no deterioro dos nosos servizos públicos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera o Goberno que a súa política laboral no SERGAS está sendo legal e axeitada?
- Van a levar a cabo algunha medida para respectar os dereitos laborais e manter unha calidade asistencial axeitada no SERGAS, tendo en conta as sentencias e as protestas que se están dando?
- Ten realizado algún informe o Goberno en relación ao número de persoal eventual que concatena máis de tres anos de contratos para postos de carácter estrutural?
- Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego cos diferentes Gobernos centrais sobre a taxa de reposición dende a entrada en vigor da mesma?
- Pensan dar cumprimento aos acordos retributivos acadados antes do inicio da crise?

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2019 10:51:15
Nº Rexistro: 53273
Data envio: 02/08/2019 10:51:15.674

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2019 10:47:11

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:37:18
Nº Rexistro: 53337
Data envio: 05/08/2019 12:37:18.701

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a oferta pública de emprego para o ensino.

Se hai uns meses alertamos de que a oferta pública de emprego anunciada pola Consellería de Ensino era insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público toda vez que non permitiría recuperar as prazas docentes suprimidas coa escusa da crise, nin para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos antes da chegada do Partido Popular ao goberno; coñecidos os resultados dos tribunais constatamos, ademais, que as cifras anunciadas eran, en grande medida, maquillaxe.

Deste xeito, das 2.064 prazas que a Consellería de Educación anunciara que ía ofertar, tan só se cubriron 1.671. Unha cifra inferior á da convocatoria de 2018, na que se adxudicaron 1723 prazas dun total de 2050 ofertadas. Este é o cerne da denuncia que fai CIG-Ensino, que afirma que a maior parte das prazas que fican desertas proveñen da convocatoria de promoción interna ou acceso.

A CIG-Ensino lembra que xa denunciara na Mesa Sectorial na que a Xunta "impuxo unilateralmente a oferta de emprego" que se estaba a incrementar estas prazas máis alá do mínimo fixado pola normativa legal "para poder vender que se superaba novamente a cifra de 2.000 prazas na OPE (oferta pública de emprego)".

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:37:18
Nº Rexistro: 53337
Data envio: 05/08/2019 12:37:18.701

Nas probas de ingreso destacan as **especialidades dos corpos de profesorado de ensino secundario (PES) e de formación profesional (PTFP)**, xa que dun total de 1018 prazas entre ambos corpos só aprobaron 922 aspirantes, ficando sen cubrir 96 prazas, preto dun 10% do total. No caso do corpo de mestres a única especialidade na que non se cubriron todas as prazas volve ser de novo Francés, na que son máis as prazas desertas que as cubertas (38 e 32 respectivamente).

Entre as especialidades **nas que non se cubriron todas as prazas destacan a de Informática**, con preto da metade de prazas sen adxudicar, **FOL, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (PES) ou Mantemento de Vehículos (PTFP),** todas eles con ao redor dun terzo de prazas vacantes. Matemáticas volve de novo a deixar prazas desertas, nesta ocasión cun 19% de prazas sen adxudicar.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:

1.) Que valoración fai o Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir?

2.) Cando pensa chegar o Goberno galego ao 5% de persoal interino?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:37:18
Nº Rexistro: 53337
Data envio: 05/08/2019 12:37:18.701

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 12:24:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 12:25:01

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:49:48
Nº Rexistro: 53354
Data envio: 05/08/2019 12:49:48.468

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte interpelación.

Os datos tanto do CIS como os que manexan os propios colexios farmacéuticos ou entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade, reflexan que a pobreza farmacéutica forma parte dunha realidade no noso país que afecta cada vez a máis persoas.

Políticas como as do copago farmacéutico, non fixeron máis que incrementar esta realidade, que lonxe de intentar ser atallada polo Goberno, depende máis de iniciativas privadas como a do Banco Farmacéutico de Galicia, que constituíuse o ano pasado e como fundación de interese galego para intentar dar resposta a esta problema.

Segundo datos que expoñía o Banco Farmacéutico, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social era do 25%, cifras moi similares aos peores anos da crise, o que nos da unha mostra de que a suposta recuperación económica no tivo incidencia na redución da pobreza. Máis de 100.000 persoas en Galicia atópanse en situación de pobreza severa, unha situación na que as persoas afectadas non poden tratar correctamente a súa enfermidade, tendo que renunciar ao coidado da saúde por temas económicos.

Unha Administración responsable debe ter un control na adherencia terapéutica da poboación, xa que trae consecuencias moi negativas como o aumento da morbilidade e mortalidade, ademais de poñer implantar as medidas necesarias

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 12:49:48
Nº Rexistro: 53354
Data envio: 05/08/2019 12:49:48.468

GRUPO PARLAMENTAR en marea

para que ningunha persoa teña que renunciar á súa saúde por motivos índole económica.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten realizado o Goberno algún estudio en relación ao control na adherencia terapéutica especialmente por motivos de índole económica?
- Ten pensado o Goberno implantar algunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, prestando especial atención á falta de adherencia por cuestións de pobreza?
- Cales son os datos que manexan en relación a este tema?
- Teñen pensado algunha medida para atallar o problema?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/08/2019 12:45:38

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:39:43
Nº Rexistro: 53381
Data envio: 05/08/2019 13:39:43.132

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**.

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:39:43
Nº Rexistro: 53381
Data envio: 05/08/2019 13:39:43.132

Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera a Xunta de Galicia que ante estes feitos, está a prestar un servizo de calidade respecto ao transporte sanitario de emerxencias?
- Teñen feito dende o Goberno algún estudo respecto ao cambio a un modelo de xestión directa do servizo?
- Ante o anuncio dunha nova licitación, cales son os cambios introducidos nos pregos de contratación para evitar que se volvan a repetir estas situacións?
- Por que non escoitou a Xunta de Galicia as advertencias respecto das baixas temerarias?
- Por que seguen tendo en conta o exclusivamente o criterio económico pese a comprobar os problemas que derivan do mesmo?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto, de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:39:43
Nº Rexistro: 53381
Data envio: 05/08/2019 13:39:43.132

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 05/08/2019 13:26:41

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53387
Data envio: 05/08/2019 14:01:13.170

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre o peche de aulas para o vindeiro curso.

Un ano máis o Goberno galego aproveita o parón estival para anunciar peches de unidades educativas. Esta vez temos que lamentar a supresión de 67 unidades de infantil, primaria e educación especial. Ás que sumar o peche de 6 escolas unitarias máis: as escolas de Educación Infantil de Portocubelo e do Viso no municipio de Carnota; o servizo da EEI do Seixo de Mugardos, do CEIP da Polveira en Trazo, a EEI de Arcos de Furcos, en Cuntis e o EEI de Zamáns, en Vigo. Todas estas escolas suman 26 alumnas e alumnos que teñen que ser reubicados.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción, senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se toman por parte da administración educativa contradinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Porque non só temos que lamentar peches de centros, senón que a esta situación debemos sumar como outras escolas unitarias do País ven recortados os seus servizos, como no caso de Verducido, onde a comunidade educativa realizou múltiples protestas durante este curso para pelexar polo mantemento do profesorado e a continuidade da escola.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53387
Data envio: 05/08/2019 14:01:13.170

Tal e como denuncian os sindicatos, ao tempo que a sangría se estende co peche de aulas, a política de corte neoliberal que practica o goberno do PP, cunha concepción mercantilista da educación, tamén alcanza os postos de traballo: serán 62 mestras e mestres menos os que comecen o curso 2019/20.

A redución de postos de traballo, superior nun 7% á do curso anterior, levará consigo o despedimento de persoal interino e o desprazamento de profesorado definitivo a outros colexios e terá unha especial incidencia na especialidade de Educación Primaria, na que se concentra máis da metade das prazas suprimidas.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibro territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economicista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Por que a Conselleira de Educación non informou destes peches na súa comparecencia en sede parlamentaria o pasado 25 de xuño?
2. Vai teimar o Goberno galego no desmantelamento do ensino rural?
3. Ten pensado o Goberno galego abordar un plan integral de ensino para o rural?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53387
Data envio: 05/08/2019 14:01:13.170

4. Cando se recuperarán os postos docentes que tiñamos antes da crise?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 13:44:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 13:45:04

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:13:44
Nº Rexistro: 53153
Data envio: 01/08/2019 12:13:44.610

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do dispostos no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación.**

O verán é unha época que sempre pon en evidencia a falta de recursos no Sergas, especialmente na Atención Primaria, unha situación que principalmente é consecuencia dos recortes e a mala planificación.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias conten só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade no primeiro nivel asistencial do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Canto tempo pensa a Xunta de Galicia seguir mantendo esta situación?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2019 12:13:44
Nº Rexistro: 53153
Data envio: 01/08/2019 12:13:44.610

- Teñen pensado mudar a política de contratación do SERGAS, para garantir condicións laborais dignas eliminando a precariedade actual?
- Van a incrementar o persoal nos Puntos de Atención Continuada para evitar que queden desatendidos os centros de saúde cando teñan que saír a cubrir unha urxencia?
- Cales son as liñas de actuación política que se van a levar a cabo para a cobertura de baixas e vacacións na Atención Primaria?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 12:03:05

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 12:20:36
Nº Rexistro: 53519
Data envio: 07/08/2019 12:20:36.810

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

O colectivo de enfermeiros e enfermeiras eventuais do Sergas (a maioría son mulleres) vive sometido a un ritmo de traballo que esixe, durante anos, concatenación de contratos, non ter vacacións, permisos de maternidade ou baixas laborais, polas penalizacións que se impoñen ao non aceptar ofertas de traballo, e que impón unha mobilidade extrema entre servizos e ausencia total de posibilidades de conciliación familiar e social.

Esta situación afecta a unhas dez mil persoas, enfermeiras e enfermeiros formados e cualificados. A convocatoria de oposicións non resolve a situación, pois sempre son prazas insuficientes.

Tampouco o "contrato de continuidade e estabilidade" non garante tal, pois conleva, por exemplo, ter un contrato de acumulación de tarefas de doce meses en como mínimo dous centros sen garantías de continuidade asistencial ou sigue limitando a posibilidade de ter vacacións, pois as e os profesionais que asuman este contrato cobren as vacacións das compañeiras titulares.

A Asociación de Enfermería Sociosanitaria da Coruña elaborou unha enquisa a enfermeiros e enfermeiras eventuais, considerándose precarios o 89% dos enquisados. Dita enquisa, que recolle datos entre o 11 de marzo e o 16 de maio do 2019, "recolle un total de 808 resultados, dos cales se excluíron 73 debido a respostas inválidas e duplicadas nos resultados finais, quedando finalmente un total de 735 enquisas válidas".

"O primeiro dato que podemos observar é que o 89,12% das persoas enquisadas foron mulleres mentres que tan só un 10,9% son homes. Do total dos enquisados, un 73,7% non

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 12:20:36
Nº Rexistro: 53519
Data envio: 07/08/2019 12:20:36.810

teñen fillos e a súa media de idade sitúase nos 32,2 anos (sendo 21 anos a idade do mais xove e 54 anos a do máis maior).”

“Destas persoas, a media de anos que pasan anotados nas listas é de 8,14 anos, sendo 24 os anos do que máis tempo leva, e inferior a 1 ano o de menor tempo de permanencia. Un 78,7% dos enquisados levan nas listas 5 anos ou mais; un 44,4% do total levan 10 ou máis de 10 anos.”

“De todos os enquisados, só un 19,2% ten unha vacante ou comisión fronte a un 80,8% que non a teñen. Os que si teñen vacante ou comisión, levan con ela unha media de 3,2 anos. Iso si, para conseguila tiveron que pasar 12,2 anos desde que sumaron o seu primeiro contrato no Servizo Galego de Saúde. A media de contratos asinados non último ano é de 24 contratos, superando os 300 contratos a persoa que máis número deles asinou.”

O Consello de Contas, nos seus informes de fiscalización referidos ao Sergas, remitidos este mes de xullo ao Parlamento, indica que “os índices de temporalidade continúan sendo altos, 40% en atención especializada e 28,1% en primaria (datos de 2017), observándose un incremento interanual deles. No ano 2016 situábanse, respectivamente, nun 37,6% e nun 26,3%”. Así, o Consello de Contas desmenten as falacias do xerente do Sergas e do propio Presidente Feijóo, que afirmaron, respectivamente que a precariedade “non é unha situación habitual, o 85% do persoal do Sergas ten vínculos estables” e que o 88% do persoal do Sergas ten un “nomeamento definitivo”.

O labor enfermeiro é imprescindible nun sistema sanitario público que aspire á calidade, e debe ser valorado na súa faceta asistencial, investigadora e docente, así como en postos de responsabilidade no deseño de políticas de saúde pública e xestión.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación:

- Como valora o Sergas os datos da enquisa da Enfermaría galega precaria?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 12:20:36
Nº Rexistro: 53519
Data envio: 07/08/2019 12:20:36.810

- Considera a Xunta que coa xeralización deste tipo de contratacions en enfermaria se permite a especialización?

- Considera a Xunta compatible este tipo de contratos coa conciliación?

- Por que menten o Xerente do Sergas e o Presidente da Xunta sobre as cifras da estabilidade laboral no Sergas?

-Cal é a dotación actual de enfermeiros e enfermeiras?

- Cal é a rateo de persoal de enfermaría en cada hospital do Sergas e en cada distrito sanitario? Cal é o número de contratos inferiores a un ano en cada distrito sanitario?

- Cales son as previsións de necesidades de enfermeiros e enfermeiras?

- Cantas vacantes de enfermaría existen no SERGAS e cal é a programación ao respecto da súa cobertura e con que modalidade de contrato?

-Cales son as estimacións de convocatoria de prazas nas sucesivas oposicións para profesionais de enfermaría?

- Que vai facer a Xunta ante a enorme precariedade laboral dos e das enfermeiras eventuais do Sergas?

- Que datos ten a Xunta sobre eventualidade en enfermería, auxiliares, celadores/as e especialistas?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 12:20:36
Nº Rexistro: 53519
Data envio: 07/08/2019 12:20:36.810

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 12:18:53

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:02:00
Nº Rexistro: 53530
Data envio: 07/08/2019 13:02:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as axudas de aluguer enmarcadas no Plan estatal de Vivenda 2018-2021 para a mocidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Xunta de Galiza convocou en xullo de 2018 as axudas de aluguer previstas no marco do Plan estatal de Vivenda 2018-2021.

A convocatoria componse de dúas liñas, unha delas dirixida a menores de 35 anos que foi resolta en xullo de 2018, un ano despois e con meses de demora a respecto do prazo previsto nas bases reguladoras da convocatoria que fixaba un período de 5 meses.

Alén do atraso, dun ano, cando a Xunta de Galiza publicou a listaxe de persoas beneficiarias indicou que só foran concedidas as axudas a aquelas solicitudes puntuadas cunha nota superior a 0,541196. Todas aquelas persoas con puntuación inferior a esa nota de corte –malia cumpriren coas condicións exixidas na convocatoria-- ficaron sen axuda "por non dispor de cobertura orzamentaria", segundo recoñeceu a Consellaría.

En 2018 presentáronse máis de 12.000 solicitudes ás axudas de aluguer –nas distintas liñas-- porén o orzamento do programa apenas chega para cubrir un terzo das mesmas. Neste senso, malia que a resolución de convocatoria e o propio convenio

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:02:00
Nº Rexistro: 53530
Data envio: 07/08/2019 13:02:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asinado entre a Xunta de Galiza e o Goberno español prevé a posibilidade de introducir mudanzas orzamentarias para atender a demanda dos distintos programas, o Goberno galego optou por deixar tiradas milleiros de persoas.

A mocidade galega atópase nunha situación que imposibilita a súa emancipación. De facto, Galiza sitúase –segundo os datos do Observatorio de Emancipación estatal-- como a terceira comunidade con menor emancipación entre os 25 e 29 anos.

Isto débese ás precarias condicións laborais e salariais que padece a mocidade mais tamén á ausencia dunha política pública e social de vivenda no noso país desde hai unha década.

Exemplo diso é que máis de 4.000 mozas e mozos están inscritos no Rexistro de demandantes de Vivenda Protexida da Xunta, principalmente en aluguer. Unha listaxe de agarda que non avanza pola escasísima oferta de arrendamento público.

A vivenda é un dereito e a Xunta de Galiza é responsábel de o garantir, tamén e especialmente para a mocidade que debe contar coas condicións necesarias para desenvolver un proxecto de vida autónomo e independente.

Por todo isto formúlanse a seguinte interpelación:

- Por que demorou un ano a Xunta de Galiza en resolver as axudas ao aluguer para menores de 35 anos?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:02:00
Nº Rexistro: 53530
Data envio: 07/08/2019 13:02:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas persoas solicitaron en total as axudas? Cantas foron concedidas? Cantas persoas cumprían os requisitos e viron denegada a súa solicitude por falta de orzamento?

- Vai convocar a Xunta de Galiza estas axudas en 2019? De ser así, cando?

- Cre o Goberno galego que está a garantir o dereito de acceso a vivenda á mocidade galega?

Santiago de Compostela, 07 de agosto do 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2019 12:56:22

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:02:00
Nº Rexistro: 53530
Data envio: 07/08/2019 13:02:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2019 12:56:37

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2019 12:56:44

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2019 12:56:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2019 12:57:01

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2019 12:57:10

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:27:43
Nº Rexistro: 53614
Data envio: 09/08/2019 10:27:43.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativas á valoración e actuacións a impulsar por parte do goberno galego diante da suba dos prezos dos dereitos de emisión.

O mercado de emisións foi impulsado, na teoría, para dar abeiro aos obxectivos internacionais de redución da contaminación e, particularmente, da emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI). Máis de vinte anos despois do nacemento do protocolo de Kioto, que acabou por estabelecer no 2005, por vez primeira, obxectivos de redución de emisións netas de GEI para os principais países desenvolvidos baixo un calendario de previsión de cumprimento, o resultado das diferentes medidas impulsadas neste tempo continúa sen garantir os obxectivos fixados no Acordo de París de limitar o quecemento global en menos dous graos e, ao mesmo tempo, ten repercusións importantes sobre a situación da industria galega que cómpre analizar e prever.

Os retos da denominada transición enerxética, entre os que salienta a descarbonización, fan necesario que Galiza desenvolva a súa propia planificación para evitar que, unha vez máis, poida saír perdendo pola toma de decisións en ámbitos estatais ou internacionais sen que sexan tidas en conta as nosas necesidades e potencialidades. Neste sentido, cómpre analizar cal é o impacto para o noso país da

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:27:43
Nº Rexistro: 53614
Data envio: 09/08/2019 10:27:43.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evolución do mercado do CO2 e como isto nos afecta, particularmente a nivel industrial, pois non é en absoluto indiferente.

Recentemente coñecíanse as conclusións da enquisa GHS Market Sentiment Survey 2019 realizada entre os membros da IETA (Asociación Internacional de Comercio de Emisións). Nestes previíase un aumento do prezo medio do carbono, de máis de 27 euros por tonelada para o período 2019-2020 e coa previsión de superar os 36 a partir de 2021. Así mesmo, aínda que observemos só o incremento do último ano, desde a media de 15,88 euros por tonelada do 2018 até os datos máis recentes que sitúan no momento de asinar esta iniciativa o prezo por riba dos 29 euros, é obvio que é un factor máis alá de puntual e diante do que cómpre valorar as súas consecuencias.

Mentres o goberno da Xunta de Galiza permanece en silencio e continúa sen incluír esta cuestión en axenda (abonda constatar, por exemplo, a absoluta ausencia nas Directrices Enerxéticas de Galiza 2020) observamos xa consecuencias que afectan aos galegos e galegas, tanto na configuración dos prezos enerxéticos das e dos consumidores domésticos como tamén na competitividade no tecido industrial. Nestes meses puidemos ver as consecuencias deste modelo especulativo coas paradas produtivas en empresas como a Central Térmica das Pontes ademais de inquedanzas noutros sectores coma o metalúrxico.

Por todo isto formúlanse a seguinte interpelación:

- Realizou ou vai realizar a Xunta de Galiza algunha análise sobre os efectos, na industria galega, do mercado de emisións? Ao abeiro de que instrumento ou instrumentos?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:27:43
Nº Rexistro: 53614
Data envio: 09/08/2019 10:27:43.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que este modelo de mercado especulativo favorece a Galiza?

- Como afecta ao sector da produción enerxética? E ao resto da industria galega?

- Dirixiuse o goberno galego ao goberno central para abordar esta cuestión? Con que posición? E resultados?

- Vai defender o goberno galego que Galiza defenda a súa propia planificación para a transición enerxética diante das institucións europeas?

- Que actuacións e vías de diálogo desenvolveu ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para consensuar cos axentes sociais e económicos do país

Santiago de Compostela, 09 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:27:43
Nº Rexistro: 53614
Data envio: 09/08/2019 10:27:43.145

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2019 10:17:31

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2019 10:17:45

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2019 10:17:53

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2019 10:18:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2019 10:18:09

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2019 10:18:20

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:32:04
Nº Rexistro: 53621
Data envio: 09/08/2019 10:32:04.895

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

A Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, regula a libranza de asistente persoal.

Así, dispón que "a libranza de asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente/a persoal que facilite o aceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de gran dependencia".

Por Decreto 15/2010 do 4 de febreiro existe unha libranza de AP que consiste nun pago directo á persoa usuaria, que pode elixir entre contratar a través dunha empresa ou mediante alta da persoa AP no Réxime Xeral de Traballadores/as Autónomos/as.

Dende o ano 2013 existe un servizo de Asistencia Persoal cuxa xestión o levan as entidades segundo o disposto no art. 3 e art. 5 C) do DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:32:04
Nº Rexistro: 53621
Data envio: 09/08/2019 10:32:04.895

Na práctica, danse casos de derivacións de persoas usuarias a empresas, imposibilitando contratar a persoas autónomas ou mediante asociacións de persoas usuarias.

En canto á formación específica requirida ás persoas asistentes persoais, ás persoas contratadas como autónomas comezóuselle a pedir esta formación como un requisito, e non só téndoa en conta como mérito, como sinala na Orde que desenvolve o Decreto 15/2010. Mesmo atopamos un caso no que se retira a libranza de AP se non se acredita formación específica, indicando que a formación específica sería o título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Asemade, dende a propia Consellería indícase ás persoas que deben contratar a través de COGAMI, sinalando en comunicacións que a prestadora do servizo é COGAMI.

Por outra parte, as persoas afectadas tamén nos teñen relatado atrasos na concesión da libranza, tendo agardado ata 1 ano pola resolución.

A Xunta publicou recentemente a Orde do 19 de novembro de 2018 pola cal "se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia". En relación ás AP, sinala que "no caso dos/das asistentes/as persoais, as esixencias de cualificación profesional adaptaranse á regulación que se estableza polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que se aprobe para ese efecto". Polo tanto, aínda non hai consenso específico sobre a figura da prestación de Asistente Persoal no conxunto do Estado. Ademais, non se está afondando no disposto na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en relación á vida independente.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:32:04
Nº Rexistro: 53621
Data envío: 09/08/2019 10:32:04.895

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Interpelación:

- Por que se denega a contratación de Asistentes Persoais mediante a figura de autónomo/a?

- Por que a Xunta indica, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, que a prestadora do servizo de AP en Galicia é COGAMI, cando poden prestalo persoas autónomas (no caso da libranza) ou outras empresas?

- Por que a Xunta cambia de criterio á hora de conceder ou retirar a prestación, convertendo o que era un mérito (formación específica) en requirimento?

- Vai a Xunta desenvolver de xeito pleno a figura de Asistente Persoal para a Vida Independente, con horas suficientes e mediante fórmulas que optimicen os recursos públicos e deriven directamente na persoa usuaria?

- Vai seguir a Xunta co sistema actual ou vai promover fórmulas de xestión da AP acordes coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade?

- Como é o procedemento, detallado, de pago e contratación do servizo de Asistente Persoal vía empresas de COGAMI?

- Cantas libranzas e servizos de Asistente Persoal hai neste momento en cada unha das provincias galegas e cal é a súa modalidade de contratación?

- Ten coñecemento a Xunta de que, no caso de persoas que teñen MUFACE, se lles computa como ingreso a libranza de Asistente Persoal?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:32:04
Nº Rexistro: 53621
Data envio: 09/08/2019 10:32:04.895

- Cal é a lista de agarda, por provincias, para a libranza e servizo de Asistente Persoal?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 10:30:05

Luis Villares Naveira na data 09/08/2019 10:30:19

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:07:08
Nº Rexistro: 53645
Data envio: 09/08/2019 13:07:08.693

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, **Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

A Xunta publicou no DOG con data de 29 de xullo, a Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, o que supón peche de escolas e unidades no ámbito rural.

As escolas, alén dun servizo público esencial, son un elemento dinamizador das localidades rurais en todos os eidos, contribuíndo á fixación da poboación.

Ano a ano, os únicos criterios economicistas fan desaparecer escolas rurais. Este ano as escolas pechadas son as seguintes:

Provincia da Coruña:

- 2 escolas no concello de Carnota: EEI de Portocubelo e EEI do Viso
- 1 escola no concello de Mugardos: EEI do Seixo
- 1 escola no concello de Sada: EEI de Carnoedo
- 1 escola no concello de Trazo: CEIP da Polveira

Provincia de Pontevedra:

- 1 escola no concello de Cuntis : EEI Arcos de Furcos
- 1 escola no concello de Vigo: EEI Zamáns

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:07:08
Nº Rexistro: 53645
Data envio: 09/08/2019 13:07:08.693

En total, 7 escolas no rural e outras tantas reubicadas nun só centro, profesorado que terá que reubicarse, e perda de oportunidades de medrar e educarse sen ter que facer desprazamentos innecesarios, así como a perda de oportunidade de fixar a poboación que se aproximará a outras zonas nas que teñan máis oportunidades de conciliar a educación das persoas menores, con menores desprazamentos e os propios traballos.

Esta situación non é puntual, pois ano a ano suprímense unidades escolares, servizos e prazas docentes nos centros de ensino rural.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Interpelación:

1.- Que medidas vai tomar a Xunta para garantir a atención educativa no rural naquelas áreas nas que se foron reducindo servizos educativos?

2.-Parécelle normal que na lexislatura do rural as escolas se vaian pechando e que non haxa ningunha intención de mantelas para atraer á xente as vilas e pobos do noso país?

3.- Por que non hai unha política de apertura dos criterios e consulta coa poboación implicada antes de proceder ao peche dunha escola?

4.- Sabe a Xunta o prexuízo económico e cultural que causa á poboación polo peche das escolas?

5. - Vai a Xunta abrir un diálogo amplo sobre o dereito á educación no medio rural?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Francisco Casal Vidal
Deputada e deputados do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 13:07:08
Nº Rexistro: 53645
Data envio: 09/08/2019 13:07:08.693

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 13:00:41

David Rodríguez Estévez na data 09/08/2019 13:00:51

Luis Villares Naveira na data 09/08/2019 13:01:00

Francisco Casal Vidal na data 09/08/2019 13:01:10

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:30:08
Nº Rexistro: 53789
Data envio: 13/08/2019 10:30:08.423

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O programa Edulingüe iniciado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para dar un impulso adicional ao ensino das linguas estranxeiras, cun horizonte que remata no ano 2020, ten como obxectivos que a mocidade poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira, seguir adaptando as aulas galegas aos retos presentes e vindeiros, que necesariamente pasan pola destreza dunha lingua inglesa e, por último, favorecer a empregabilidade dos mozos e das mozas e, así mesmo, promover unha maior competitividade no sector empresarial.

A propia Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 prevé que a ensinanza plurilingüe se amplíe á formación profesional, creando 90 centros plurilingües en FP, e plurilingüismo en Ensinanzas Artísticas e Deportivas.

Dentro deste programa, creouse para o curso 2017/2018 o programa Estrela PluriFP, que regula a implantación e desenvolvemento dos denominados ciclos formativos plurilingües, aplicable aos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a resposta dos centros escasa nas tres convocatorias que se levan publicado, incluíndo a correspondente ao curso 2019/2020.

Así, no curso 2017/18 foron autorizados como plurilingües 12 ciclos formativos en 7 centros distintos, no curso 2018/19 foron autorizados 35 ciclos formativos en 21 centros e para o curso 2019/20 hai provisionalmente 44 ciclos formativos en 23 centros.

Chaman poderosamente a atención os seguintes feitos:

1. Na resolución de autorización correspondente ao curso 2017/18 (o primeiro autorizado) figuran os módulos dos para os que se autoriza a súa impartición en cada un dos ciclos formativos; esa información desaparece tanto na autorización definitiva para o curso 2018/2019 como na provisional para a 2019/2020.
2. Dos 35 ciclos formativos autorizados no curso 2018/19, tres non volven a estar autorizados provisionalmente para o curso 2019/20.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:30:08
Nº Rexistro: 53789
Data envío: 13/08/2019 10:30:08.423

3. Dos 44 ciclos formativos que se autorizan provisionalmente para o curso 2019/20, só 17 son novos ou dito doutra forma, hai 27 que xa estaban autorizados no curso 2018/19.
4. O nivel de implicación dos centros, tanto públicos como privados (concertados ou non) é moi escaso, xa que só o 8,71% dos centros solicitan a súa participación (23 de 264 para o curso 2019/20), logo de tres anos de vixencia deste plan.
5. O obxectivo de acadar os 90 centros no curso 2020/21 semella inalcanzable, toda vez que a un curso de dito horizonte tense acadado a participación de 23, ou sexa a cuarta parte.

Atopámonos, en definitiva e unha vez máis, ante un evidente fracaso dun programa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como xa ben denunciando ao longo desta lexislatura este grupo parlamentario.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Porque non se publica a denominación dos módulos que se imparten en lingua estranxeira nos ciclos formativos autorizados como plurilingües?
2. A que atribúe a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a escasa resposta dos centros que imparten ciclos formativos ás sucesivas convocatorias do programa Estrela PluriFP?
3. Ten previsto o establecemento de medidas excepcionais tendentes a incrementar a participación dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no programa Estrela PluriFP?
4. Ten avaliado, dalgunha maneira, a repercusión da participación do alumnado neste programa? De ser así, que conclusións se obtiveron?
5. Mantén a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o obxectivo de acadar 90 centros plurilingües en formación profesional para o curso 2020?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:25:35

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:25:44

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:31:11
Nº Rexistro: 53795
Data envio: 13/08/2019 10:31:11.811

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e **Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional implantou para o curso 2017/18 o programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria* que podía ser implementado como materia de libre configuración de centro, dentro doutras materias de xeito transversal, mediante programas de innovación da propia consellería ou mediante obradoiros que se debían desenvolver fóra do horario lectivo.

Nesta primeira convocatoria previáse a selección dun máximo de 120 centros resultando seleccionados 112 o que se pode considerar unha boa resposta, pese a que a resolución foi publicada o 12 de xuño de 2017, dando de prazo ata o 29 de setembro para que os centros presentasen a súa petición de participación.

Con respecto ao curso 2018/19 a convocatoria prevía a incorporación de 120 novos centros e consideraba prorrogada a participación dos 112 centros seleccionados no curso anterior. Pese a que resultaría previsible que un número de centros maior solicitasen a súa incorporación, o certo é que resultaron seleccionados só 50 novos centros; é dicir, quedaron vacantes practicamente o 60 % das prazas convocadas.

A convocatoria para o vindeiro curso prevese a incorporación de só 25 novos centros, feito que evidencia o abandono ao que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten sometido a este programa.

Si analizamos os orzamentos desta consellería vemos que a Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) ten como un dos seus contidos o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na ESO e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria, para o que os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento.

En concreto, e para o ano 2019, figuran consignados 240.000 € en adquisicións de kits edudixital (idéntica cantidade que no ano 2018) sobre un total de

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:31:11
Nº Rexistro: 53795
Data envio: 13/08/2019 10:31:11.811

5.070.000€ no capítulo 6 do tan versátil programa 323B para a prevención do abandono escolar.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten analizado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as razóns polas que, tras unha boa acollida inicial ao programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria* os centros deixaron de solicitalo?
2. Entende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que os centros non atoparon resposta ás expectativas que depositaron ao solicitar a súa participación no programa?
3. Cal é a razón pola que decidiu reducir case nun 80 % o número de centros que poden participar na convocatoria para o curso 2019/20 con respecto ao curso anterior?
4. Pensa adoptar algunha medida para corrixir esta tendencia?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:28:54

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:29:05

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:11:59
Nº Rexistro: 53861
Data envio: 14/08/2019 10:11:59.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

1.O vindeiro 17 de agosto vaise celebrar unha nova edición do Día da Galiza Mártir, data que honra a memoria e a loita de Alexandre Bóveda e a de todos os homes e mulleres que coma el sufriron a persecución e o asasinato polo fascismo franquista español.

Esta data foi instaurada en agosto de 1942 en Buenos Aires pola Galiza do exilio, que escolleu o día do asasinato de Alexandre Bóveda para simbolizar nel as arelas dunha xeración única e irrepetíbel, así como a devastación que o fascismo levou a cabo en Galiza en forma de asasinatos, cárcere, exilio, tortura, exclusión, depuración, vexacións, espolio, violacións e outras manifestacións do terror. Foi precisamente Castelao quen mellor expresou esta barbarie mediante as estampas da guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza) e através do cadro que representa o asasinato de Alexandre Bóveda: "A derradeira lección do mestre".

Durante moitas anos, a conmemoración do Dia da Galiza Mártir estivo prohibida en Galiza. Só nos anos finais da década de 1979 se comezou a celebrar en Pontevedra, primeiro no cemiterio de San Amaro e máis adiante do monumento da praza de Curros Enríquez, erixido en 1986, baixo o patrocinio e o impulso da Fundación

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:11:59
Nº Rexistro: 53861
Data envio: 14/08/2019 10:11:59.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandre Bóveda. Posteriormente ergueríase en 1996 o monumento situado en Poio, na subida á Caeira, promovido polo concello de Poio e a Fundación Alexandre Bóveda.

Cómpre ter en conta que esta conmemoración ten unha dimensión política, social e institucional. Canto ao ámbito institucional, está auspiciada desde 1995 polo concello de Poio e desde 1999 polo concello de Pontevedra. Ademais dos actos que teñen lugar en Pontevedra e Poio, a data conmemorase con numerosas actividades en toda Galiza, promovidas por organizacións políticas, entidades e institucións.

2. Está fóra de toda dúbida a achega imprescindíbel daquela xeración, e nomeadamente de Alexandre Bóveda, á causa do autogoberno de Galiza e á aprobación do Estatuto de 1936. Por este motivo, a súa figura e a súa obra deben ser obxecto de recoñecemento, de gratitude e de homenaxe polas institucións galegas, especialmente pola Xunta e polo Parlamento.

O parlamento galego aprobou, na sesión do 26 de decembro de 2006, unha proposición non de lei na que se acordaba facer un recoñecemento especial á figura de Alexandre Bóveda pola súa participación na elaboración e aprobación do Estatuto de 1936. Aquel acordo tamén incluía as seguintes determinacións:

- Promover iniciativas que teñan por obxecto dar a coñecer e divulgar na sociedade galega os valores éticos e políticos encarnados por Alexandre Bóveda e polos demais compatriotas asasinados e represaliados polo franquismo.

- Promover diante do goberno español a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e a de todas as persoas que foron asasinadas e represaliadas por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galiza e a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:11:59
Nº Rexistro: 53861
Data envio: 14/08/2019 10:11:59.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xustiza social, e a iniciar as xestións necesarias para anular os consellos de guerra a que foron sometidos.

3. Ao longo dos últimos anos, numerosas entidades e institucións demandaron a institucionalización do Día da Galiza Mártir. En 2013, a Fundación Alexandre Bóveda iniciou unha campaña neste sentido, que se concretou na presentación dunha Proposición non de lei através da Comisión de Peticións do parlamento galego.

Pola súa parte, numerosas entidades locais, entre elas o concello de Poio, o concello de Pontevedra e a Deputación de Ourense, aprobaron acordos plenarios demandando a oficialización da data e a organización de actos encamiñados á rehabilitación pública e política de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas galegas da Ditadura franquista.

Por todo isto formúlanse a seguinte interpelación:

1. Ten previsto o goberno galego institucionalizar o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir?

2. Como valora a Xunta de Galiza os acordos adoptados neste sentido por diferentes entidades locais?

3. Que actuacións levou a cabo o goberno galego para honrar e dar a coñecer a figura de Alexandre Bóveda?

4. Considera que Alexandre Bóveda debe ter o recoñecemento do goberno e do pobo galego pola súa contribución determinante á redacción e aprobación do Estatuto de Galiza de 1936?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:11:59
Nº Rexistro: 53861
Data envio: 14/08/2019 10:11:59.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a demanda de anulación das sentenzas ditadas pola Ditadura franquista en Galiza por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenzas?

Santiago de Compostela, 14 de agosto do 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2019 10:04:54

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2019 10:05:04

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2019 10:05:16

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2019 10:05:25

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:11:59
Nº Rexistro: 53861
Data envio: 14/08/2019 10:11:59.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2019 10:05:33

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2019 10:05:43

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:16
Nº Rexistro: 53873
Data envio: 14/08/2019 10:44:16.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

O uso do plástico en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo e un longo etc. fai que se xeneren grande cantidade de residuos deste material que ata non hai moitos anos "adornaban" espazos de monte, ríos e regatos do noso rural.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que plantexaban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilitar o traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A magnitude do problema, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras máis a presión dos concellos fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa gratuíto de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

A magnitude do gasto era irrisoria, 24.200 euros.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:16
Nº Rexistro: 53873
Data envio: 14/08/2019 10:44:16.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contra agosto do ano pasado a Xunta de Galicia deixou de financiar a recollida dificultando a xestión deste residuo trasladando o problema integramente a gandeiros e concellos e ós montes, ríos e regatos deste país.

En novembro do pasado ano presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Porque o problema reside en que con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, e agora volvemos velos nos contenedores, cunetas das estradas, montes...

Porque o problema é serio e a suspensión do programa trae consigo:

– Un aumento nos custes de produción das explotacións gandeiras que xa están demasiado axustados.

– Aumento da presenza deste residuo en cauces de ríos e regatos, montes etc. cun dano medioambiental considerable.

Por todo isto formúlanse a seguinte interpelación:

- Cales son as razóns para suspender a liña de axudas ó transporte e recollida de plásticos de uso agrícola e facer caso omiso ó acordo parlamentario de novembro do 18?

Santiago de Compostela, 14 de agosto do 2019

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2019 10:44:16
Nº Rexistro: 53873
Data envio: 14/08/2019 10:44:16.413

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/08/2019 10:37:33

Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2019 10:37:46

María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2019 10:37:59

Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2019 10:38:06

Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2019 10:38:18

Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2019 10:38:29

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:08
Nº Rexistro: 53905
Data envio: 19/08/2019 13:54:08.740

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo (Cervantes) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para os conxuntos etnográficos de Pedrafita e Piornedo, declarados Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- exixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez máis dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Desde a última actuación levada a cabo pola Xunta de Galiza e a Deputación de Lugo en 2015, as pallozas de Piornedo non contaron con ningunha axuda pública para a súa restauración. Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación. Porén, este ano 2019 si que decidiu investir máis de 160.000 euros nas do Cebreiro.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:08
Nº Rexistro: 53905
Data envio: 19/08/2019 13:54:08.740

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que a conservación deste importante patrimonio cultural, símbolo da nosa identidade colectiva como pobo, exixe dun grande esforzo por parte das persoas propietarias e tamén da administración pública.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsábel da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómpren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopan as pallozas, especialmente as de Piornedo?

-Por que razón o Goberno galego suprimiu en 2010 a liña de axudas anuais que o IGVS destinaba á conservación e mantemento destas construcións?

-Pensa recuperalas? En caso afirmativo, cando e con que orzamento? En caso negativo, por que non?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:54:08
Nº Rexistro: 53905
Data envio: 19/08/2019 13:54:08.740

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2019 13:52:41

Xosé Luis Bará Torres na data 19/08/2019 13:52:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/08/2019 13:52:59

Noa Presas Bergantiños na data 19/08/2019 13:53:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/08/2019 13:53:18

Ana Pontón Mondelo na data 19/08/2019 13:53:29

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:58:45
Nº Rexistro: 53912
Data envio: 19/08/2019 13:58:45.098

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

No horizonte de que a actual lexislatura remate dentro dun ano, o próximo curso 2019/2020 será o último no que a actual Administración da Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, teña a responsabilidade de organizar e dinamizar o sistema educativo galego.

Temos asistido, ao longo dos tres últimos cursos, a unha serie de actuacións e iniciativas por parte da consellería que, xustificadas nunha suposta eficiencia que sería o modelo para o resto das comunidades autónomas do Estado, supoñen auténticas decisións ideolóxicas; podemos citar por exemplo:

- A negativa a recuperar o programa de gratuidade de libros de texto cando sabemos que sería o modelo máis xusto e economicamente eficiente e está a ser implantado noutras comunidades autónomas e noutras nunca se suprimiu dende a súa implantación.
- A negativa a que se que se prohibise o reparto nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto públicos como privados, de calquera publicación que poña en cuestión a igualdade das persoas e, nomeadamente, aquelas que supoñan un cuestionamento das políticas de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

- A negativa a poñer en funcionamento os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa Comunidade Autónoma, incluíndo na mesma todos os criterios e extremos necesarios para acadar dita igualdade.
- A negativa a avaliar con criterios coñecidos os distintos programas, tanto de experimentación como de innovación, postos en marcha pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, por exemplo sobre a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que veñen funcionando nos últimos cursos ou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Os anteriores son só algúns exemplos da actitude mantida polo goberno da Xunta de Galicia fronte a calquera iniciativa deste grupo parlamentario e o cambio de titular na consellería tampouco supuxo a máis mínima modificación nesa tendencia.

A consellería continúa con plans que sabe fracasados sen recoñecer a realidade e negándose curso tras curso a avalialos, mentres semella estar dando pasos cara a outros que considera de excelencia baixo non se sabe moi ben que pretendido horizonte.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:58:45
Nº Rexistro: 53912
Data envio: 19/08/2019 13:58:45.098

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

1. Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da posibilidade de avaliar, publicando os resultados, os distintos programas que ten posto en marcha ao longo desta lexislatura?

2. Que obxectivos e liñas fundamentais ten previsto iniciar a curto prazo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para mellorar a equidade do sistema educativo galego?

3. Ten intención a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de afondar ou mesmo iniciar diálogos construtivos cos distintos actores con intereses no sistema educativo galego cara á mellora continua de dito sistema?

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2019

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/08/2019 12:55:18

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/08/2019 12:55:31

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53917
Data envio: 19/08/2019 14:00:58.944

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa se indica que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos , nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade) , plantexa seis eixes:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…)

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, se prevé un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016/2017, 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020 e que, aos efectos que nos ocupan, son tres os cursos completos os que leva implementándose o plan e que o próximo curso é o último.

Polo exposto, o deputado e deputadas asinantes formulan a seguinte interpelación:

1. Realizouse a valoración dos indicadores previstos no deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente aos cursos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

2. Si non se realizou, cal é a causa?
3. Si se realizou, que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos valores obtidos?

4. Os resultados observados poñen en evidencia a necesidade de incidir nalgunha das medidas previstas no Plan ou de incluír algunha nova?

5. Estímase necesario dedicar esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020?

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2019

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/08/2019 12:55:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/08/2019 12:56:06

María Luisa Pierres López na data 19/08/2019 12:56:26

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:05:59
Nº Rexistro: 53944
Data envio: 20/08/2019 11:05:59.989

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A comezos de 2019 o Instituto Galego de Estatística publicaba un novo estudo respecto dos indicadores demográficos que volve deitar sinais de alarma sobre a situación do interior de Galiza, nomeadamente das comarcas comprendidas baixo a circunscrición de Ourense.

Entre os datos ofrecidos podemos sinalar que, por exemplo, respecto da Taxa de crecemento composto continuo da poboación Lugo e Ourense continúan a perder representatividade mentres que A Coruña e Pontevedra aumentan o seu peso no total galego, e Ourense decrece especialmente, situándose a caída no -0,72 que contrasta de forma significativa coa franxa atlántica mais tamén mesmo con Lugo.

Así mesmo, podemos sinalar a preocupante evolución respecto do avellentamento, a mortalidade e a baixa perspectiva de natalidade. Por exemplo, na estrutura por idades da poboación galega é Ourense quen ten a media máis alta, por riba dos 50 anos, dato que contrasta coa pésima perspectiva que ofrecer a Taxa bruta de natalidade de Ourense, que contempla nacementos por mil habitantes, é a máis baixa do país, no 5,51, incluso Lugo, que comparte boa parte dos problemas de desenvolvemento socioeconómico, está case un punto por riba.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:05:59
Nº Rexistro: 53944
Data envio: 20/08/2019 11:05:59.989

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén, as propias proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística amosa como determinadas comarcas do sur de Ourense e do sur de Lugo, están nunha posición crítica.

Esta situación ten un impacto negativo na economía ourensá e, por extensión, galega. Polo tanto, é urxente corrixir as eivas deste modelo de desenvolvemento económico desigual territorialmente.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que estas cifras amosan primeiro o fracaso das receitas aplicadas polos gobernos do Partido Popular durante décadas, e segundo, a necesidade dun cambio inmediato de políticas e de plans de compensación territorial para impulsar o crecemento desta parte do país que vaian alén de políticas exclusivamente natalistas e da política de propaganda respecto de medidas lexislativas baleiras para o impulso demográfico.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar que Ourense continúe sendo un territorio en extinción?

Como avalía a situación demográfica de Ourense?

Como valora o goberno galego a estrutura por idades da poboación ourensá?

Como valora o goberno galego a Taxa de crecemento composto continuo de Ourense respecto do resto do país?

Que medidas vai impulsar o goberno galego para fixar poboación en Ourense, á vista do fracaso desta década?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:05:59
Nº Rexistro: 53944
Data envio: 20/08/2019 11:05:59.989

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai impulsar o goberno galego para fixar emprego en Ourense, á vista do fracaso desta década?

Que medidas vai impulsar o goberno galego para desenvolver industrial e economicamente Ourense, á vista do fracaso desta década?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 11:01:56

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 11:02:04

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 11:02:09

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 11:05:59
Nº Rexistro: 53944
Data envio: 20/08/2019 11:05:59.989

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 11:02:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 11:02:25

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 11:02:33

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:56:03
Nº Rexistro: 53970
Data envio: 20/08/2019 13:56:03.559

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o modelo de xestión dos comedores escolares e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

En 2013 a Xunta de Galiza publicou un novo decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

Este texto introducía importantes mudanzas no modelo de xestión deste servizo a respecto da normativa anterior, aprobada en 2007. Entre elas, a externalización ou privatización dos comedores así como o repagamento por parte das familias en función da renda.

Até ese momento, a contratación do subministro de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo, era unha modalidade contemplada como excepcional e apenas para aqueles casos en que estivese debidamente xustificada, sendo polo tanto a modalidade utilizada con carácter xeral a xestión directa.

En 2013 ese carácter excepcional foi suprimido nunha aposta decidida da Xunta de Galiza por xeralizar a xestión indirecta a través da externalización do servizo. Un modelo duramente criticado pola comunidade educativa (desde os centros escolares e as

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:56:03
Nº Rexistro: 53970
Data envio: 20/08/2019 13:56:03.559

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organizacións sindicais, até as propias familias) polas deficiencias que, en reiteradas ocasións, ten demostrado. Merma da calidade alimentaria dos menús, impagos ao persoal e a provedores que motivaron máis dunha rescisión de contratos, entre outras.

Sirva de exemplo os casos das empresas Col-Servicol S.L e Perea Rojas S.L en 2015 ou, máis recentemente, o de GESCOR, en 2018.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG temos reclamado a derrogación do Decreto 132/2013 desde a súa aprobación e a necesidade de iniciar un plan de recuperación para o público dos comedores escolares apostando na xestión pública directa destes espazos, complementarios aos centros de ensino, mais importantes tamén desde un punto de vista pedagóxico na formación do alumnado.

Segundo os datos da Xunta de Galiza, correspondentes ao ano 2018, existen no noso país 132 comedores onde o servizo é prestado de maneira indirecta.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación dos comedores escolares?

- Transcorridos seis anos desde a aprobación do Decreto 132/2013, cre que a privatización deste servizo garantiu unha mellor prestación?

- Vai recuperar a Xunta de Galiza a xestión pública directa dos comedores escolares?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2019 13:56:03
Nº Rexistro: 53970
Data envio: 20/08/2019 13:56:03.559

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 13:54:45

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 13:54:53

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 13:54:59

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 13:55:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 13:55:14

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 13:55:23

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 11:16:35
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 21/08/2019 11:16:35.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias e da transposición da MIFID.

Durante a última década o sector bancario e financeiro ten sido o foco de numerosos escándalos e calotes mediante prácticas abusivas sobre os e as consumidoras, especialmente no que atinxe a cláusulas opacas e produtos complexos. Desde entón demandas populares e sociais fixeron tomar decisións, as máis das veces tímidas, ás distintas institucións europeas, estatais e galegas.

Entre estas cuestións cómpre salientar, por exemplo, o Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, que recollía o popularizado "código de boas prácticas" para a banca, que tardaría varios anos en ser impulsado e que ten entre as súas principais debilidades que a súa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implicou que se tratara dunha medida máis cosmética do que xusta. A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código e foron moitas as queixas que trasladaron as asociacións de consumidores e consumidoras e que mesmo tiveron recurso legal.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 11:16:35
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 21/08/2019 11:16:35.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego, a propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver estas cuestións amosou a debilidade do marco normativo, nomeadamente o estatal. Recentemente, na Comisión 3ª do Parlamento Galego o grupo asinante desta iniciativa impulsaba a aprobación dun acordo unánime nos seguintes termos en setembro de 2018: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Estado as modificacións lexislativas oportunas para que se regule una moratoria e a dación en pagamento para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e se incremente o nivel de exixencia do Código de boas prácticas.»

Desde entón, os pasos dados teñen sido insuficientes mais cómpre recordar que Galiza ten competencias exclusivas en materia de consumo e ten capacidade e instrumentos para avaliar desde o territorio a evolución e cumprimento de toda canta normativa respecto deste ámbito exista de cara a facer propostas para incrementar a defensa das e dos consumidores. Porén, neste aspecto, con independencia do gran traballo que realiza o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, continúa sen haber unha aposta decidida.

Esta falta de vontade no exercicio das competencias propias témola tamén na aplicación da MIFID II, que malia ter pasado meses da súa transposición non mereceu unha soa valoración por parte do goberno galego. Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos con preocupación o impulso deste novo marco, xa que entendemos que non ofrecía a resposta necesaria senón que se limita a definir as actuacións que deben realizar as empresas desde unha óptica da autorregulación malia que este sector demostrou como a falta de control público e a desregulación neoliberal estaban na base do estoupido da crise financeira a partir de 2008.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso da Xunta de Galiza con esta realidade e coa defensa das e dos consumidores e entendemos que debe incrementar a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 11:16:35
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 21/08/2019 11:16:35.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avaliación de cal é o estado de aplicación de elementos como o Código de Boas Prácticas ou a MIFID II.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para garantir a correcta aplicación en Galiza das medidas de protección en materia de defensa das e dos usuarios de entidades financeiras?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias en Galiza? Ten avaliado esta cuestión coas asociacións de defensa dos e das consumidoras? E coas forzas sindicais? Con algún outro sector?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación da MIFID II en Galiza? Ten avaliado esta cuestión coas asociacións de defensa dos e das consumidoras? E coas forzas sindicais? Con algún outro sector?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza das sancións aplicadas polo Banco de España?

Que valoración fai o goberno galego da súa falta de iniciativa e impulso nesta materia?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para o cumprimento da demanda emanada da cámara en setembro de 2018?

Que actuacións leva a cabo o goberno galego para vixiar que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 11:16:35
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 21/08/2019 11:16:35.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten estudado a administración galega as repercusións na cidadanía do noso país dos posíbeis incumprimentos das entidades bancarias? Por que razóns?

Considera a Xunta de Galiza que as entidades bancarias ofrecen información suficiente aos clientes sobre o Código de Boas Prácticas Bancarias?

Coñece cantos desafiuzamentos se evitaron en Galiza coa aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Coñece a Xunta de Galiza cantas dacións en pago pagamento se realizaron en Galiza a través da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Cre a Xunta de Galiza que é necesario impulsar a dación en pagamento?

Como valora a Xunta de Galiza que a banca recibindo multimillonarias axudas públicas non aplique o código de boas prácticas?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 11:16:35
Nº Rexistro: 53983
Data envio: 21/08/2019 11:16:35.443

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 11:15:29

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 11:15:36

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 11:15:41

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 11:15:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 11:16:00

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 11:16:09

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:48
Nº Rexistro: 53999
Data envio: 21/08/2019 13:19:48.177

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado, cuestión que o Estado español desenvolveu con atraso.

Este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia.

Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez paira maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que, tempo despois da transposición da normativa europea, a CNMV non teña considerado

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:48
Nº Rexistro: 53999
Data envio: 21/08/2019 13:19:48.177

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de cada entidade.

As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Daquela, desde o BNG denunciabamos como se observabamos a Lista de títulos ou certificados de entidades especializadas dispoñíbel no portal da CNMV observamos que a data de abril de 2017 constaban actualizacións a respecto do mes de febreiro de novas titulacións. Porén, ningunha aínda das impartidas no noso país. Pasados dous anos, unicamente consta un centro privado radicado en Galiza.

Nesta mesma liña observamos que após a lei 5/2019 de 15 de marzo, reguladora dos contratos de creto inmobiliario, que obriga aos cadros de persoal das entidades financeiras que comercializa, asesora ou deseña préstamos hipotecarios, a certificarse e recibir unhas formacións acreditadas sobre esta materia, temos unha situación semellante. No mes de xullo de 2019 o Banco de España publicaba a listaxe de entidades e empresas certificadoras, así como das formacións que considera válidas. Inicialmente ningunha Universidade Galega e ningunha das titulacións destas servían

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:48
Nº Rexistro: 53999
Data envio: 21/08/2019 13:19:48.177

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para se certificar. Posteriormente foi incorporado o Máster Universitario en Banca e Finanzas (MUBF) da Universidade da Coruña.

Cómpre estar vixiantes diante desta nova realidade e non permitir que a transformación do sistema financeiro sexa un paso máis para debilitar a capacidade de protección do sistema financeiro galego e tamén para recentralizar a formación no sector, onde Galiza pode perder posibilidades. Unha cuestión, polo tanto, que debera preocupar ao goberno galego que, porén, nada ten dito ao respecto.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema Universitario Galego público para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos?

Que actuacións ten levado ao respecto o goberno galego?

Como valora o goberno galego que unha soa universidade pública galega estea contemplada ao abeiro da listaxe de entidades e empresas certificadoras publicada polo Banco de España? Coñece se serán máis no futuro?

Considera o goberno galego que é garantista a certificación como asesor ou asesora pola vía da EFPA?

Que valoración fai o goberno galego respecto da lei 5/2019 de 15 de marzo, reguladora dos contratos de creto inmobiliario, que obriga aos cadros de persoal das entidades financeiras que comercializa, asesora ou deseña préstamos hipotecarios, a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:48
Nº Rexistro: 53999
Data envio: 21/08/2019 13:19:48.177

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

certificarse e recibir unhas formacións acreditadas sobre esta materia? Está a ser suficiente para protexer ás persoas consumidoras?

Considera o goberno que esta normativa é beneficiosa para as e os traballadores do sector bancario?

Ten avaliado esta cuestión en diálogo coas organizacións sindicais dos e das traballadoras? Con que resultado?

Ten avaliado esta situación a Xunta de Galiza coas Universidades Galegas?

Ten avaliado o Instituto Galego de Consumo a saúde da protección das persoas consumidoras no ámbito financeiro?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:19:48
Nº Rexistro: 53999
Data envio: 21/08/2019 13:19:48.177

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 13:18:07

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 13:18:18

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 13:18:29

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 13:18:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 13:18:49

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 13:18:57

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:21:52
Nº Rexistro: 54005
Data envio: 21/08/2019 13:21:52.456

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

Os medios públicos acaban de facerse eco, un ano mais, dos atrancos que está a poñer a familia Franco para cumprir a obriga de permitir as visitas ao pazo de Meirás. O concello de Sada acaba de poñer en coñecemento da Dirección xeral de Patrimonio as numerosas reclamacións existentes por persoas que non puideron realizar esta visita as que a familia Franco está obrigada pola consideración de BIC do pazo.

As queixas e os atrancos postos en marcha pola familia e pola Fundación Franco para que a cidadanía poda entrar no pazo son continuas, se repiten cada certo tempo e sobre todo en verano adoptando as mesmas formas. O telefono para realizar as reservas das visitas non está operativo ou remite a un buzón de voz ou a un contestador automático que advirte de que as peticións no serán atendidas neste mes por vacacións e remite a un enderezo electrónico do que nunca se obtén contestación.

Por outra parte os Franco nunca quixeron manter as visitas en verán e a Xunta parece que lles permite cambiar os horarios no mes de agosto, xa que na páxina web de turismo de Galicia se establece como días de visita os dous primeiros e os dous últimos do mes, cando o resto do ano se reparten ao longo do período mensual e cun horario que supón só tres horas por xornada e non as catro que marca o artigo 48 da lei de patrimonio cultural de Galicia, facendo prevalecer a Xunta de Galicia os privilexios da familia fronte os dereitos da cidadanía. Tamén hai queixas de persoas que tendo reservada a visita non puideron realizala.

O concello de Sada ofreceuse en múltiples ocasións a encargarse da xestión das visitas para rematar con todas estas irregularidades pero nunca atopou resposta por parte da Xunta de Galicia.

Por outra parte, e polo que sabemos a Fundación Franco segue a facer apoloxía do franquismo dentro do pazo situación denunciada en múltiples ocasións sen que a Xunta tome ningunha medida para evitalo o que é francamente inaceptable.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo exposto a deputada e deputado asinantes formulas a seguinte Interpelación:

1.ª) Como valora a Consellería de Cultura e Turismo a obriga que teñen todos os bens declarados BIC de permitir a súa visita ao menos catro días ao mes e durante un mínimo de catro horas?

1.ª) Como valora a Consellería de Cultura e Turismo el funcionamento de las visitas ao pazo de Meirás?

2.ª) Investigou a Xunta de Galicia as queixas e reclamacións presentadas ante o concello de Sada por irregularidades nas vistas ao Pazo?

3.ª) Que conclusións acadaron?

4.ª) Por que permite a Consellería de Cultura e Turismo que a familia Franco cambie os días e o horarios das visitas ao Pazo no mes de agosto reducindo o horario de entrada, tal como aparece na páxina web de Turismo de Galicia da Xunta?

5.ª) Levou a cabo algunha investigación a Consellería de Cultura e Turismo sobre as denuncias de realización de apoloxía do franquismo nas visitas ao Pazo de Meiras realizadas pola Fundación Francisco Franco? Si é asi, que conclusións acadaron?

6.ª) Tomou algunha decisión para poñer fin a unha actividade de apoloxía e exaltación dunha ditadura que é claramente ilegal?

Pazo do Parlamento 21 de agosto de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/08/2019 12:26:54

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/08/2019 12:27:10

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:48:26
Nº Rexistro: 54014
Data envio: 21/08/2019 13:48:26.651

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías, reiterando unha proposta que xa fora anunciada polo Ministro de Fomento o pasado mes de novembro de 2018. Paradoxalmente, o debate ábrese xusto despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión.

Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais.

Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:48:26
Nº Rexistro: 54014
Data envio: 21/08/2019 13:48:26.651

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como resposta a aquel anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo o pasado mes de decembro, a instancias do BNG, nos seguintes termos:

"O Parlamento de Galiza amosa a súa rotunda oposición á intención do goberno central de estabelecer peaxes nas autovías, por consideralo unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, pon en risco a seguridade viaria e que supón un atranco o desenvolvemento económico é a cohesión social na Galiza."

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53:

-As dúas teñen prazos de concesión de 75 anos, o máximo legal

-En contraste con outras autoestradas, nas dúas existen escasos incentivos para o seu uso mediante bonificacións que supoñan aforros para as persoas usuarias.

-Na AP9 producíronse nos últimos 10 anos incrementos abusivos do prezo da peaxe de máis do 40%, e están previstos novos aumentos ao longo dos próximos anos como consecuencia dos convenios asinados por Fomento e a concesionaria para as obras de ampliación da capacidade en Rande e en Santiago de Compostela.

-A AP9 xerou ao longo de 40 anos de concesión ingresos de 3.000 millóns de euros, do que aproximadamente unha terceira parte foron beneficios. A previsión para

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:48:26
Nº Rexistro: 54014
Data envio: 21/08/2019 13:48:26.651

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os próximos 29 anos de concesión é que proporcione 14.556 euros de ingresos, e un multimillonario beneficio.

Mentres autoestradas da época da AP9 están sendo nacionalizadas e liberadas de peaxe (Burgos-Armiñón, Tarragona-Alicante, Sevilla-Cádiz...), na AP 9 temos a condena de 29 anos máis de concesión e continuos e abusivos incrementos de peaxes. E para maior aldraxe, as demandas de transferencia a Galiza desta infraestrutura foron sistematicamente boicoteadas polo PP.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno central a respecto do rexeitamento das peaxes nas autovías?

Que medidas propón a Xunta de Galiza para reducir o custo das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica e estatal?

Que xestións e propostas fixo o goberno galego diante do goberno central para a redución do custo das peaxes mediante bonificacións?

Apoia o goberno galego a transferencia da AP9 e o rescate da concesión, como acontece noutras autoestradas que se construíron na mesma época?

Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno central para a supresión da peaxe entre Rande e Vigo e para que esta medida non supoña un novo incremento das peaxes da AP9?

Que actuacións levou a cabo ou prevé levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar a suba abusiva das peaxes da AP 9 nos vindeiros anos?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:48:26
Nº Rexistro: 54014
Data envio: 21/08/2019 13:48:26.651

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2019 13:47:11

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2019 13:47:18

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2019 13:47:25

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2019 13:47:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2019 13:47:40

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2019 13:48:26
Nº Rexistro: 54014
Data envio: 21/08/2019 13:48:26.651

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2019 13:47:47

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:18
Nº Rexistro: 54026
Data envio: 22/08/2019 11:24:18.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento das problemáticas dos traballadores e traballadoras afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede de R. Estes traballadores trasladan o seguinte texto que este Grupo fai seu e eleva para o seu debate e aprobación:

Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os servizos de operación e mantemento da rede que en Galiza até agora prestaban compañías como Comfica, Colabora, Indra, Plexus,... Porén, á diferenza doutros cambios anteriores, desta volta o persoal non será subrogado á nova adxudicataria nin se producirán contratacións na nosa terra, xa que estes servizos van ser deslocalizados o centro de traballo que ZTE acaba de abrir en Asturias. Pero ademais, hai persoal da propia ZTE, a quen R externalizou previamente nesta subcontrata, que tamén está en risco de perder o seu emprego.

A consecuencia máis inmediata da decisión foi a comunicación da perda de 18 postos de traballo que neste momento están a realizar os/as traballadores/as de Comfica, a quen a compañía se nega a recolocar, e o anuncio de Indra de que reducirá persoal nos servizos que presta para R. Mais a perda de emprego afecta tamén a outros servizos como enxeñería e desenvolvemento ou atención telefónica (prestados por persoal de

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:18
Nº Rexistro: 54026
Data envio: 22/08/2019 11:24:18.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Indra, Teleperformance, GSS, Gestión C), que aos poucos Euskaltel está a levar fóra da Galiza.

As declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, asegurando que continuará neste camiño de "reestruturación" afondan nos temores do traballadores e das traballadoras que, diante desta situación, acordaron iniciar mobilizacións para esixir o mantemento do emprego en Galiza, con dúas folgas, os dias 24 e 31 de xullo .

As traballadoras e traballadores de R demandan das administracións públicas (nomeadamente da Xunta de Galiza, Concello da Coruña e Deputación Provincial de A Coruña) que tomen a iniciativa para evitar que se consume esta nova desfeita laboral nunha empresa de telecomunicacións. Hai que lembrar que as grandes compañías están nun proceso de desmantelamento das súas estruturas territoriais (especialmente grave no caso de R Cable, ao ser en orixe unha empresa galega) para concentrar o emprego fóra de Galiza. Deste xeito non só se eliminan os postos de traballo senón que toda a contratación nova que se fai, prodúcese noutras comunidades.

Tamén se demanda das administracións públicas que forcen a R e a Euskaltel, que desoen as peticións de xuntanza coas Representacións legais das traballadoras e traballadores e das organizacións sindicais, a sentárense coas traballadoras e traballadores afectados, dean explicacións e propoñan solucións a este conflito.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a afectación en Galiza pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede de R?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:18
Nº Rexistro: 54026
Data envio: 22/08/2019 11:24:18.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten coñecemento o goberno galego da situación descrita?

Como valora o goberno estes feitos e a situación de perda de postos de traballo que atravesa o sector en Galiza?

Tivo ou vai ter a Xunta de Galiza contacto cos traballadores e traballadoras? E coa empresa? En que termos e con que conclusións?

Como valora as consecuencias para Galiza da perda de galeguidade do tecido empresarial? Que vai facer para reverter a situación?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 11:20:28

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:24:18
Nº Rexistro: 54026
Data envio: 22/08/2019 11:24:18.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 11:20:43

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 11:21:24

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 11:21:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 11:22:14

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 11:22:58

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:45
Nº Rexistro: 54034
Data envio: 22/08/2019 11:38:45.978

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Manuel Álvarez Martínez Rodríguez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

O Espazo Europeo de Educación Superior organiza os estudos superiores en tres niveis: grao, máster e doutorado. Deles, son os estudos de máster os que coñeceron un maior incremento na última década porque un título de mestrado funciona xa como un elemento diferenciador esencial que ofrece maiores posibilidades de atopar emprego e mellores condicións laborais.

Así, o último estudo realizado pola Axencia para a calidade do Sistema Universitario de Galicia sobre a inserción laboral dos universitarios conclúe que o 93,3% dos que cursaron un máster atoparon traballo ao finalizalo, sendo o tempo medio para conseguilo menor que o que necesita un título de grao e conseguen tamén unha renda maior.

É tamén un feito comprobado que está crecendo de forma significativa a demanda das empresas de persoal con título de máster.

Esta importancia crecente dos estudos de mestrado e o seu carácter de elemento diferenciador dentro dos estudos superiores, fai que sexa absolutamente necesario democratizar o acceso a estes estudos e romper as barreiras económicas e académicas excesivas que existen en Galicia.

Por outra parte, o crecemento dos estudos de mestrado tamén é esencial para o desenvolvemento social e económico do noso país polo que as políticas de impulso da Xunta de Galicia deberían ser prioritarias pero en cambio hai que dicir que o seu apoio a estes estudos é moi limitado e se están a poñer en marcha medidas na implantación dos máster en moitos casos contraditorias e caóticas, que obrigan as universidades a continuos cambio baseados tan só en criterios cuantitativos e economicistas e non de calidade e excelencia, e que limitan o crecemento da oferta e da demanda de máster aínda que as universidades teñan os medios para implementalos

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:45
Nº Rexistro: 54034
Data envio: 22/08/2019 11:38:45.978

Isto fai que a oferta de mestrados sexa en Galicia excesivamente escasa e non se impulse un aumento da calidade e no nivel de internacionalización o que é posible cos recursos de investigación que teñen as tres universidades.

Os datos dispoñibles avalan estas afirmacións.

Por unha parte as axudas destinadas pola Xunta de Galicia para cursar estudos universitarios son moi escasas e mais aínda no caso dos mestrados para os que se destina un orzamento irrelevante, se solicitan excesivos requisitos e os límites de renda non son os adecuados. Así sucede que, por exemplo, no curso 2017/2018 se solicitaron 122 bolsas para cursar un máster e foron concedidas 76 cun orzamento total de 100.779 euros, e no curso anterior aínda foron menos, tan só 86.570 euros con 66 becas. E hai que ter en conta que existen máster profesionalizantes, necesarios para facer unhas oposicións ao ensino publico ou para exercer diversas profesións. Esta claro que hai que cambiar esta política de axudas se queremos que o estudantado galego poda acceder a un mestrado en igualdade de condicións, máxime canso as axudas se limitan ao pago da matrícula e non aportan nada para o resto dos gastos necesarios.

Os datos tamén avalan a existencia dunha oferta escasa. Segundo o estudo realizado pola CRUE, La *Universidad española en cifras,* no curso 2016/2017 Galicia é das comunidades nas que menos creceron os estudos de mestrado, un 54,81 % respecto ao curso 2008/2009 mentres en España aumentaron de media un 96,98%.

Así no é estraño que tamén esteamos por debaixo da media de España en porcentaxe de estudantes de máster fronte aos de grado. En España esta porcentaxe e do 14,1% mentres en Galicia é dun 12%, e ademais o número de matriculados estancouse nos últimos anos, o que ten cunha correlación co número de titulados en máster nas universidades galegas cuxo número está absolutamente estancado nos últimos anos. Así no curso 2013/2015 se titularon 3.113 alumnos e alumnas e no curso 2017/2018 foron 3.116. Esta evolución, que é preocupante, está a suceder mentres en todas as comunidades autónomas está a crecer de forma significativa o número de estudantes que conseguen un título de máster.

É necesario polo tanto cambiar a política da Xunta de Galicia co respecto aos estudos de mestrado e poñer en marcha políticas para impulsar de forma decidida estes estudos tanto na oferta como na demanda e número de titulados

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:38:45
Nº Rexistro: 54034
Data envío: 22/08/2019 11:38:45.978

para o que é necesario unha política decidida de axudas complementarias para cursar estes estudos.

E tamén é necesario cambiar as políticas que está a seguir a Xunta con estes estudos, de forma que se amplíe a oferta e se dean as universidades os medios necesarios para aumentar a calidade dos mestrados de forma que sexan competitivos a nivel internacional, porque os sistema universitario de Galicia ten un alto nivel en investigación que non se está a poder aplicar polas restricións da Xunta nos estudos de mestrado.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Como valora a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a situación dos estudos de mestrado do Sistema Universitario de Galicia?

2.ª) Considera que as axudas que outorga a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a realización destes estudos son suficientes para garantir a igualdade de oportunidades?

3.ª) Como valora o número de estudantes e de titulados en mestrados no Sistema Universitario de Galicia?

4.ª) Que valoración fai do estancamento do numero de alumnos/as e titulados/as en estudos de mestrado que está a suceder nos últimos anos no Sistema Universitario de Galicia?

5.ª) Non considera que isto supón unha debilidade para o desenvolvemento social e económico de Galicia?

6.ª) Como valora que esteamos nos últimos postos das comunidades autónomas en canto a oferta e número de alumnos de estudos de mestrado?

7.ª) Considera que o Sistema Universitario de Galicia está a utilizar todo o seu potencial para desenvolver estudos de mestrado?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

8.ª) Considera que é necesario tomar medidas para impulsar os estudos de mestrado no Sistema Universitario de Galicia?

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/08/2019 11:29:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/08/2019 11:29:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/08/2019 11:29:42

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:42:01
Nº Rexistro: 54049
Data envio: 22/08/2019 13:42:01.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

1. A situación actual de bloqueo político e parálise institucional que se vive no Estado, que xa se prolonga por máis de 5 meses, está a provocar graves consecuencias no ámbito social e na actividade económica, para alén da desconfianza e o descrédito que supón para as institucións e os grupos políticos que son responsábeis deste marasmo.

Día a día observamos con estupor e con indignación como nos debates da política estatal prevalecen intereses partidistas, posicións tacticistas, propostas oportunistas e posicionamentos que teñen como obxectivo principal obter vantaxe para un posíbel escenario electoral.

Estamos pois diante dunha grave irresponsabilidade política por parte dos partidos estatais, xa que a falta de pulso e impulso institucional afecta ao día a día das persoas e pospón decisións que son urxentes nun contexto europeo e internacional cheo de incertezas e ameazas: Brexit, guerras comerciais, tensións en Oriente Medio, alerta dunha posíbel recesión económica, alarmas a respecto da crise do clima.

2. Este escenario político institucional de parálise e bloqueo é moi negativo para Galiza, desaparecida na axenda política do Estado. Un dos exemplos máis evidentes desta situación é o parón inversor derivado da prórroga dos orzamentos, que

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:42:01
Nº Rexistro: 54049
Data envio: 22/08/2019 13:42:01.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se ven engadir ás drásticas reducións de anos anteriores e á baixa execución orzamentaria dos últimos anos por parte dos principais organismos do Estado, nomeadamente o Ministerio de Fomento.

Recentemente déronse a coñecer os datos de execución orzamentaria do ano 2018, que amosan cifras preocupantes no que ten que ver co organismo con maior capacidade de investimento, o Ministerio de Fomento e dos seus organismos adscritos:

- O nivel de execución total foi do 56,8%, 458 millóns executados dos 806,7 millóns de euros iniciais

- O grao de execución dos orzamentos

- xestionados de maneira directa Ministerio de Fomento (fundamentalmente rede de estradas) foi do 67,3% (125,7 de 186,7 millóns iniciais).

- O nivel de execución de ADIF Alta Velocidad foi do 55,2% (254,9 dos 461,6 millóns iniciais)

- O nivel de execución de ADIF Convencional foi do 51,8 % (14,4 de 27,7 millóns iniciais)

- O nivel de execución de Renfe Operadora foi do 67,7% (9,9 dun total de 14,7 previstos)

- O nivel de execución de Enaire Aeropuertos foi do 54% (9,9 de 18,3 iniciais)

- O grao de execución de Puertos del Estado foi do 32,2% (29,2 de 90,9 millóns)

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:42:01
Nº Rexistro: 54049
Data envio: 22/08/2019 13:42:01.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, nas pasadas semanas deuse a coñecer un estudo sobre o grao de execución dos orzamentos xerais do Estado (OXE) no período 2015-2018, no que a execución real no caso de Galiza foi do 69,7%. Trátase dunha cifra sensibelmente inferior á media estatal, que foi do 75,3%, e a enorme distancia das comunidades máis beneficiadas: Madrid (114%), Aragón (102%) ou Castela A Mancha (83%).

Segundo este estudo realizado con datos da intervención xeral do Estado, entre 2015 e 2018 deixáronse sen executar en Galiza case 1.500 millóns de euros.

3. Esta situación de drástica redución dos investimentos, principalmente en infraestruturas, aínda se viu agravado no ano 2019 pola prórroga dos orzamentos e a situación de bloqueo institucional con un goberno en funcións desde o mes de abril. É por isto que se pode falar dun auténtico apagón inversor en Galiza, sen licitación de obra pública e sen novos proxectos de mellora das infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias.

É por iso que o BNG propón unha axenda galega en materia de infraestruturas, que permita recuperar os investimentos perdidos e activar un plan de mellora das estradas, ferrocarril, portos e aeroportos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora o goberno galego os datos de execución dos orzamentos do Ministerio de Fomento e dos seus organismos do ano 2018?

2. Que valoración lle merecen os datos de execución dos orzamentos do Estado do período 2015-2018?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:42:01
Nº Rexistro: 54049
Data envio: 22/08/2019 13:42:01.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizou o goberno galego algún estudo ao respecto?

4. Que demandas trasladou a Xunta de Galiza ao goberno central para incrementar o grao de execución orzamentaria?

5. Considera necesario o goberno galego desenvolver unha axenda galega en materia de infraestruturas para reclamar ao goberno central os investimentos pendentes?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 13:39:37

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 13:39:44

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:42:01
Nº Rexistro: 54049
Data envio: 22/08/2019 13:42:01.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 13:39:51

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 13:39:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 13:40:07

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 13:40:14

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:49
Nº Rexistro: 54058
Data envio: 22/08/2019 13:49:49.776

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

O xoves 8 de agosto de 2019 a Xunta presentou en Pantón a candidatura de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, pendurando o documento coa proposta no Portal de Transparencia da Xunta, tras ser publicado o anuncio no DOG do 9 de agosto, estando sometido a exposición pública no prazo dun mes.

A zona delimitada como proposta de reserva da Biosfera engloba os concellos que integran o Xeoparque Montañas do Courel, máis os Concellos de Triacastela e Samos (Iribio) e O Incio, así como os incluídos no BIC Ribeira Sacra máis Sarria, aínda que non se inclúe a zona do Bibei ou o Val do Navea, nin Montederramo.

O núcleo da reserva serían as Zonas de Especial Conservación xa existentes, así como o Espazo Natural de Interese Local Loio-Ruxidoira: Os Ancares-Courel (a máis extensa, que engloba parte do Iribio); Río Cabe; Canón do Sil; Monte Faro.

A inmensidade do territorio escollido (o 10,3% da superficie galega), unido ás enormes necesidades de investimentos en materia de conservación da natureza farían necesario un maior esforzo da Xunta neste sentido, que debe partir dun coñecemento real da situación. O custo económico estimado para o Plan de Xestión (450.000 € anuais) non é suficiente, dado o volume do territorio e actuacións precisas. Ademais, o que cómpre son políticas reais de conservación da natureza. Por exemplo, a figura ZEC non impediu a contaminación dos ríos Pesqueiras e Enviande, as toneladas de lixo verquidas ao Sil en pleno canón ou os parques

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:49
Nº Rexistro: 54058
Data envío: 22/08/2019 13:49:49.776

eólicos en Paradela e serra do Iribio ou a contaminación e falta de capacidade depuradora para o río Cabe.

As reservas da biosfera pretenden "conciliar e consolidar a conservación da natureza e o desenvolvemento económico e social", algo que malamente se pode acadar sen a implicación da poboación local e se continúa o desleixo das Administracións cos servizos públicos e sectores produtivos do territorio, especialmente no que ten que ver co sector agrogandeiro (o gran configurador da paisaxe) ou co ferrocarril. Sen poboación nas comarcas, pérdense os elementos singulares da paisaxe coma os socalcos tradicionais ou os prados de rega. Fronte a isto, a candidatura non desenvolve os retos socioeconómicos e demográficos aos que se enfronta a cidadanía destas comarcas; é máis, ofrece unha visión optimista do desenvolvemento acadado: "se ha apostado por una serie de iniciativas destinadas a lograr un crecimiento económico local y regional, fomentando la consolidación de empleo, mejorando la calidad de vida de las personas, favoreciendo el consumo y venta de productos locales, etc., todo ello a través de un modelo de desarrollo económico y humano sostenible". É significativo que non se mencione unha soa vez no documento o despoboamento nin o avellentamento da poboación.

A candidatura tampouco afonda nos retos medioambientais aos que se enfronta o territorio, polo que malamente se poderá responder ante eles. Pola contra, o documento afirma que "Actualmente, estas actividades son gestionadas de manera racional y sostenible y son compatibles con la conservación del medio natural, de modo que
garantizan el cumplimiento de la función de desarrollo de las Reservas de Biosfera".

A reserva da biosfera prevé un Foro de Participación, pero a participación das asociacións quedará bastante limitada (un representante de asociaciones o colectivos vinculados con el Patrimonio Cultural, un representante de asociaciones o colectivos vinculados con el Camino de Santiago, un representante de las asociaciones protectoras de en medio, un representante de asociaciones o colectivos vinculados a la juventud, un representante de los

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:49
Nº Rexistro: 54058
Data envio: 22/08/2019 13:49:49.776

colectivos o asociaciones de mujeres), ao mesmo nivel que o sector enerxetico, extractivo e industrial.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- Vai abrir un proceso amplo de participación social sobre a candidatura a reserva da biosfera Ribeira Sacra, Courel, Serra do Iribio?

- Considera suficiente 450.000 € anuais para o Plan de Xestión desta reserva da biosfera, sendo o 10,3% da superficie galega?

- Que lle parece que a proposta non mencione o avellentamento demográfico da zona entre a análise da situación?

- Considera a Xunta que se acadou no territorio da proposta de reserva da biosfera un "desenvolvemento sostible"?

- Cantas xuntanzas previas ao lanzamento da candidatura impulsou a Xunta no territorio, con que asociacións, entidades e axentes e en que Concellos? Cantas persoas e agrupacións acudiron? Cando e como se convocaron estas xuntanzas?

- Vai a Xunta tomar algunha medida de impulso do emprego na zona da candidatura a reserva da biosfera?

- Vai a Xunta defender o ferrocarril público e social no sur de Lugo?

- Que mecanismos e axudas para a produción agrogandeira ten a Xunta dirixidas á cidadanía dos concellos integrados na proposta de reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 13:49:49
Nº Rexistro: 54058
Data envio: 22/08/2019 13:49:49.776

- Considera compatible este proxecto de reserva da biosfera co parque eólico do Oribio, en plena Rede Natura?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/08/2019 13:47:03

David Rodríguez Estévez na data 22/08/2019 13:47:14

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:07:52
Nº Rexistro: 54093
Data envio: 23/08/2019 13:07:52.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás repercusións da reestruturación financeira en Galiza da última década, agravada coa finalización da adquisición por parte do Banco Santander do Banco Popular.

A reestruturación bancaria é un proceso longo e complexo que durante a última década ten desenvolvido importantes mudanzas no panorama financeiro mundial, estatal e galego. Entre os feitos máis relevantes podemos recordar a bancarización e venda das caixas galegas, a absorción do Banco Pastor por parte do Popular no 2012, refundado novamente como filial, no 2013 a absorción por parte do Sabadell do Banco Gallego ou máis preto no tempo a venda pola ridícula cantidade de 1€ do Banco Popular, o grupo que absorbera o Pastor, ao Santander no ano 2017. Iniciábase neste último caso un proceso de fusión longo que ten nestes momentos os seus últimos pasos a través do peche de oficinas e da culminación do proceso de extinción de emprego para moitos traballadores e traballadoras.

Esta sucesión de feitos, para alén do fracaso das iniciativas impulsadas desde o ámbito político e do fracaso dos organismos reguladores, supuxo un novo punto de inflexión no proceso de concentración e centralización do mercado bancario que traería numerosas consecuencias no ámbito económico e financeiro.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:07:52
Nº Rexistro: 54093
Data envio: 23/08/2019 13:07:52.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe aínda moitos galegos e galegas viven momentos de incerteza arredor de como se verán afectados e afectadas, tanto os usuarios de diversos produtos financeiros como as persoas accionistas e os propios traballadores e traballadoras do sector, por exemplo.

Para alén das consecuencias en materia de impacto no emprego, para o Bloque Nacionalista Galego, é importante non perder de vista o impacto que todo este proceso pode ter do punto de vista da rede de oficinas e da competencia. Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego volvemos insistir nesta cuestión.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como considera a Xunta de Galiza que afecta o retroceso en número e calidade de mecanismos de atención dos servizos financeiros no noso país?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:07:52
Nº Rexistro: 54093
Data envio: 23/08/2019 13:07:52.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2019 13:05:32

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2019 13:05:41

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2019 13:05:49

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2019 13:05:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2019 13:06:08

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2019 13:06:16

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:38:43
Nº Rexistro: 54102
Data envio: 23/08/2019 13:38:43.750

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN.**

Os últimos datos oficiais da enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas (EEA) do Instituto Nacional de Estatística (INE), publicados en decembro de 2017, debuxaban unha realidade na que as políticas de mobilidade de terras en Galiza non funcionan.

As hectáreas que ocupaban estas explotacións galegas en 2013 eran 918.000 e descenderon ata 863.677 en 3 anos.

Así, a superficie agrícola útil baixou nunhas 34.000 hectáreas, de 655.519 a 621.643, un 5,2% de retroceso. Esa caída de superficie agrícola utilizada é moito maior en Galicia que o descenso do 0,3% da media estatal. Neste sentido, Galicia conta co terceiro tamaño medio máis pequeno por explotación (8,35 hectáreas), pois só é inferior en Canarias (4,17) e Comunitat Valenciana (5,53). De feito, a superficie agrícola pasou en España de 24,67 hectáreas de media en 2013 a 25,06 en 2016.

Por iso, a pesar de que en Galiza o descenso do número de explotacións tamén é maior que na media estatal, as explotacións que sobreviven non absorben a base territorial abandonada polo cese doutras explotacións.

De feito Galicia perdeu un total de 3.383 explotacións entre 2013 e 2016, ao pasar de 78.377 a 74.994, unha baixada do 4,3% neste período, o que supón máis

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:38:43
Nº Rexistro: 54102
Data envio: 23/08/2019 13:38:43.750

do dobre de caída que a media estatal (-2,1%), e redúcese o tamaño medio das explotacións.

O fracaso das políticas de ordenación do territorio e de mobilidade de terras supón unha eiva enorme para Galiza a nivel económico e ambiental. A nivel económico porque se perde un recurso moi valioso e a posibilidade de que as explotacións conten con máis terra e reduzan a súa dependencia dos insumos. A nivel ambiental porque o aproveitamento dos terreos con aptitudes agronómicas para a produción de alimentos sería fundamental para a loita contra os lumes e para diminuír a emisión de gases de efecto invernadoiro causados por un modelo insostible de desprazamentos quilométricos dos alimentos.

Sendo así isto, o fracaso das políticas da Xunta de Galicia nos últimos 30 anos é máis grave. E non serve a escusa da crise económica para xustificar tanta inoperancia, xa que hai medidas fundamentais que non teñen un custe significativo nos orzamentos do Goberno galego, e que non se implementaron.

Un exemplo claro é o de que a día de hoxe Galiza non conta cun Mapa de Solos de Galiza con aptitude agronómica, elemento indispensable para que as determinacións dos PXOMs garantan a súa conservación, e para que en función da súa aptitude se destinen a usos agrarios e non a reforestación ou urbanización.

A anémica aposta polo Banco de Terras e os escasos recursos dedicados ao seu funcionamento é outro dos moitos factores que explican a realidade actual.

O anuncio dunha lei de mobilidade de terras de Galicia é o recoñecemento deste fracaso 4 anos despois da aprobación da Lei de Mellora de Estruturas Agrarias METAGA.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:38:43
Nº Rexistro: 54102
Data envio: 23/08/2019 13:38:43.750

Esta lei foi anunciada como solución para que ningunha terra agraria estivese abandonada como declarou o mesmo Presidente da Xunta de Galicia.

Demóstrase unha vez máis que a publicación no DOG dunha lei non soluciona por si mesma un problema, senón a vontade política e a dotación de esforzos e recursos para tal fin.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

1) Que factores explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego?

2) Por que considera que non se acadaron os obxectivos da METAGA?

3) Que é o que explica que a día de hoxe Galiza non conte cun mapa de solos de aptitude agronómica?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:38:43
Nº Rexistro: 54102
Data envio: 23/08/2019 13:38:43.750

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/08/2019 13:35:26

Marcos Cal Ogando na data 23/08/2019 13:35:36

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 09:56:45
Nº Rexistro: 54115
Data envio: 26/08/2019 09:56:45.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Plan Reitor de Uso e Xestión das Illas Atlánticas prevé un cupo máximo de visitantes na Illa de Ons para evitar a masificación e as súas consecuencias negativas. Esta medida parece razoábel como criterio de protección do ecosistema e ten sentido para os visitantes da illa en xeral, mais non atende de maneira xusta a situación das persoas titulares de concesións, residentes na illa e as súas familias.

A Xunta de Galiza estableceu unhas condicións para o acceso á illa a residentes con vivendas en réxime de concesión e familiares ascendentes e descendentes (deixando fóra irmáns, sobriños e demais contorna familiar) que non é respectuosa coa identidade da poboación de Ons, cos seus dereitos históricos e con costumes establecidos ao longo do tempo. Diante desta situación, xerouse un movemento de protesta por parte da veciñanza de Ons, que conta co apoio unánime de toda a corporación municipal.

O pasado 7 de maio tivo lugar un pleno extraordinario da corporación que aprobou un acordo no que consideran que os criterios establecidos pola Xunta de Galiza supoñen unha decisión arbitraria e limitativa, que non aparece recollida no PRUX. Fronte a esta decisión, demandan o libre acceso á Illa tal e como se fixo sempre. Neste sentido a corporación recoñece que foi a poboación de Ons a que construíu a cultura, a

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 09:56:45
Nº Rexistro: 54115
Data envio: 26/08/2019 09:56:45.676

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

identidade e a tradición da illa, e a garantía da súa preservación polo que se deben garantir os seus dereitos.

Por outra parte, o pleno do Concello solicita a creación e a convocatoria dunha comisión mixta coa participación da Xunta, Concello e veciñanza na que se analicen, estuden e consensúen as decisións a respecto da Illa de Ons. Nesta axenda de temas pendentes debe incluírse, ademais da solución ao problema do acceso creado pola Xunta, o dereito á propiedade por parte das persoas titulares de concesións, un plan de investimentos en materia de infraestruturas, as actuacións de rehabilitación de vivendas e espazos comúns, a mellora de servizos básicos como abastecemento de auga, enerxía e saneamento, ou a conservación e dinamización do patrimonio natural e cultural.

En lugar de abrir unha vía de diálogo coa corporación e a veciñanza, a consellaría de medio ambiente reaccionou anulando unha reunión con todos os grupos da corporación prevista para o pasado 15 de maio en Compostela.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Por que a Xunta de Galiza aprobou unhas normas de acceso a Ons por parte da veciñanza sen ter en conta os seus dereitos históricos e sen consultar ao concello de Bueu?

2. Ten previsto o goberno galego atender o acordo unánime da corporación de Bueu do pasado 7 de maio a respecto da illa de Ons?

3. Vai atender a Xunta de Galiza a petición de creación dunha comisión mixta para estudar e consensuar as actuacións e investimentos necesarios na illa de Ons?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 09:56:45
Nº Rexistro: 54115
Data envio: 26/08/2019 09:56:45.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Por que suspendeu a Directora Xeral de Patrimonio Natural a reunión prevista coa representación dos grupos da corporación?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 09:54:40

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 09:54:47

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 09:54:54

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 09:55:03

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 09:56:45
Nº Rexistro: 54115
Data envio: 26/08/2019 09:56:45.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 09:55:10

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 09:55:18

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:07:35
Nº Rexistro: 54133
Data envio: 26/08/2019 12:07:35.980

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

O proceso de concentración bancaria avanza imparable desde o inicio en 2008 da grande recesión. En Galicia, mais alá da conversión en banco da Caixa de Aforros de Galicia, a integración do Banco Pastor no Banco Popular e a absorción posterior dese polo Banco de Santander é un exemplo recente.

Este proceso vese acompañado, e á vez estimula, dunha tendencia á concentración espacial dos servizos bancarios. Desaparecen oficinas, afectando ao emprego, redúcense os servizos centrais así como as contratacións externas estruturais efectuadas polas entidades. Para ter un dato, entre 2008 e 2018 un de cada catro empregos perdidos en Europa no sector bancario estaba en España (case 100.000).

Desde a perspectiva que nos da a situación e as competencias de Xunta de Galicia preocúpanos que a redución dos servizos bancarios poida dar lugar á exclusión financeira dunha parte da poboación, menos habituada a utilizar os servizos de banca electrónica; e que tende a situarse en comarcas galegas afectadas pola regresión demográfica e cun elevado grado de avellentamento da poboación. Así como forzara a moitas familias a optar por unha única entidade financeira, ao reducir substancialmente a competencia no territorio pola captación de clientes.

O recente anuncio de Santander España de que pechará o 16 % da súa rede nos vindeiros dous meses e 10 % adicional nos dous seguintes preocúpanos. En Galicia significa eliminar un 33.7 % da súa rede antes de final de ano, reducindo o emprego en 271 persoas.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

1.ª) Ten avaliado a Xunta de Galicia as consecuencias sobre a competencia e a exclusión financeira da reestruturación lanzada por Santander España nos últimos meses de 2019?

2.ª) Ten a Xunta de Galicia establecido algún contacto coa dirección de Santander España para coñecer ese impacto?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Teresa Porritt Lueiro
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/08/2019 12:06:10

María Teresa Porritt Lueiro na data 26/08/2019 12:06:23

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 12:08:37
Nº Rexistro: 54136
Data envio: 26/08/2019 12:08:37.040

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

IG234.2016.1.3 TALLERES MECANICOS GALICIA S.L.	11/11/2016	103.241,95
IG234.2016.1.7 RIA DE LIRES, S.L.	11/11/2016	119.328,60
IG234.2016.1.1 AGROAMB PRODALT, S.L.	22/11/2016	1.820.000,00
IG234.2016.1.1 HERNANDEZ VALLEJO, FRANCISCO JESUS	22/11/2016	44.707,01
IG234.2016.1.1 SOCIEDAD GALLEGA DE CARRETILLAS,S.A.	11/11/2016	374.643,98
IG234.2016.1.2 BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L.	11/11/2016	425.413,66
IG234.2016.1.3 NO SOLO MADERA DR, SL	11/11/2016	60.626,58
IG234.2016.1.3 GOYCAR GALICIA, S.L.	22/11/2016	432.728,18
IG234.2016.1.4 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	22/11/2016	95.268,02
IG234.2016.1.4 COSTRA NOSTRA, S.L.	11/11/2016	88.340,81
IG234.2016.1.5 LOPEZ CRESPO, CARLOS	11/11/2016	99.582,80
IG234.2016.1.6 CASAS CUBE, S.L.U.	11/11/2016	595.579,15
IG234.2016.1.6 TB SPAIN INJECTION, S.L.	22/11/2016	97.991,22
IG243.2017.1.3 AUTODEON, S.L.U.	26/04/2018	150.000,00
IG243.2017.1.1 HESTIA STOVES & BIOETANOL, S.L.	27/12/2018	99.500,00
IG243.2017.1.1 ADEGAS TERRAE, S.L.	28/03/2019	43.170,00
IG243.2017.1.1 DUBRASEDA, S.L.	19/02/2019	174.210,00
IG243.2017.1.2 ALBERGUE SANTIAGO 15, S.L.	28/03/2019	0,00 (*)
IG244.2017.1.1 HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L.	27/12/2017	650.000,00
IG244.2017.1.3 CRISTALERIA PONTEVEDRESA, S.L.	25/01/2018	215.625,00
IG244.2017.1.4 ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L.	29/05/2018	642.925,64
IG244.2017.1.6 PAPELERA DE BRANDIA, S.A.	26/04/2018	487.500,00
IG244.2017.1.7 CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	29/05/2018	69.627,40
IG244.2017.1.8 MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	29/05/2018	280.000,00
IG244.2017.1.1 GREENALIA LOGISTICS S.L.U.	27/06/2018	1.000.000,00
IG244.2017.1.1 JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.	02/08/2018	468.284,34
IG244.2017.1.1 INTAF PROMECAN, S.L.U.	29/10/2018	482.300,00
IG244.2017.1.1 EQUIPOS LAGOS, S.A.	27/12/2018	86.150,62
IG244.2017.1.1 COPLEGAL,S.L.	19/02/2019	234.049,75
IG246.2017.1.2 TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, S.L.	27/12/2017	136.956,15
IG246.2017.1.4 REDEGAL, S.L.	22/02/2018	307.409,39
IG246.2017.1.8 AUDITORIA Y GESTIÓN DE CALIDAD, S.L.	27/06/2018	149.860,10
IG246.2017.1.1 LINCBIOTECH, S.L.	29/10/2018	142.785,00
IG246.2017.1.1 HÉRCULES CONTROL, S.L.	27/06/2018	156.041,21
IG246.2017.1.1 GATO SALVAJE, S.L.	27/06/2018	200.000,00
IG246.2017.1.1 TIDYANT CLOUD, S.L.	29/10/2018	0,00 (*)
IG246.2017.1.2 J.B. THOMAS SERVICIOS PUBLICITARIOS, S.L.	27/11/2018	124.640,26
IG246.2017.1.2 ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L	02/08/2018	200.000,00
IG246.2017.1.2 ENGTECH COMPOSITES LAB, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)
IG246.2017.1.3 TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.	02/05/2019	0,00 (*)

A relación anterior resume os préstamos concedidos polo IGAPE nesta lexislatura, que co0incide xustamente coa recuperación económica. Tan só 40 operacións, das que 4 están pendentes de formalizar; por importes reducidos, que só en dous casos alcanzan 1 millón de euros. En conxunto, significa

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mobilizar en tres anos tan só 10.8 millóns de euros, cun promedio por operación que non supera os 302 mil euros.

AV/0885	IRIS SOC. COOP. GALLEGA DE TRABAJO ASOCIA	31/01/2017	1.315.470,00	1.315.470,00
AV/0887	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	27/06/2018	2.124.255,69	0,00 (*
AV/0889	GRUPO INGEMAR, S.L.	05/12/2018	750.000,00	750.000,00

E esta sucinta relación recolle a instrumentación da política de avais nesta lexislatura: tres operacións das que unha está pendente de efectividade.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia que a concesión de préstamos e avais a empresas por parte do IGAPE está sendo unha ferramenta eficaz para a consolidación do tecido económico en Galicia?

2.ª) Está a Xunta de Galicia determinada a modificar esta política para facela máis eficaz?

3.ª) Considera a Xunta de Galicia que a concesión de avais a empresas por parte do IGAPE está sendo unha ferramenta eficaz para a consolidación do tecido económico en Galicia?

4.ª) Está a Xunta de Galicia determinada a modificar esta política para facela máis eficaz?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Teresa Porritt Lueiro
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/08/2019 11:58:16

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

María Teresa Porritt Lueiro na data 26/08/2019 11:58:30

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:04:05
Nº Rexistro: 54151
Data envio: 26/08/2019 13:04:05.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolvía permitiron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser condiderados bens de dominio público, a realidade é que nos anos 80 e 90 do século pasado moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa.

No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, estímase que entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos máis de 30.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

Diante desta situación, no ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:04:05
Nº Rexistro: 54151
Data envio: 26/08/2019 13:04:05.614

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como "reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo", isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Malia que o goberno do Estado conta desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, pasou máis de un ano e aínda non se fixeron públicas, sen que haxa ningunha razón que xustifique esta demora.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno do Estado en relación coas inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1998?

2. Solicitou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado a listaxe de bens inmatriculados desde 1998?

3. Unha vez que se faga pública esta listaxe, que accións prevé levar a cabo o goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 13:04:05
Nº Rexistro: 54151
Data envio: 26/08/2019 13:04:05.614

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 12:58:31

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 12:59:19

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 12:59:28

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 12:59:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 12:59:43

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 12:59:50

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 10:27:19
Nº Rexistro: 54170
Data envio: 27/08/2019 10:27:19.121

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN.

No DOG de 24 de xullo de 2019 publícase a RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2019, pola que se da publicidade da relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidos ao amparo das convocatorias realizadas no ano 2018 polo IGVS.

Dentro desas convocatorias atopábase a Norma reguladora da convocatoria da Orde de 14 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, e si procede a súa convocatoria para o ano 2018.

E na resolución facíase constar que por medio desa orde, e no ano 2018, só foron concedidas dúas axudas por un montante total de 6986 euros sobre un orzamento posible de 130.000 euros, o que significa un 5,37% do orzamentado.

No ano anterior, sendo o orzamento inicial superior, só se executou un 3,32% do orzamentado concedéndose axudas por un montante de 10.499 euros.

Os resultados do Programa de vivendas baleiras promovido pola Xunta de Galicia son un absoluto fracaso, si o obxectivo era mobilizar vivendas para alugar a prezos sociais.

Entre os 69 concellos adheridos a este programa non suman nin media vivenda por concello o que mostra a ineficacia dos plantexamentos do Goberno galego.

Mentres isto acontece, en Galiza medran os prezos dos alugueres e medran tamén os desafiuzamentos por impago de aluguer.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 10:27:19
Nº Rexistro: 54170
Data envio: 27/08/2019 10:27:19.121

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por iso, precísanse, máis que nunca, políticas efectivas na defensa do dereito a unha vivenda digna, e precísanse medidas eficientes para a creación dun parque público de vivenda que de resposta á crecente demanda de vivenda en aluguer social, e que sirva tamén como elemento regulador dos prezos do mercado libre.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1) Que balance fai dos resultados destes tres anos de Programa de Vivendas Baleiras?
2) Teñen pensado rectificar e modificar as súas políticas para a mobilización de vivendas baleiras?
3) Cal cree que debe de ser o número de vivendas do parque público de alugueiro social?
4) Como pensa dar resposta aos 10.000 demandantes do rexistro que demandan vivenda en alugueiro?
5) Que medidas creen prioritarias para garantir o dereito de todas as galegas e galegos a unha vivenda digna?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 10:27:19
Nº Rexistro: 54170
Data envio: 27/08/2019 10:27:19.121

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/08/2019 10:24:07

Marcos Cal Ogando na data 27/08/2019 10:24:20

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:05
Nº Rexistro: 54173
Data envio: 27/08/2019 11:19:05.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A historia de recente de Villar Mir e Ferroatlántica en Galiza ten feitos convulsos e importantes que poden determinar o presente e, sobre todo, o futuro dunha comarca enteira como é a da Costa da Morte para alén do futuro de postos de traballo tamén na contorna da Coruña.

Entre os feitos recentes máis relevantes, cómpre recordar que o pasado martes 4 de xuño de 2019 facíase pública a venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e xurdían as alertas do Comité de Empresa e da sociedade en xeral sobre o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

Neste mesmo sentido, non está de máis recordar o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Sorprendentemente, aínda que xa ten decidida a venda, a empresa liderada por Villar Mir ten confirmado que non vai renunciar aos recursos legais que presentou contra a resolución de Augas de Galiza. Este último extremo foi novamente confirmado ao Comité de Empresa o pasado 7 de agosto.

Durante os últimos meses diferentes indicios e informacións saídas de diferentes foros de reunión foron confirmando as peores sospeitas: estamos ante unha operación fraudulenta a través da que Villar Mir pretende levar adiante unha segregación

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:05
Nº Rexistro: 54173
Data envio: 27/08/2019 11:19:05.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encuberta das centrais coa que esquivar as cláusulas concesionais. Malia o ficticio cambio de propiedade, todo apunta a que será o conglomerado Ferroatlántica quen seguiría xestionando as fábricas da Costa da Morte de forma que continuaría sendo o provedor e comprador único como se dunha subocontrata se tratara para poder lucrarse coa explotación enerxética, poñendo en entredito o compromiso coa actividade industrial.

Neste contexto, a Xunta de Galiza decidiu pórse de lado dos intereses de venda de Villar Mir no lugar de atender os intereses sociais da Costa da Morte e, por extensión, de Galiza. Tras varias semanas de sospeitas, o 14 de agosto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria informaba verbalmente ao comité da autorización administrativa para a cancelación anticipada do arrendamento (*leasing*) que Ferroatlántica ten sobre as centrais hidroeléctricas do Xallas.

Este feito é, a xuízo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, escandaloso. Compartimos coa maioría do Comité de empresa que este pseudoproxecto (lembremos que non existe unha soa proba documental de planificación industrial por parte dos axentes implicados) de compra-venda non garante o futuro das fábricas e dos postos de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para dar preferencia ás súas débedas con Villar Mir fronte á defensa dos intereses da Costa da Morte?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:05
Nº Rexistro: 54173
Data envio: 27/08/2019 11:19:05.675

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para acceder á cancelación anticipada do arrendamento (*leasing*) que Ferroatlántica ten sobre as centrais hidroeléctricas do Xallas? Cando tomou a Xunta esa decisión política? Porque a ocultou á parte social?

Recibiu a Xunta de Galiza documentación a este respecto por parte de Ferroatlántica?

E por parte da empresa compradora?

En que consiste esa documentación?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha proposta de Plan de acción por parte das e dos traballadores? Avaliouna? Con que conclusións?

Que garantías ten a Xunta de Galiza de que serán respectadas as condicións concesionais das centrais do Xallas?

En que situación deixa este contexto á planta de Sabón?

Tivo coñecemento a Xunta de Galiza da posibilidade de venta con anterioridade ao anuncio público do 4 de xuño? En que data? Por que vía?

É coñecedora a Xunta de Galiza da posibilidade dunha operación de maquía da producción hidroeléctrica e ferroaleacións no centro de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas de Ferroatlántica? Que valoración lle merece?

Considera a Xunta de Galiza que é responsábel rebaixar o seu nivel de esixencia respecto dos feitos ocorridos no 92?

Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto da situacíón de Ferroatlántica no porto de Brens?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:05
Nº Rexistro: 54173
Data envio: 27/08/2019 11:19:05.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 11:15:55

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 11:16:03

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 11:16:10

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 11:16:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 11:16:24

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 11:19:05
Nº Rexistro: 54173
Data envio: 27/08/2019 11:19:05.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 11:16:33

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:58:04
Nº Rexistro: 54189
Data envio: 27/08/2019 12:58:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Cómpre recordar que desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao.

Finalmente, consumouse a compra por parte do Grupo Parter o pasado 21 de xullo, dando un respiro a nove longos meses de angustia e preocupación. Porén, cómpre recordar tamén que isto non significaba tampouco a reactivación inmediata da produción nestas fábricas e que continúa a inestabilidade do sistema enerxético, que debe ser transformado. Polo tanto, estes factores fan que a preocupación continúe sobre estas fábricas, sobre San Cibrao e sobre outras industrias galegas altamente dependentes da enerxía.

Desde entón, téñense dado diferentes situacións que fan crecente a preocupación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación, máis concretamente, de San Cibrao. O pasado 21 de agosto o Comité de Empresa

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:58:04
Nº Rexistro: 54189
Data envio: 27/08/2019 12:58:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denunciaba, após unha reunión co novo presidente de Alcoa no Estado Español, que a empresa mantén a parada das 32 cubas até o 23 de setembro, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés. Así mesmo, o Comité de Empresa facía públicas unha serie de esixencias á Xunta de Galiza o pasado 23 de agosto.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego os indicios sinalados polo Comité e a incapacidade do goberno en funcións para impulsar calquera mudanza no marco enerxético ou industrial deben ser motivos para que a Xunta de Galiza abandone a súa deixadez de funcións canto ás súas responsabilidades coa industria galega e actúe máis alá das declaracións electoralistas que estamos acostumadas a escoitar de cotío.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para salvagardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa San Cibrao?

Como valora o goberno galego a situación de Alcoa San Cibrao? E da industria galega por extensión?

Ten demandado o goberno galego á empresa a activación das cubas paralizadas? Ten intención de facelo?

A que tipo de "incentivos" se refería o Presidente da Xunta de Galiza cando fixo declaracións respecto da venda da antiga Alcoa Coruña? Presentará ou presentou os mesmos para a actual Alcoa San Cibrao?

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:58:04
Nº Rexistro: 54189
Data envio: 27/08/2019 12:58:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego a evolución das negociacións para unha tarifa industrial estábel? Ten coñecemento de se foron ou serán atendidas as súas reclamacións respecto deste ámbito? E concretamente no tocante á inclusión da categoría de hiperelectrointensivas?

Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega?

Considera lóxico que un país produtor como Galiza non poida ser competitivo neste ámbito? Que vai facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 12:58:04
Nº Rexistro: 54189
Data envio: 27/08/2019 12:58:04.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 12:43:58

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 12:44:06

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 12:44:14

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 12:44:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 12:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 12:44:37

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGSL0IHPpdW3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/